**Anteproxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclos inicial e final de grao medio correspondente ao título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, nos seus niveis e graos, nas súas modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, a desenvolvan.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón no seu artigo 6.4 que as Administracións educativas establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas nela, do que formarán parte os aspectos básicos sinalados en apartados anteriores do propio artigo 6. Os centros docentes desenvolverán e completarán, no seu caso, o currículo das diferentes etapas e ciclos en uso da súa autonomía tal como se recolle no capítulo II do título V da citada lei.

O Real decreto 932/2010, do 23 de xullo, establece o título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo e fixa as súas ensinanzas mínimas e os requisitos de acceso, de conformidade co Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, que regula a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial no sistema educativo, e define no artigo 5º a estrutura das ensinanzas deportivas, tomando como base as modalidades deportivas, e no seu caso especialidades, de conformidade co recoñecemento outorgado polo Consello Superior de Deportes de acordo co artigo 8 b) da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

Logo de que o Goberno fixara no Real Decreto 932/2010, o perfil profesional do título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo, as súas ensinanzas mínimas e aqueles outros aspectos da ordenación académica que constitúen os aspectos básicos do currículo, procede determinar, no ámbito de xestión da Xunta de Galicia, a ampliación e contextualización dos contidos dos módulos de ensinanza deportiva incluídos neste ciclo, respectando o perfil profesional do mesmo.

Por outra parte, os centros de ensinanzas deportivas desenvolverán os currículos establecidos neste decreto, mediante as programacións do equipo docente, que haberán de incorporar o deseño de actividades de aprendizaxe e o desenvolvemento de actuacións flexibles, que no marco da normativa que regula a organización dos centros, posibiliten adecuacións particulares do currículo en cada centro de acordo cos recursos dispoñibles, sen que en ningún caso supoña a supresión de obxectivos que afecten ao perfil profesional do ciclo.

O citado Real decreto 932/2010, do 23 de xullo, concreta no artigo 6º o perfil profesional de dito título, que inclúe a competencia xeral, as competencias profesionais, persoais e sociais, as cualificacións e as unidades de competencia do

Catalogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título e no ámbito profesional, laboral e deportivo.

As ensinanzas que regula este decreto configuráronse para dotar aos alumnos e alumnas dos coñecementos suficientes para permitirlles o exercicio competente das súas funcións. De acordo con este obxectivo xenérico, ponse o acento en acadar unha formación completa, cun equilibrio entre o carácter teórico e práctico, de maneira que o proceso de formación se vincule á realidade científico técnica e social do mergullo deportivo.

Finalmente, no desenvolvemento do presente decreto por parte dos centros educativos terase en conta o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como o disposto nos artigos 9 e 14 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

De conformidade co exposto, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, logo do ditame do Consello Escolar de Galicia, ........... o ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día .... de ..................... de dous mil doce,

**DISPOÑO:**

## CAPÍTULO I

## Obxecto e definicións previas

### Artigo 1. Obxecto.

1. Este decreto establece o currículo das ensinanzas conducentes á obtención do título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo, que será de aplicación na Comunidade Autónoma Galega.

2. De conformidade co establecido no Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, os elementos recollidos no presente decreto non constitúen unha regulación do exercicio da profesión titulada algunha.

### Artigo 2. Definicións previas.

Aos efectos do presente decreto enténdese que:

1. Son títulos de mergullador deportivo, os recoñecidos como tales pola lexislación estatal, e os seus equivalentes en cada comunidade autónoma.

2. As inmersións de mergullo deportivo son as que cumpren as seguintes condicións:

a) Son intervencións hiperbáricas que utilizan un sistema de mergullo con escafandro autónomo (SBA) e/ou un sistema semiautónomo (SBSA), respirando aire ou nitrox, ata unha presión máxima de 5 atmosferas.

b) Realízanas deportistas que teñen un título de mergullador deportivo ou están realizando as prácticas dun curso ou unha actividade de descubrimento do mergullo.

c) A súa finalidade é a aprendizaxe, a competición e a exploración, investigación, observación e conservación da natureza e a paisaxe subacuática.

3. As inmersións de mergullo técnico-deportivo son as que cumpren as seguintes condicións:

a) Son intervencións hiperbáricas consideradas de alto nivel, ben porque se superan as 5 atmosferas de presión e se utilizan outros gases diferentes ao aire e o nitrox ou ben porque se realizan en espazos sen acceso directo á superficie como covas, baixo xeo, pecios, etc.

b) Para realizalas ademais do título de mergullador deportivo é necesaria unha formación complementaria en mergullo técnico.

c) A súa finalidade é a aprendizaxe, a competición e a exploración, investigación, observación e conservación da natureza e a paisaxe subacuática.

4. Considéranse actividades de descubrimento do mergullo deportivo ou iniciación ao mergullo deportivo con escafandro autónomo aquelas inmersións que a cotío denomínanse como «bautismos» e cómpren as seguintes condicións:

a) Son a pouca profundidade e en augas confinadas ou cerca da praia.

b) Realízaas un/unha deportista que non ten título de mergullador deportivo acompañado por outro/a mergullador/a que ten, como mínimo, a certificación académica da superación do ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo.

c) A súa finalidade é o descubrimento deste deporte e en ningún caso a aprendizaxe do mesmo.

5. As actividades de condución no mergullo deportivo, consisten en:

a) A organización das inmersións dun grupo de mergulladores/as deportivos/as.

b) Velar pola seguridade dun equipo de mergulladores/as deportivos/as, durante o desenvolvemento dunha inmersión, guiándoos/as polo fondo e cumprindo o plan de inmersión previsto.

6. Os cursos de mergullo deportivo son o conxunto de actividades formativas para a tecnificación no mergullo deportivo. Os cursos de mergullo deportivo poden ser:

a) Os que conducen á obtención dun título de mergullo deportivo de nivel básico ou avanzado.

b) Os cursos de especialización de mergullo deportivo que responden á formación complementaria dos dous niveis anteriores en temas como, por exemplo, os do soporte vital básico, administración de osíxeno, inmersións nocturnas, inmersións con nitrox ou a introdución ao coñecemento da vida mariña. Nos cursos de especialidade o certificado que se expide non ten por que corresponder a un título dos que se regulan na lexislación autonómica ou estatal.

## CAPÍTULO II

## Identificación do título e organización das ensinanzas

### Artigo 3. Identificación do título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo*.*

O título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo queda identificado polos seguintes elementos:

a) Denominación: Mergullo deportivo con escafandro autónomo.

b) Nivel: Ensinanzas deportivas de grao medio.

c) Duración: 1125 horas.

d) Referente europeo: CINE-3 (Clasificación Internacional Normalizada de Educación).

### Artigo 4. Organización das ensinanzas conducentes ao título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo*.*

As ensinanzas conducentes ao título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo organízanse en dous ciclos:

a) Ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo, tendo unha duración de 525 horas.

b) Ciclo final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo, tendo unha duración de 600 horas.

**Artigo 5. Especializacións ao título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

1. O título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo terá como especializacións:

a) Mergullo en apnea.

b) Mergullo deportivo con escafandro autónomo infantil.

## CAPÍTULO III

## Perfil profesional e ámbito profesional, persoal e laboral deportivo dos ciclos

**Artigo 6. Perfil profesional dos ciclos de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

O perfil profesional do ciclo inicial e final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo queda determinado pola súa competencia xeral, as súas competencias profesionais, persoais e sociais, pola relación de cualificacións e, no seu caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título e o ámbito profesional, laboral e deportivo.

**Artigo 7. Competencia xeral do ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

A competencia xeral do ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo consiste en concretar, dinamizar e intervir en actividades de descubrimento do mergullo deportivo; concretar, organizar e dinamizar inmersións deportivas dun grupo de mergulladores/as; conducir a un equipo de mergulladores/as durante unha inmersión deportiva seguindo un perfil e itinerario previstos; todo iso conforme ás directrices establecidas na programación de referencia, en condicións de seguridade e co nivel óptimo de calidade que permita a satisfacción dos/as mergulladores/as.

**Artigo 8. Competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

As competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo son as que se relacionan a continuación:

a) Dominar as técnicas para realizar inmersións utilizando un sistema de mergullo deportivo con escafandro autónomo (SBA) e/ou un sistema semiautónomo (SBSA),

respirando aire ou nitrox, ata unha presión máxima de 5 atmosferas para acompañar a un/unha mergullador/a deportivo/a durante unha inmersión e intervir realizando o seu rescate no caso de que un incidente poña en perigo a súa vida.

b) Atender ao/á deportista durante as actividades de descubrimento e condución de mergullo deportivo, motivándoo/a e informándolle para orientalo/a e tranquilizalo/a.

c) Concretar o lugar de inmersión e o itinerario subacuático por onde se vai a realizar unha actividade de descubrimento ou de condución de mergullo deportivo, de acordo coa programación de referencia, os/as participantes e as condicións ambientais velando pola súa seguridade, a súa satisfacción e a protección do medio.

d) Establecer os equipos e parellas de mergulladores/as conforme as súas características e o grao de dificultade dunha inmersión deportiva desaconsellando a súa realización no caso de que non sexan os axeitados.

e) Elixir, preparar e supervisar a disposición e operatividade dos recursos materiais necesarios de equipamento, sinalización, transporte, comunicación e resolución de emerxencias na realización dunha inmersión deportiva ata 5 atmosferas de presión conforme ás indicacións que estipula o programa de referencia, para que se realice dentro das marxes de seguridade e cumpríndose a lexislación vixente.

f) Realizar a carga de botellas dos equipos autónomos de mergullo seguindo os protocolos de funcionamento dunha instalación de carga e cumprindo as medidas de seguridade establecidas.

g) Supervisar a organización e desenvolvemento da inmersión dun grupo de mergulladores/as deportivos/as que se somerxen ata unha presión de 5 atmosferas, solucionando as continxencias existentes, para conseguir unha participación e satisfacción dos/as mergulladores/as conforme aos obxectivos propostos na programación de referencia.

h) Guiar a un equipo de mergulladores/as deportivos/as baixo a auga en inmersións ata 5 atmosferas de presión seguindo un itinerario previsto, respectando o medio e identificando as situacións que poñen en perigo a súa seguridade para acudir na súa axuda se fora necesario realizar o rescate.

i) Colaborar e intervir na organización de actividades de descubrimento de mergullo deportivo co obxecto de captar, adherir e fidelizar ao/á deportista na práctica do mergullo deportivo con escafandro autónomo.

j) Supervisar que o/a deportista progresa con tranquilidade durante o desenvolvemento dunha actividade de descubrimento, vixiando a súa flotabilidade, ritmo respiratorio e reserva de aire, comprobando que os parámetros da inmersión estean dentro das marxes previstas, respectando o medio e identificando as

situacións que reducen a súa comodidade ao poñer en perigo a súa seguridade para corrixilas e se fora necesario realizar o rescate.

k) Coordinar a mobilización dos recursos humanos e materiais para resolver unha situación de emerxencia durante o desenvolvemento dunha actividade de descubrimento ou de condución de mergullo deportivo seguindo os protocolos previstos e, se é necesario, poñendo en marcha o plan de evacuación e alertando aos servizos médicos e de urxencias.

l) Asistir como primeiro/a interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.

m) Atender as suxestións dun grupo de mergulladores/as que participan nunha actividade de descubrimento ou condución, aplicando as técnicas de relacións públicas establecidas na programación de referencia en cada situación e tipo de usuario/a, para satisfacer as súas expectativas e reclamacións.

n) Transmitir a través do comportamento ético persoal valores vinculados ao respecto aos demais, á conservación do medio e ao respecto e coidado do propio corpo.

o) Manter o espírito de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no ámbito do seu labor como persoal técnico deportivo.

p) Manter a iniciativa e autonomía dentro do traballo en equipo para o desempeño das súas funcións.

q) Analizar as actividades de descubrimento e condución no mergullo deportivo, recollendo e procesando a información necesaria para medir o grao de satisfacción do/a deportista e os niveis de seguridade para establecer medidas de axuste e mellora.

**Artigo 9. Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais do ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

O ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo inclúe a cualificación completa de condución subacuática e iniciación en mergullo deportivo DFA_505_2 que comprende as seguintes unidades de competencia:

a) UC0272_2: Asistir como primeiro/a interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.

b) UA_7013_2: Realizar intervencións hiperbáricas utilizando un sistema de mergullo deportivo con escafandro autónomo (SBA) e/ou un sistema semiautónomo (SBSA), respirando aire ou nitrox ata unha presión máxima de 5 atmosferas.

c) UA_7014_2: Intervir na organización, velar pola seguridade e concretar itinerarios subacuáticos en operacións de mergullo deportivo.

d) UA_7015_2: Conducir a un equipo de mergulladores/as deportivos/as durante unha intervención hiperbárica ata 5 atmosferas.

**Artigo 10. Ámbito profesional, laboral e deportivo do ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

1. Desenvolve a súa actividade profesional tanto no ámbito público, xa sexa na Comunidade Autónoma de Galicia, Administración Xeral do Estado, as administracións autonómicas ou locais, como en entidades de carácter privado, xa sexan grandes, medianas ou pequenas empresas, en padroados deportivos, entidades deportivas municipais, federacións e clubs deportivos e sociais, centros turísticos ou escolas de mergullo, centros educativos, empresas de servizos de actividades extraescolares, que ofrezan bautismos de mergullo e excursións para realizar inmersións ata 5 atmosferas de presión.

2. As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para estes/as profesionais son as seguintes:

a) Guía en inmersións de mergullo deportivo.

b) Monitor/a de «bautismos» de mergullo.

c) Mergullador/a de apoio e seguridade en cursos de formación de mergulladores/as e en competicións de deportes subacuáticos.

d) Auxiliar de coordinación de actividades en clubs e centros de mergullo.

**Artigo 11. Competencia xeral do ciclo final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

A competencia xeral do ciclo final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo consiste en organizar, adaptar, dirixir e impartir cursos para a obtención de titulacións de mergullador deportivo en augas abertas ata 5 atmosferas de presión dos niveis básico, avanzado e de especialización; organizar actividades de descubrimento de mergullo deportivo; xestionar os recursos materiais necesarios e coordinar as actividades do persoal técnico ao seu cargo, conforme ás directrices establecidas na programación xeral de referencia, en condicións de seguridade e co nivel óptimo de calidade que permita a satisfacción dos/as deportistas na actividade.

**Artigo 12. Competencias profesionais, persoais e sociais propias do sistema deportivo do ciclo final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

As competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo son as que se relacionan a continuación:

a) Analizar as condicións e características iniciais dos/as deportistas que van participar como alumnos/as nun curso de mergullo deportivo, para comprobar a súa aptitude e realizar as adaptacións necesarias.

b) Adaptar e concretar o programa operativo dun curso de mergullo deportivo tendo en conta a programación xeral de referencia, indicando o número de sesións, os contidos e a súa distribución temporal para obter o maior grao de eficacia cos medios humanos e materiais dispoñibles.

c) Adaptar e concretar os obxectivos, contidos, metodoloxía e actividades das sesións teóricas e prácticas dun curso de mergullo deportivo, a partir do programa operativo, das características do grupo e da evolución dos seus compoñentes para cubrir os obxectivos propostos, garantindo a seguridade dos/as alumnos/as.

d) Impartir unha sesión de aprendizaxe teórica ou práctica dun curso de mergullo deportivo para acadar que os/as alumnos/as alcancen os obxectivos previstos, cumprindo as normas de seguridade  de conservación do medio.

e) Establecer os protocolos de actuación en caso de emerxencia e o plan de evacuación tanto das sesións teóricas como prácticas dos cursos de mergullo deportivo, tendo en conta o número de alumnos/as e as características das instalacións e das zonas de inmersión, para actuar en caso de accidente.

f) Determinar e supervisar a operatividade dos recursos humanos e materiais que se necesitan para a realización dun curso de mergullo deportivo tendo en conta o programa operativo, o número de alumnos/as participantes e as súas características.

g) Organizar actividades de descubrimento e de cursos de mergullo deportivo, xestionando a dispoñibilidade dos medios necesarios para que se cumpra o programa previsto.

h) Coordinar aos/ás instrutores/as e guías que participan nos cursos de mergullo deportivo informándolles e orientándolles sobre as súas funcións para que colaboren na realización do programa e atendendo con interese as súas iniciativas e propostas co fin de dinamizar e favorecer as relacións entre dito persoal técnico.

i) Realizar o seguimento dos resultados obtidos, a avaliación final dos/as alumnos/as e a eficacia do programa operativo dun curso de mergullo deportivo, estimando se superaron a avaliación dos obxectivos mínimos, o seu grao de satisfacción e a calidade do servizo.

j) Certificar a superación dos niveis esixibles de acordo coa normativa vixente para a obtención da titulación de mergullador deportivo.

k) Transmitir a través do comportamento ético persoal valores vinculados ao respecto aos demais, á conservación do medio e ao respecto e coidado do propio corpo.

l) Manter o espírito de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no ámbito do seu labor como persoal técnico deportivo.

m) Manter a iniciativa e autonomía dentro do traballo en equipo para o desempeño das súas funcións.

n) Dinamizar aos/ás alumnos/as dun curso de mergullo deportivo creando un ambiente participativo, cómodo, cordial e distendido que favoreza a súa aprendizaxe.

**Artigo 13. Ámbito profesional, laboral e deportivo do ciclo final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

1. Desenvolve a súa actividade profesional tanto no ámbito público, xa sexa na Administración Xeral do Estado, as administracións autonómicas ou locais, como en entidades de carácter privado, xa sexan grandes, medianas ou pequenas empresas, en padroados deportivos, entidades deportivas municipais, federacións e clubs deportivos e sociais, centros turísticos ou escolas de mergullo, centros educativos, empresas de servizos de actividades extraescolares, que ofrezan bautismos de mergullo, cursos para a obtención de títulos de mergullador deportivo e excursións para realizar inmersións ata 5 atmosferas de presión.

2. As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para estes/as profesionais son as seguintes:

a) Instrutor/a de mergullo.

b) Coordinador/a de actividades de centro turístico de mergullo.

c) Xefe/a de estudos de escola de mergullo.

## CAPÍTULO IV

### Estrutura das ensinanzas de cada un dos ciclos de ensinanza deportiva conducentes ao título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo.

**Artigo 14. Estrutura dos ciclos inicial e final de grao medio de mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

1. O ciclo inicial e final de grao medio de mergullo deportivo con escafandro autónomo estrutúrase en módulos, agrupados en bloque común e bloque específico.

2. Os módulos de ensinanza deportiva do ciclo inicial de grao medio de mergullo deportivo con escafandro autónomo son os que a continuación se relacionan:

a) Módulos do bloque común:

MED-C101- Bases do comportamento deportivo.

MED-C102- Primeiros auxilios.

MED-C103- Actividade física adaptada e minusvalidez.

MED-C104- Organización deportiva.

b) Módulos do bloque específico:

MED-ASBD102- Ámbito natural do mergullo deportivo.

MED-ASBD103- Organización de actividades de descubrimento e condución de mergullo deportivo.

MED-ASBD104- Condución subacuática.

MED-ASBD105- Formación práctica.

3. Os módulos de ensinanza deportiva do ciclo final de grao medio de mergullo deportivo con escafandro autónomo son os que a continuación se relacionan:

a) Módulos do bloque común:

MED-C201- Bases da aprendizaxe deportiva.

MED-C202- Bases do adestramento deportivo.

MED-C203- Deporte adaptado e minusvalidez.

MED-C204- Organización e lexislación deportiva.

MED-C205- Xénero e deporte.

b) Módulos do bloque específico:

MED-ASBD201- Escola de mergullo deportivo.

MED-ASBD202- Programación da formación no mergullo deportivo.

MED-ASBD203- Instrución no nivel básico de mergullo deportivo.

MED-ASBD204- Instrución no nivel avanzado de mergullo deportivo.

MED-ASBD205- Seguridade nos cursos de mergullo deportivo.

MED-ASBD206- Preparación física do/a mergullador/a deportivo/a.

MED-ASBD207- Formación práctica.

4. A distribución horaria das ensinanzas mínimas dos ciclos inicial e final de mergullo deportivo con escafandro autónomo establécese no anexo I.

5. Os obxectivos xerais e os módulos de ensinanza deportiva dos ciclos inicial e final de grao medio de mergullo deportivo con escafandro autónomo quedan desenvolvidos nos anexos II e III do presente decreto.

**Artigo 15. Ratio profesorado/alumnado.**

1. Para impartir os módulos do bloque común e os contidos relacionados cos resultados de aprendizaxe de carácter conceptual dos módulos do bloque específico, dos ciclos inicial e final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo, a relación profesorado/ alumnado será de 1/30.

2. Para impartir os contidos relacionados cos resultados de aprendizaxe de carácter procedimental dos módulos do bloque específico dos ciclos inicial e final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo, a relación profesorado/ alumnado será a recollida no anexo IV.

**Artigo 16. Módulo de formación práctica.**

Para iniciar os módulos de formación práctica dos ciclos inicial e final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo, cómpre superar con anterioridade os módulos de ensinanza deportiva que se establecen no anexo V.

**Artigo 17. Determinación do currículo.**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establecerá o currículo correspondente respectando o establecido no Real decreto 932/2010, do 23 de xullo, e de acordo co disposto no artigo 16 do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.

**Artigo 18. Espazos e equipamentos deportivos.**

Os espazos e equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas dos ciclos de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo son os establecidos no anexo VI A e VI B.

## CAPÍTULO V

## Acceso a cada un dos ciclos

**Artigo 19. Requisitos xerais de acceso aos ciclos inicial e final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

1. Para acceder ao ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo cómpre ter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente a efectos académicos ou de acceso.

2. Para acceder ao ciclo final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo cómpre acreditar ter superado o ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo.

**Artigo 20. Requisitos de acceso ao ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo para persoas sen o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.**

Poderase acceder ás ensinanzas do ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo, sen o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, sempre que o/a aspirante reúna os requisitos específicos establecidos, acredite os méritos deportivos que se establezan no presente decreto, e ademais cumpra as condicións de idade e supere a proba correspondente conforme o artigo 31.1.a) do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.

**Artigo 21. Requisito de acceso específico ao ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

1. Para acceder ao ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo cumprirá superar a proba de carácter específico que se establece no anexo VII.

2. Os/as participantes na proba de carácter específico deberán acreditar o título de aptitude de mergullador/a de primeira clase, de acordo ao establecido polo Decreto 2055/1969, do 25 de setembro, ou certificacións declaradas equivalentes por calquera das comunidades autónomas que teñan transferida a competencia na expedición de títulos de mergullo deportivo.

3. A proba de carácter específico do ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo acredita a competencia profesional de «Dominar as técnicas para realizar inmersións utilizando un sistema de mergullo deportivo con escafandro autónomo (SBA) e/ou un sistema semiautónomo (SBSA), respirando aire ou nitrox, ata unha presión máxima de 5 atmosferas para acompañar a un mergullador/a deportivo/a durante unha inmersión e intervir realizando o seu rescate no caso de que un incidente poña en perigo a súa vida», recollida no artigo 8 do

presente decreto, e que no título se lle asigna unha carga horaria de formación de 240 horas sobre a duración total do citado ciclo inicial,

4. Para a superación das probas de carácter específico será necesaria a avaliación positiva na totalidade dos criterios de avaliación descritos nas mesmas.

**Artigo 22. Efectos e vixencia das probas de carácter específico.**

1. A superación da proba de carácter específico, que se establece para o acceso ao ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo terá efectos en todo o territorio nacional.

2. A superación das probas de carácter específico, que se establecen no anexo VII, terán unha vixencia de 18 meses, contados a partir da data de finalización daquelas.

**Artigo 23. Exención da superación da proba de carácter específico aos/as deportistas de alto nivel e alto rendemento.**

Estarán exentos/as de superar a proba de carácter específico que se establece para ter acceso ao ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo aqueles/as deportistas que acrediten:

a) A condición de deportista de alto nivel na modalidade de mergullo deportivo con escafandro autónomo nas condicións que establece o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento.

b) A cualificación de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade de mergullo deportivo con escafandro autónomo, establecida pola Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos/as deportistas galegos/as de alto nivel.

c) Aqueles/as que estean en posesión do certificado federativo de mergullador/a tres estrelas, expedido pola Federación Española de Actividades Subacuáticas.

**Artigo 24. Requisitos de acceso de persoas que acrediten minusvalideces.**

As persoas con minusvalidez poderán acceder ás ensinanzas destes ciclos conforme a disposición adicional terceira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo cal se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, sendo obrigación das administracións competentes levar a cabo os axustes razoables para que este acceso non comporte restricións inxustificadas contrarias ao principio de igualdade de oportunidades.

**Artigo 25. Composición e perfil do tribunal da proba de carácter específico.**

1. O tribunal será nomeado polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia. Deberá estar formado por un mínimo de tres avaliadores/as.

2. Os/as avaliadores/as das probas de carácter específico deberán acreditar, polo menos, a titulación de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo.

**Artigo 26. Funcións do tribunal avaliador da proba de carácter específico.**

1. O tribunal da proba de carácter específico terá, entre outras, as seguintes funcións:

a) O desenvolvemento da proba de carácter específico de acordo ao especificado no anexo VII.

b) Garantir o correcto desenvolvemento das probas de carácter específico, comprobando que os obxectivos, os contidos e a avaliación dos exercicios que compoñen as probas atéñense ao establecido na descrición das mesmas.

c) Os/as avaliadores/as realizarán a valoración das actuacións dos/as aspirantes de conformidade co establecido nos criterios de avaliación dos resultados de aprendizaxe da proba de carácter específico.

d) A avaliación final dos/as aspirantes.

2. O tribunal, como órgano colexiado, rexerase polo establecido no título II, capítulo II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. No caso de que algún/algunha dos/as aspirantes acredite algún tipo de minusvalidez, o tribunal actuará de acordo co disposto na disposición adicional terceira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro.

## CAPÍTULO VI

## Profesorado

**Artigo 27. Os requisitos de titulación do profesorado en centros públicos.**

Os requisitos da titulación do profesorado en centros públicos determinarase en función do bloque de ensinanza deportiva no que impartan a docencia:

1. A docencia dos módulos do bloque común que constitúen as ensinanzas deportivas dos ciclos de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo, corresponde ao profesorado dos corpos de catedrático e profesores de ensinanza secundaria, segundo proceda, das especialidades establecidas no anexo VIII.

2. A docencia dos módulos do bloque específico que constitúen as ensinanzas deportivas dos ciclos de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo, está especificada no anexo IX A, e corresponde a:

a) Profesores/as especialistas que posúan o título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo, ou aqueles/as non titulados/as que acrediten a experiencia no ámbito laboral e deportivo, ou a experiencia docente, detallada no anexo IX B.

b) Profesores/as da especialidade de educación física dos corpos de catedráticos e profesores de ensinanza secundaria e que posúan o título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo.

**Artigo 28. Os requisitos de titulación do profesorado en centros privados e públicos non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.**

As titulacións requiridas para a impartición dos módulos tanto do bloque común, como do bloque específico que forman os ciclos de ensinanza deportiva de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo, para o profesorado dos centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas, concrétanse no anexo X do presente decreto.

## CAPÍTULO VII

## Vinculación a outros estudos

**Artigo 29. Acceso a outros estudos.**

O título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo permitirá o acceso directo a todas as modalidades do bacharelato.

**Artigo 30. Validación destas ensinanzas.**

1. A validación do bloque común destas ensinanzas cos títulos de licenciado en ciencias da actividade física e o deporte, diplomado en educación física e licenciado en educación física, mestre especialista en educación física, técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas e o de técnico en condución de actividades físico-deportivas no medio natural, realizarase de acordo co artigo 30 do Real decreto 932/2010, do 31 de agosto.

2. A correspondencia dos módulos de ensinanza deportiva que forman o presente título coas unidades de competencia para a súa acreditación queda determinada no anexo XI A.

3. A correspondencia das unidades de competencia cos módulos de ensinanza deportiva que forman o presente título para a súa validación ou exención queda determinada no anexo XI B.

4. Serán obxecto de validación os módulos comúns e específicos da ensinanza deportiva coa mesma denominación e código.

5. A superación da totalidade dos módulos do bloque común do 1º ou 2º nivel, en calquera das modalidades ou especialidades deportivas dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación xeral do sistema educativo, validarase pola totalidade dos módulos do bloque común do correspondente ciclo inicial ou final de ensinanza deportiva en mergullo deportivo con escafandro autónomo. A superación da totalidade dos módulos do bloque común dos ciclos inicial e final dos títulos de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo, validarase pola totalidade dos módulos do bloque común, do correspondente nivel, dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación xeral do sistema educativo.

**Artigo 31. Exención do módulo de formación práctica.**

1. Poderá ser obxecto de exención total ou parcial o módulo de formación práctica do ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo, en función da súa correspondencia coa experiencia no ámbito deportivo ou laboral, detallada no anexo XII.

2. Así mesmo, poderá ser obxecto de exención total ou parcial o módulo de formación práctica do ciclo final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo, en función da súa correspondencia coa experiencia no ámbito deportivo ou laboral, detallada no anexo XII.

**Artigo 32. Correspondencia formativa dos módulos de ensinanza deportiva coa experiencia docente.**

A correspondencia formativa entre os módulos de ensinanza deportiva dos ciclos inicial e final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo e a experiencia docente acreditable das formacións anteriores de adestradores/as deportivos/as aos/ás que se refire a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, e as formacións de adestradores/as as que se refire a disposición transitoria primeira do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, establecese no anexo XIII.

**Disposición adicional primeira. Referencia do título no marco europeo.**

Unha vez establecido o marco nacional de cualificacións, de acordo coas recomendacións europeas, determinarase o nivel correspondente destas titulacións no marco nacional e o seu equivalente europeo.

**Disposición adicional segunda. Oferta a distancia dos módulos de ensinanza deportiva dos presentes títulos.**

Os módulos de ensinanza deportiva que se establecen no anexo XIV, poderán ofertarse a distancia, sempre que se garanta que o/a alumno/a pode conseguir os resultados de aprendizaxe dos mesmos, de acordo co disposto no presente decreto. Para iso, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no ámbito das súas respectivas competencias, adoptarán as medidas que estime necesarias e ditará as instrucións precisas.

**Disposición adicional terceira. Clave identificativa dos certificados de superación do ciclo inicial.**

A clave identificativa dos certificados oficiais acreditativos da superación do ciclo inicial de grao medio de mergullo deportivo con escafandro autónomo á que fai referencia o artigo 15.4 do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, incluirá:

a) Certificación académica oficial: CA.

b) Díxito da comunidade autónoma: De acordo ao establecido no anexo IV da Orde ECD/454/2002, do 22 de febreiro, pola que se establecen os elementos básicos dos informes de avaliación das ensinanzas conducentes á obtención de titulacións de técnicos deportivos reguladas polo Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son necesarios para garantir a mobilidade dos/as alumnos/as.

c) Díxitos de modalidade deportiva: ASBD.

**Disposición adicional cuarta. Efectos dos títulos de mergullador monitor e mergullador instrutor expedidos de acordo co disposto no Decreto 2055/1969, do 25 de setembro, polo que se regula o exercicio das actividades subacuáticas.**

1. Os títulos de mergullador monitor e mergullador instrutor, establecidos polo Decreto 2055/1969, do 25 de setembro, polo que se regula o exercicio de actividades subacuáticas, ou aqueles equivalentes expedidos polas comunidades autónomas no exercicio das súas competencias, poderán ser obxecto de homologación, validación e equivalencia a efectos profesionais, sempre que os títulos foran expedidos antes do 1 de setembro do ano 2011 establecido para a implantación do título, na disposición derradeira segunda.

2. Aos efectos da homologación, validación e equivalencia profesional, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, poderán acreditar a formación ante o Consello Superior de Deportes, dentro dun prazo de noventa días naturais contados desde o día seguinte á data límite establecida no punto anterior.

3. A determinación dos criterios que se aplicarán á modalidade de mergullo deportivo, e a tramitación e resolución dos expedientes individuais, levaranse a cabo de conformidade co procedemento legalmente establecido para as ensinanzas deportivas de réxime especial.

**Disposición adicional quinta. Efectos do recoñecemento do dereito aos títulos de mergullador monitor e mergullador instrutor realizado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.**

O recoñecemento do dereito á obtención dos títulos de mergullador monitor e mergullador instrutor pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, poderá ser obxecto de homologación, validación e equivalencia a efectos profesionais, coas ensinanzas reguladas no presente decreto.

**Disposición transitoria primeira. Extinción da formación do período transitorio en mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

1. De acordo co establecido no apartado 1 da disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, extinguirase o período transitorio en mergullo deportivo con escafandro autónomo regulado na Orde ECD/3310/2002, do 16 de decembro, polo que se regulan os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos da formación en materia deportiva, aos que se refire a disposición transitoria primeira do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, durante o curso académico establecido na disposición derradeira segunda do presente decreto.

2. Os órganos competentes en materia de deportes, ou no seu caso de formación deportiva establecerán o procedemento adecuado co fin de as persoas que iniciaran formacións reguladas na mencionada Orden ECD/3310/2002, do 16 de decembro, en mergullo deportivo con escafandro autónomo poidan completala ata o seu segundo nivel, durante os dous cursos académicos seguintes ao da implantación.

**Disposición transitoria segunda. Recoñecemento das formacións deportivas e prazo para solicitar a homologación, validación e equivalencia das formacións ás que se refiren a disposición adicional quinta, a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, e a disposición transitoria primeira do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, na modalidade de mergullo deportivo con escafandro autónomo.**

1. O recoñecemento das formacións deportivas ás que se refire a disposición adicional quinta do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, levadas a cabo na modalidade de mergullo deportivo con escafandro autónomo polos órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia, as federacións deportivas da modalidade mencionada, poderá solicitarse ante o Consello Superior Deportes polos órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia e pola Federación Española de Actividades Subacuáticas, dentro dos sesenta días naturais seguintes á entrada en vigor do presente decreto, conforme ao que se dispón na Orde do 30 de

xullo de 1999 (BOE do 12 de agosto), pola que se regula o procedemento para o recoñecemento das formacións de adestradores/as deportivos/as e a disposición adicional quinta do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro.

Corresponderá ao Consello Superior de Deportes (CSD), a instrución do procedemento e, no prazo máximo de seis meses contados a partir da data de entrada no rexistro do CSD da solicitude do recoñecemento a proposta do citado organismo, o/a Secretario/a de Estado–Presidente/a do Consello Superior de Deportes ditará e notificará a oportuna resolución cuxa parte dispositiva publicarase no «Boletín Oficial do Estado».

2. O procedemento de recoñecemento das formacións ás que se refiren a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, e a disposición transitoria primeira do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, na modalidade de mergullo deportivo con escafandro autónomo, efectuarase en canto á solicitude e a documentación, os prazos de emenda, as prácticas de dilixencias e o trámite de audiencia, conforme ao previsto na xa citada Orde do 30 de xullo de 1999. O recoñecemento iniciarase a instancia do órgano competente en materia de deporte ou, no seu caso, competente en materia de formación deportiva, da Comunidade Autónoma de Galicia.

O prazo de presentación das solicitudes de recoñecemento de formacións deportivas ás que se refire este apartado e que finalizaran antes da publicación do presente decreto, será de 90 días naturais a partir de súa entrada en vigor. Para as formacións realizadas durante o período de extinción marcado na disposición transitoria primeira, o prazo de presentación será de 90 días naturais a partir de la finalización prazo de extinción establecido na disposición transitoria primeira.

Corresponderá ao Consello Superior de Deportes, a instrución do procedemento e, no prazo máximo de tres meses contados a partir de súa iniciación, a proposto do citado organismo, o/a Secretario/a de Estado-Presidente/a do Consello Superior de Deportes, ditará e notificará a oportuna resolución cuxa parte dispositiva se publicará no «Boletín Oficial do Estado».

3. As solicitudes de homologación, validación e equivalencia a efectos profesionais, das formacións de adestradores/as ás que se refire a disposición adicional quinta do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, poderanse formular individualmente polos interesados/as, para a modalidade de mergullo deportivo con escafandro autónomo, dentro do prazo de 10 anos que empezará a contar desde o día seguinte ao da publicación no «Boletín Oficial do Estado» dos criterios comúns da modalidade, segundo se establece no apartado 2 desta disposición adicional. A resolución do procedemento notificarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da solicitude.

4. Se nos procedementos regulados por este decreto non recaera resolución expresa nos prazos sinalados en cada caso, entenderase desestimada de acordo co disposto na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de

decembro, de Medidas fiscais, administrativas e de orde social, e da Lei 30 /1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Disposición transitoria terceira. Perfil dos/as avaliadores/as das probas de carácter específico.**

Ata o momento da publicación no Boletín Oficial do Estado dos criterios comúns da modalidade de mergullo deportivo con escafandro autónomo a efectos de homologación, validación e equivalencia profesional, segundo se establece no apartado 2 da disposición adicional quinta do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, poderán ser avaliadores/as das probas de carácter específico aqueles/as que estiveran en disposición de homologar ou tramitar a equivalencia profesional a técnico/a deportivo/a en mergullo deportivo con escafandro autónomo, desde formacións ás que se refire a disposición adicional quinta do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, e da disposición transitoria primeira dos Reais decretos 1913/1997, do 19 de decembro e 1363/2007, do 24 de outubro.

**Disposición derrogatoria única. Derrogación de normas.**

Quedan derrogadas todas e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto.

**Disposición derradeira primeira. Referencia do título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.**

No momento da publicación no «Boletín Oficial do Estado», das correspondentes cualificacións profesionais da modalidade de actividades subacuáticas incluídas no título obxecto do presente decreto, será de aplicación, en relación coas cualificacións e, no seu caso unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, o disposto nos artigos 6, 9 e os apartados 2 e 3 do artigo 30 do presente decreto, sempre e cando as unidades de competencia manteñan o seu nivel.

**Disposición derradeira segunda. Implantación dos títulos.**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá implantar, de forma progresiva ciclo a ciclo, o novo currículo destas ensinanzas durante o curso escolar 2012-2013.

**Disposición derradeira terceira.** Facúltase a persoa titular competente en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación do que se establece neste decreto.

**Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.**

XUNTA DE GALICIA

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,     de              de 2012

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

## Anexo I

## Distribución horaria

### Ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo

| | Carga horaria | |
|---|---|---|
| Proba RAE-ASBD101, de caracter específico para o acceso ás ensinanzas de ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo | **240 h** | |
| | **Carga horaria** | |
| **Bloque común** | Teóricas | Prácticas |
| MED-C101: Bases do comportamento deportivo | 15 h | 5 h |
| MED-C102: Primeiros auxilios | 20 h | 10 h |
| MED-C103: Actividade física adaptada e minusvalidez | 5 h | -- |
| MED-C104: Organización deportiva | 5 h | -- |
| **Total** | **60 h** | |
| **Bloque específico** | Teóricas | Prácticas |
| MED-ASBD102: Ámbito natural do mergullo deportivo | 10 h | -- |
| MED-ASBD103: Organización de actividades de descubrimento e condución de mergullo deportivo | 15 h | 15 h |
| MED-ASBD104: Condución subacuática | 15 h | 20 h |
| MED-ASBD105: Formación práctica | 150 h | |
| **Total** | **225 h** | |
| **Total ciclo inicial (RAE-ASBD101+BC+BE)** | 525 h | |

Ciclo final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo

| | Carga horaria | |
|---|---|---|
| **Bloque común** | Teóricas | Prácticas |
| MED-C201: Bases da aprendizaxe deportiva | 40 h | 5 h |
| MED-C202: Bases do adestramento deportivo | 55 h | 10 h |
| MED-C203: Deporte adaptado e minusvalidez | 20 h | -- |
| MED-C204: Organización e lexislación deportiva | 20 h | -- |
| MED-C205: Xénero e deporte | 10 h | -- |
| **Total** | **160 h** | |
| **Bloque específico** | Teóricas | Prácticas |
| MED-ASBD201: Escola de mergullo deportivo | 20 h | - |
| MED-ASBD202: Programación da formación no mergullo deportivo | 20 h | - |
| MED-ASBD203: Instrución no nivel básico de mergullo deportivo | 20 h | 50 h |
| MED-ASBD204: Instrución no nivel avanzado de mergullo deportivo | 25 h | 55 h |

| | | |
|---|---|---|
| MED-ASBD205: Seguridade nos cursos de mergullo deportivo | 10 h | 20 h |
| MED-ASBD206: Preparación física do mergullador/a deportivo/a | 5 h | 15 h |
| MED- ASBD207: Formación práctica | 200 h. | |
| **Total** | **440 h** | |
| **Total ciclo final (BC+BE)** | 600 h | |

## Anexo II

## Obxectivos xerais e módulos de ensinanza deportiva do ciclo inicial de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo

### Obxectivos xerais

a) Aplicar as técnicas propias dunha inmersión na que se utilice un sistema de mergullo deportivo con escafandro autónomo (SBA) e/ou un sistema semiautónomo (SBSA), respirando aire ou nitrox, a unha presión máxima de 5 atmosferas coa seguridade suficiente para acompañar a un/unha mergullador/a deportivo/a e rescatalo/a en caso de emerxencia.

b) Establecer e transmitir a información sobre a actividade de descubrimento ou condución en mergullo deportivo aplicando procedementos establecidos para motivar, orientar e tranquilizar aos/ás participantes.

c) Elixir e xustificar o lugar de inmersión, o itinerario subacuático, a súa duración e as medidas de protección do medio, utilizando criterios baseados na información sobre as características dos/as participantes e as condicións ambientais para concretar a programación de referencia dunha actividade de descubrimento ou de condución de mergullo deportivo.

d) Analizar o grao de formación e experiencia dos/as mergulladores/as que participan nunha actividade de condución, extraendo a información da documentación que presentan os/as mergulladores/as e doutras observacións para establecer os equipos e parellas ou desaconsellar a inmersión no caso de que non sexan os axeitados para o seu grao de dificultade.

e) Seleccionar e comprobar os recursos materiais de equipamento, sinalización, transporte, comunicación e resolución de emerxencias necesarios para a realización dunha inmersión de mergullo deportivo aplicando os procedementos e normas establecidos na programación de referencia e operando cos instrumentos de control para que estean dispoñibles e funcionen.

f) Describir e facer funcionar unha instalación de carga de botellas, aplicando técnicas de control e mantemento establecidas para realizar unha carga segura das botellas dos equipos autónomos de mergullo.

g) Analizar e interpretar a programación de referencia dunha actividade de condución en mergullo deportivo, elixindo e deseñando tarefas para supervisar e intervir na organización deste tipo de actividades.

h) Elixir e demostrar as técnicas de condución baixo a auga nunha inmersión de mergullo deportivo, seguindo un itinerario previsto, cumprindo as normas de

seguridade e de protección do medio e resolvendo supostas continxencias para que saian da auga todos/as os/as mergulladores/as ilesos/as e satisfeitos/as.

i) Analizar e interpretar a programación de referencia dunha actividade de descubrimento en mergullo deportivo, enumerando os medios humanos e materiais necesarios e establecendo tarefas para organizar este tipo de actividades.

j) Aplicar as técnicas de control no progreso dun/dunha participante nunha actividade de descubrimento de mergullo deportivo, seguindo os procedementos establecidos, realizando as observacións do estado do/a participante e dos parámetros da inmersión establecidos e corrixindo situacións inconvenientes para que sexa unha experiencia agradable e segura.

k) Analizar e interpretar os protocolos de actuación e o plan de evacuación ante unha suposta emerxencia nunha inmersión de mergullo deportivo, identificando as características dos supostos e aplicando os criterios establecidos, para coordinar a mobilización dos recursos humanos e materias.

l) Describir, preparar e executar os primeiros auxilios, identificando as características dos supostos e aplicando os protocolos establecidos, para asistir como primeiro/a interveniente no caso de accidente ou situación de emerxencia.

m) Describir e propoñer as posibles situacións conflitivas nunha actividade de descubrimento ou condución de mergullo deportivo e as súas solucións, clasificándoas e aplicando as recomendacións establecidas, para manter as boas relacións entre a entidade organizadora e os/as participantes.

n) Identificar e describir as características do proceso de adquisición de valores e actitudes sendo consciente e argumentando os efectos que provocan nos/as deportistas, para transmitir o compañeirismo, a necesidade da conservación do medio e o respecto e coidado do propio corpo, a través do comportamento ético persoal.

o) Recoñecer e promover os valores de compromiso, traballo ben feito e aprendizaxe constante, describindo as actitudes que reflicten estes valores, para manter o espírito de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no desempeño do seu labor como persoal técnico.

p) Identificar e describir os principios que fundamentan o traballo en equipo, sendo consciente da importancia do liderado e a comunicación para manter a iniciativa e autonomía dentro do grupo de traballo.

q) Identificar e describir as variables que indican os niveis subxectivos de seguridade e satisfacción do/a participante nunha actividade de descubrimento ou condución de mergullo deportivo, aplicando os procedementos establecidos e clasificando a información obtida, para mellorar e axustar o desenvolvemento da actividade.

**Módulo común de ensino deportivo: Bases do comportamento deportivo**

**Código: MED-C101**

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Identifica as características motrices, psicolóxicas, afectivas e sociais da/s

XUNTA DE GALICIA

persoa/s, relacionándoas cos estadios madurativos da infancia.

a) Describíronse diferentes estadios madurativos da infancia, identificando as particularidades de cada un/unha.

b) Aplicáronse técnicas elementais de recollida de información para a obtención de datos relevantes da persoa.

c) Identificáronse os intereses e as motivacións características das persoas na etapa da infancia.

d) Describíronse as características dos mozos e das mozas a nivel motriz e psicolóxico na primeira etapa do proceso da aprendizaxe motora.

e) Demostrouse interese por respectar o desenvolvemento natural e saudable do/a deportista acorde co seu estado madurativo.

f) Valorouse a importancia de que a persoa conte con diversidade e variabilidade de experiencias físico-deportivas, nestes estadios e a evitar unha especialización precoz.

2. Atende ao/á deportista describindo e aplicando diferentes técnicas de comunicación e motivación.

a) Identificáronse as diferentes técnicas de comunicación, verbal e non verbal, que poden utilizarse tendo en conta o contexto deportivo.

b) Elixíronse as técnicas de comunicación, así como a disposición espacial do material e do alumnado, máis oportunas no intercambio de información.

c) Identificáronse diferentes formas de captar a información e de tomar unha decisión a partir da mesma.

d) Identificáronse as principais barreiras e interferencias que dificultan a comunicación.

e) Valorouse a importancia de contar con habilidades comunicativas e sociais nas relacións interpersoais.

f) Valorouse a importancia de utilizar unha linguaxe que respecte a equidade dos distintos sexos.

g) Empregáronse técnicas e estratexias comunicativas na presentación das tarefas propostas, logrando unha maior participación e motivación nas mesmas.

h) Valorouse a importancia de manter a motivación e o goce de todas as persoas como elemento clave para a súa fidelización coa práctica deportiva e a prevención do abandono en etapas posteriores.

i) Demostrouse interese por valorar o proceso da aprendizaxe por enriba do resultado obtido.

j) Valorouse a autonomía, a espontaneidade e a creatividade dos mozos/as deportistas na iniciación deportiva.

3. Conduce ao grupo seleccionando e aplicando dinámicas grupais e

estratexias para a resolución de conflitos, en función das características do contexto.

a) Describíronse as características fundamentais do grupo na iniciación deportiva, atendendo especialmente a factores de relación social e de xénero.

b) Describíronse as principais fontes de conflito na sesión, tanto individuais como grupais.

c) Aplicáronse estratexias de recollida de información que permitan coñecer mellor ao grupo.

d) Aplicáronse dinámicas de grupo baseadas na aprendizaxe cooperativa e o traballo en equipo.

e) Utilizáronse estratexias de resolución de conflitos no grupo que promovendo e transmitindo valores de respecto, sinceridade, empatía, compromiso e igualdade de xénero.

f) Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo.

g) Demostrouse interese por respectar os intereses das persoas, evitando os prexuízos e valorando os elementos diferenciadores individuais tales como: emocións, sentimentos, personalidade, sexo, características morfolóxicas, orixe cultural, clase social.

h) Describíronse aqueles aspectos da contorna familiar e do contexto social que exercen unha influencia positiva ou negativa na iniciación deportiva de mozos e mozas.

i) Aplicáronse estratexias e técnicas axeitadas para corrixir actitudes negativas da contorna familiar ou do contexto social na iniciación deportiva.

j) Analizouse a importancia dos valores positivos da familia e do contexto social na práctica deportiva.

4. Transmite valores persoais e sociais aplicando as técnicas axeitadas e reflexionando sobre as propias actitudes e comportamentos.

a) Describíronse os valores persoais e sociais que se poden transmitir a través do deporte.

b) Valorouse a importancia de ser un modelo ético de referencia nos/as deportistas durante a iniciación deportiva.

c) Reflexionouse sobre os propios prexuízos e estereotipos, incluídos os de xénero.

d) Demostrouse interese por educar ética e moralmente a través do deporte.

e) Identificáronse e describíronse estratexias de transmisión de valores persoais e sociais a través do deporte.

f) Identificáronse estratexias de fomento da coeducación.

g) Valorouse a importancia do respecto do xogo limpo, dun mesmo, aos demais e ao contorno durante a práctica deportiva.

h) Valorouse a importancia de defender e manter o carácter lúdico da práctica deportiva.

**Contidos básicos:**

1. Identifica as características motrices, psicolóxicas, afectivas e sociais do individuo, relacionándoas cos estadios madurativos da infancia.

- Desenvolvemento persoal dos mozos e das mozas na iniciación deportiva:
  - Crecemento, maduración e desenvolvemento.
  - Patróns motores básicos na infancia.
  - Características motrices, psicolóxicas, afectivas e sociais dos mozos e das mozas.
- Técnicas elementais de recollida de información a partir da teoría do procesamento da información.
- A actividade físico-deportiva nos estadios madurativos da infancia.
- A iniciación deportiva.
- Diversidade e variabilidade de experiencias deportivas na iniciación e os seus efectos positivos sobre o desenvolvemento motor.
- Respecto dos estados madurativos e as diferenzas interindividuais e intraindividuais.

2. Atende ao/á deportista describindo e aplicando diferentes técnicas de comunicación e motivación.

- Motivacións e actitudes propias da infancia ante a práctica deportiva:
  - Motivacións intrínsecas e extrínsecas.
  - A teoría de metas de logro.
  - Principais motivos de abandono en mozos/as deportistas. A trascendentalización competitiva.
  - Estratexias para fomentar a participación, a motivación e o goce, como elementos clave para a fidelización deportiva, atendendo ás diferenzas de xénero.
  - Valoración do proceso da aprendizaxe por enriba do resultado deportivo.
  - Valoración da actitude do alumnado por enriba da súa aptitude.
- Proceso de comunicación. Elementos, tipos e dificultades.
  - Técnicas de comunicación: verbal e non verbal.

    - Valoración comunicativa do contexto: elementos facilitadores e obstáculos e inhibidores no proceso de comunicación.
    - Disposición do espazo e o alumnado para a mellora da comunicación na sesión deportiva.
    - Información inicial e retroalimentación (feedback) na sesión deportiva.
    - Habilidades comunicativas, persoais e sociais, nas relacións interpersoais.
    - Uso non sexista da linguaxe.

3. Conduce ao grupo seleccionando e aplicando dinámicas grupais e estratexias para a resolución de conflitos, en función das características do contexto.

- Fontes de conflito no grupo deportivo:
    - Falta de confianza mutua.
    - Competitividade e liderado.
    - Discriminación: Por razóns de xénero, de capacidade, actitudes xenófobas.
    - Diverxencia de intereses individuais en mozos e en mozas.
- A dinámica de grupos na iniciación deportiva e a súa importancia.
    - Condución de dinámicas orientadas á valoración sociolóxica do grupo:
        - ➢ Dinámicas de presentación e coñecemento do grupo.
        - ➢ Técnicas sociométricas.
- Condución de dinámicas de grupo orientadas ao traballo cooperativo e a resolución de conflitos:
    - Dinámicas de autocoñecemento para a afirmación persoal e a autoconfianza.
    - Dinámicas socio-afectivas para crear confianza mutua.
    - Dinámicas de traballo en equipo:
        - ➢ De responsabilidade grupal.
        - ➢ De toma de decisións por consenso.
        - ➢ De eficiencia no traballo en grupo.
    - Dinámicas de resolución de conflitos en pequenos grupos, para:
        - ➢ A identificación do problema.
        - ➢ A solución do problema.

- Modelos de intervención do persoal técnico nos grupos de iniciación deportiva:
  - Modelo autoritario.
  - Modelo permisivo.
  - Modelo democrático.
- Actitudes e influencia do contexto familiar na iniciación deportiva.
  - Contextos familiares que exercen unha influencia positiva na iniciación deportiva de mozos e das mozas.
  - Condutas e actitudes negativas máis frecuentes protagonizadas por familiares na iniciación deportiva:
    - ➢ Excesiva presión competitiva sobre os seus fillos e fillas.
    - ➢ Comportamentos e actitudes agresivas e violentas.
    - ➢ Interferencias co persoal técnico deportivo.
- Estratexias de intervención na contorna familiar durante a iniciación deportiva. A entrevista cos/coas responsables legais do/a deportista.

4. Transmite valores persoais e sociais aplicando as técnicas axeitadas e reflexionando sobre as propias actitudes e comportamentos.

- O deporte como transmisor de valores persoais e sociais tanto positivos como negativos.
  - A responsabilidade do persoal técnico deportivo na transmisión de valores éticos no deporte e en evitar os contravalores.
  - Superación da idea de bondade natural do deporte en canto á transmisión de valores éticos.
  - Condutas inmorais máis frecuentes na práctica deportiva.
  - Xogo limpo e deportividade (condutas éticas na práctica deportiva).
  - Técnicas e estratexias para o desenvolvemento de valores no deporte: reflexión, establecemento de normas consensuadas, desenvolvemento do xuízo moral, autocontrol da conduta, análise, desenvolvemento da empatía e comprensión crítica de temas eticamente relevantes e encontros de grupo.
  - Autoavaliación e reflexión dos propios prexuízos e estereotipos persoais, incluídos os de xénero.

**Módulo común de ensino deportivo: Primeiros auxilios**

**Código: MED-C102**

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Realiza unha valoración inicial aplicando técnicas de valoración segundo

protocolos establecidos e relacionándoos cos principios de anatomía e fisioloxía.

a) Identificáronse e tomáronse as constantes vitais.

b) Identificáronse e describíronse os protocolos de valoración a seguir en cada caso.

c) Identificáronse e describíronse as lesións óseas e articulares así como os síntomas e mecanismos de produción.

d) Identificáronse e describíronse as lesións musculares e tendinosas así como os síntomas e mecanismos de produción.

e) Identificáronse e describíronse os diferentes tipos de traumatismos.

f) Describíronse as bases anatomofisiolóxicas dos primeiros auxilios.

g) Identificáronse e describíronse as lesións provocadas por outros axentes externos (frío, calor, axentes químicos e biolóxicos) así como os síntomas e mecanismos de produción.

h) Utilizouse a terminoloxía médico sanitaria elemental relacionada cos primeiros auxilios.

i) Identificouse a secuencia de actuación segundo o protocolo establecido polo ILCOR (Comité de Coordinación Internacional sobre a Resucitación).

2. Aplica as técnicas de primeiros auxilios relacionando o tipo de lesión co protocolo establecido en cada caso.

a) Aplicáronse técnicas de primeiros auxilios axeitadas aos diferentes tipos de lesión.

b) Identificáronse e describíronse os protocolos de primeiros auxilios e inmobilización a seguir segundo a lesión.

c) Identificáronse os medios materiais de aplicación de primeiros auxilios (caixa de primeiros auxilios e outros).

d) Describíronse as repercusións dunha incorrecta aplicación das técnicas de primeiros auxilios e do traslado da persoa accidentada.

e) Aplicáronse técnicas de inmobilización para traslado da persoa accidentada.

3. Aplica técnicas de soporte vital identificando a súa instrumentación e describindo as súas fases segundo o protocolo básico establecido.

a) Detallouse a instrumentación básica para o soporte vital recoñecendo as súas partes e mecanismos de funcionamento.

b) Describíronse os fundamentos de resucitación cardiopulmonar básica.

c) Aplicáronse técnicas de apertura de vía aérea.

d) Aplicáronse técnicas de soporte ventilatorio.

e) Aplicáronse técnicas de soporte circulatorio.

f) Realizouse desfibrilación externa semiautomática (DESA).

XUNTA DE GALICIA

g) Aplicáronse medidas de post-reanimación.

h) Recoñecéronse aquelas situacións nas que se desaconsella a intervención e posterior evacuación detallando as súas características.

i) Valorouse a importancia de aplicar con precisión os protocolos establecidos.

4. Aplica técnicas de autocontrol e de apoio psicolóxico á persoa accidentada e acompañantes, describindo e aplicando as estratexias de comunicación máis axeitadas.

a) Describíronse e aplicáronse técnicas básicas de apoio psicolóxico.

b) Describíronse e aplicáronse técnicas básicas de autocontrol.

c) Aplicáronse estratexias básicas de comunicación en situacións de prestación de primeiros auxilios.

d) Describíronse os posibles estados emocionais dos/as accidentados/as.

e) Valorouse a importancia de autocontrolarse ante situacións de tensión.

f) Describíronse os factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencias.

g) Describíronse e aplicáronse técnicas a empregar para controlar situacións de tensión ambiental.

5. Aplica técnicas para o control da contorna relacionándoo cos protocolos establecidos e a organización do sistema de emerxencias.

a) Determináronse as distintas técnicas que se poden utilizar cando a contorna xera determinados niveis de risco.

b) Describíronse os protocolos de actuación oportunos para establecer unha contorna segura e emocionalmente estable.

c) Determináronse as distintas técnicas a utilizar en relación ao risco da contorna.

d) Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección persoal.

e) Definíronse os conceptos de urxencia, emerxencia e catástrofe.

f) Describiuse a organización dos sistemas de emerxencia.

**Contidos básicos:**

1. Realiza unha valoración inicial aplicando técnicas de valoración segundo protocolos establecidos e relacionándoos cos principios de anatomía e fisioloxía.

- Signos e síntomas de urxencia.
- Valoración do nivel de consciencia.
- Toma de constantes vitais.
- Protocolos de exploración elementais.
- Terminoloxía médico-sanitaria en primeiros auxilios.

- Protocolo de transmisión da información.
- Signos de compromiso vital en adulto, neno ou nena e lactante.
- Métodos e materiais de protección da zona.
- Bases anatomofisiolóxicas relacionadas cos primeiros auxilios: ósos, articulacións e músculos (concepto, características, clasificación e localización a nivel básico/elemental).
- Valoración básica en lesións por traumatismos e por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
- Valoración básica ante patoloxía orgánica de urxencia.

2. Aplica as técnicas de primeiros auxilios relacionando o tipo de lesión co protocolo establecido en cada caso.

- Caixa de primeiros auxilios.
- Aplicación dos primeiros auxilios.
- Seguridade na aplicación das técnicas utilizadas.
- Aplicación de procedementos de inmobilización e mobilización.

3. Aplica técnicas de soporte vital identificando a súa instrumentación e describindo as súas fases segundo o protocolo básico establecido.

- Control da permeabilidade das vías aéreas.
- Resucitación cardiopulmonar básica.
- Desfibrilación externa semiautomática (DESA).
- Valoración básica do/a accidentado/a.
- Atención inicial en lesións por axentes físicos (traumatismos, calor ou frío, electricidade e radiacións).
- Atención inicial en lesións por axentes químicos e biolóxicos.
- Atención inicial en patoloxía orgánica de urxencia.
- Actuación limitada no marco das súas competencias.

4. Aplica técnicas de autocontrol e de apoio psicolóxico á persoa accidentada e acompañantes, describindo e aplicando as estratexias de comunicación máis axeitadas.

- Apoio psicolóxico aos/ás pacientes.
- Primeiros auxilios psicolóxicos. Comportamento da poboación ante unha catástrofe.
- Estratexias básicas de comunicación.
- Valoración do papel do/a primeiro/a interveniente.
- Técnicas facilitadoras da comunicación interpersoal.

- Factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia.

5. Aplica técnicas para o control da contorna relacionándoa cos protocolos establecidos e a organización do sistema de emerxencias.

- Sistemas de emerxencias.
- Obxectivos e límites dos primeiros auxilios.
- Marco legal, responsabilidade e ética profesional.
- Normas e protocolos de seguridade e de autoprotección persoal.
- Técnicas de primeiros auxilios en relación ao risco da contorna.
- Protocolos de alerta.

**Módulo común de ensino deportivo: Actividade física adaptada e minusvalidez**

**Código: MED-C103**

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Identifica as principais minusvalideces describindo as características básicas das mesmas e relacionándoas coa práctica deportiva.

a) Describíronse as principais causas da minusvalidez física, intelectual e sensorial.

b) Determináronse os beneficios que xera a práctica de actividades físicas adaptadas nas persoas con minusvalidez.

c) Recoñecéronse as limitacións na práctica e as condicionantes fundamentais segundo o tipo de minusvalidez.

d) Valorouse a vivencia persoal do que supón a minusvalidez en situacións simuladas, usando contornas restritivas a nivel perceptivo, decisional e motriz.

e) Describíronse as posibilidades das axudas técnicas básicas segundo minusvalidez.

f) Aplicáronse procedementos básicos de identificación e recoñecemento da minusvalidez mediante a observación das características morfolóxicas e funcionais do/a deportista.

g) Valorouse a importancia do recoñecemento das capacidades do/a deportista, máis aló das limitacións que poida presentar pola súa minusvalidez.

h) Identificáronse os principais programas de iniciación deportiva dirixidos ás persoas con minusvalidez.

2. Informa as persoas con minusvalidez sobre as prácticas deportivas, describindo as técnicas de comunicación específicas e identificando as limitacións que poden presentarse na iniciación ás mesmas.

XUNTA
DE GALICIA

a) Describiuse a terminoloxía máis actual en relación ás persoas con minusvalidez.

b) Aplicáronse técnicas de recollida de información acerca dos intereses, capacidades, experiencias previas e motivacións das persoas con minusvalidez cara á práctica deportiva.

c) Demostrouse interese por non prexulgar ás persoas, respectando os seus elementos únicos e diferenciadores: emocións, sentimentos, personalidade.

d) Determináronse e aplicáronse criterios de adaptación das técnicas de comunicación para as principais minusvalideces.

e) Describíronse as principais posibilidades de práctica e deportes adaptados segundo tipo de minusvalidez.

f) Valorouse a importancia da participación activa das persoas con minusvalidez en contornas/contextos deportivos normalizados.

**Contidos básicos:**

1. Identifica as principais minusvalideces describindo as características básicas das mesmas e relacionándoas coa práctica deportiva.

- Características básicas das principais minusvalideces físicas, sensoriais e psíquicas.
- Recoñecemento da minusvalidez mediante procedementos básicos de observación das características morfolóxicas e funcionais do/a deportista.
- Valoración das posibilidades individuais, máis aló das limitacións a presentar segundo minusvalidez.
- Condicionantes derivados dun tipo de minusvalidez para a práctica físico deportiva.
- Recoñecemento e uso fundamental do material deportivo específico e as axudas técnicas básicas.
- Beneficios da práctica deportiva para persoas con minusvalidez.
- Os programas de iniciación e difusión da práctica deportiva para persoas con minusvalidez.
- A vivencia persoal en situacións de práctica restritivas simulando a minusvalidez.

2. Informa as persoas con minusvalidez sobre as prácticas deportivas, describindo as técnicas de comunicación específicas e identificando as limitacións que poden presentarse na iniciación ás mesmas.

- Toma de conciencia dos sentimentos e actitudes cara a persoas con minusvalidez.
- Terminoloxía básica en relación á saúde e a minusvalidez.

- Aplicación de técnicas básicas de recollida de información en relación ás características dos/as deportistas con minusvalidez.
- Recoñecemento e aplicación de técnicas de comunicación concretas segundo minusvalidez.
- Métodos de comunicación alternativa respecto de persoas con minusvalidez.
- Aplicación de exemplos de inclusión deportiva de persoas con minusvalidez en contornas normalizadas.
- Os principais deportes adaptados.
- A importancia da práctica deportiva para a autonomía persoal e integración social de persoas con minusvalidez.
- A identificación dos propios prexuízos previos á práctica respecto de persoas con minusvalidez.

**Módulo común de ensino deportivo: Organización deportiva**

**Código: MED-C104**

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Identifica a organización deportiva local e autonómica relacionándoa coa estrutura administrativa e as súas competencias básicas.

a) Describíronse as formas de organización a nivel local e autonómico en referencia ao ámbito deportivo.

b) Describíronse as principais competencias e programas das organizacións deportivas locais e autonómicas.

c) Utilizáronse as fontes de información dispoñibles que fan referencia á normativa xurídica deportiva.

d) Utilizouse unha terminoloxía básica axeitada ás estruturas das organizacións deportivas locais e autonómicas, así como da normativa deportiva.

2. Concreta a estrutura do asociacionismo deportivo identificando os seus elementos e organización.

a) Describíronse as competencias, funcións e formas de organización das federacións deportivas autonómicas.

b) Describíronse as formas de asociacionismo deportivo a nivel local e autonómico.

c) Identificáronse as características do asociacionismo deportivo.

d) Describíronse as vías de apoio ao asociacionismo deportivo por parte da Administración local e autonómica.

e) Cubriuse a documentación básica para a procura de apoios ao asociacionismo deportivo e describíronse os procedementos que dita

documentación debe seguir.

f) Valorouse a importancia que ten o apoio institucional ao desenvolvemento do asociacionismo deportivo, e a potenciación do asociacionismo feminino como medio de promoción da práctica da actividade físico-deportiva nas mulleres.

**Contidos básicos:**

1. Identifica a organización deportiva local e autonómica relacionándoa coa estrutura administrativa e as súas competencias básicas.

- A lexislación básica do Estado e da comunidade autónoma:
  - O marco competencial do deporte no ámbito local e autonómico.
  - Interpretación da lexislación deportiva básica: obxectivo e rango da norma.
- Estrutura administrativa e organizativa do deporte:
  - Estrutura autonómica do deporte.
  - Identificación das características esenciais das diferentes estruturas deportivas no ámbito local de servizos e padroados municipais, sociedades públicas, organismos de deputacións, clubs, asociacións, entre outras.
  - Aceptación da organización deportiva autonómica e local.
- As fontes de información en normativa xurídica deportiva.
  - A terminoloxía básica en normativa deportiva.
  - As publicacións oficiais que reflicten a normativa xurídica deportiva.

2. Concreta a estrutura do asociacionismo deportivo identificando os seus elementos e organización.

- As federacións deportivas autonómicas: Competencias, funcións e estrutura organizativa.
- Tipos de clubs e asociacións deportivas; tipos, e a súa importancia no asociacionismo deportivo.
- Asociacionismo deportivo feminino. Presenza das mulleres na organización deportiva.
- As vías de apoio ao asociacionismo deportivo:
  - Administración local e autonómica: tipos e formas de axuda.
  - As vías de apoio ao asociacionismo deportivo:
- Procedementos para a xestión de apoios ao asociacionismo deportivo:
  - Na administración local.
  - Na administración autonómica.

**Módulo específico de ensinanza deportiva: Contorna natural do mergullo deportivo**

**Código: MED-ASBD102**

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Concreta o momento da inmersión, describindo as posibles condicións xeofísicas, climatolóxicas e hidrodinámicas dun lugar de inmersión indicando o grao de dificultade que introducen no seu desenvolvemento.

a) Enumeráronse os diferentes procedementos para obter un boletín meteorolóxico e as diferentes predicións meteorolóxicas dunha zona.

b) Describíronse os signos naturais que, mediante a observación, permitan predicir cambios meteorolóxicos e confirmalos con instrumentos de medición.

c) Interpretouse a información dos principais instrumentos de medición meteorolóxica (anemómetro, higrómetro e barómetro).

d) Relacionáronse as diferentes intensidades do vento segundo a escala Beaufort co grao de dificultade que introducen na práctica do mergullo e o acceso aos lugares de inmersión.

e) Relacionáronse os diferentes estados do mar segundo a altura das ondas seguindo a escala Douglas, co grao de dificultade que introducen na práctica do mergullo e o acceso aos lugares de inmersión.

f) Interpretáronse as previsións dun boletín meteorolóxico e a súa repercusión no grao de dificultade que introducen na práctica do mergullo e o acceso aos lugares de inmersión.

g) Aplicouse a táboa de mareas identificando as correntes vaciante e entrante dun lugar de inmersión calculando o intervalo de tempo no que é aconsellable realizar a inmersión.

h) Aplicáronse os criterios de elección do momento da inmersión nunha situación simulada na que se describa a previsión meteorolóxica e o porto patrón do anuario de mareas.

i) Describíronse os diferentes tipos de fondo pola súa composición e perfil e a súa repercusión no grao de dificultade que introducen na práctica do mergullo.

j) Valorouse a importancia de elixir o momento adecuado como criterio de seguridade e confortabilidade dos/as mergulladores/as.

2. Determina o comportamento adecuado do/a mergullador/a durante o percorrido dun itinerario subacuático, describindo os ambientes e ecosistemas submarinos e o posible impacto que sobre o medio pode producir unha actividade sistemática de mergullo, e as medidas que se poden tomar para minimizalo.

a) Describíronse as características que definen os diferentes ambientes mariños.

b) Describiuse os estilos de vida planctónico, nectónico e bentónico dos seres vivos que viven no auga enumerando as especies máis representativas.

c) Describíronse as comunidades bentonitas de fondos rocosos e brandos nomeando as especies animais e vexetais máis representativas.

d) Describíronse as características morfolóxicas e etolóxicas das principais especies animais e vexetais bentónicas.

e) Identificáronse as actuacións dun/dunha mergullador/a deportivo/a que pode repercutir negativamente no desenvolvemento da vida subacuática.

f) Seleccionouse a información más relevante para o/a mergullador/a, dun suposto de comunidade bentónica.

g) Valorouse a importancia de reducir as repercusións que o mergullo deportivo provoca na vida subacuática.

h) Enumeráronse as normas de comportamento que se deben transmitir ao/á mergullador/a para que reduza o impacto da súa actuación.

**Contidos básicos:**

1. Concreta o momento da inmersión, describindo as posibles condicións xeofísicas, climatolóxicas e hidrodinámicas dun lugar de inmersión indicando o grao de dificultade que introducen no seu desenvolvemento.

- Partes meteorolóxicos: Variables meteorolóxicas. Presión temperatura, humidade e vento.
- Evolución das predicións: Masas de aire, frontes e depresións. Perturbacións locais, tormentas.
- O vento e o mar. Escala Beaufort-Douglas. Efecto Foehn. Brisas térmicas.
- Anuario de mareas. Cálculo preamar e baixamar.
- O fondo mariño. Tipos e características.
- O estado do mar: Dificultades para o mergullo.

2. Determina e controla o comportamento adecuado do/a mergullador/a durante o percorrido dun itinerario subacuático, describindo os ambientes e ecosistemas submarinos e o posible impacto que sobre o medio pode producir unha actividade sistemática de mergullo, e as medidas que se poden tomar para minimizalo.

- A cuberta viva das profundidades: Zonación e ambientes mariños.
- Forma de vida do plancton, necton e bentos. Seres vivos representativos.
- Morfoloxía e etoloxía das principais especies vexetais e animais dos fondos brandos, duros e das pradarías de fanerógamas.
- O impacto do mergullo deportivo na vida submarina.
- Medidas para reducir o impacto que o mergullo deportivo pode provocar

na vida submarina.

**Módulo específico de ensinanza deportiva: Organización de actividades de descubrimento e condución de mergullo deportivo**

**Código: MED-ASBD103**

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Intervén na organización de actividades de descubrimento do mergullo deportivo, interpretando a demanda que existe de actividades de mergullo, aplicando unha programación de referencia e describindo os medios materiais e humanos necesarios.

a) Describíronse as características do mergullo deportivo como actividade de lecer e recreación.

b) Valorouse positivamente o mergullo deportivo como actividade de lecer.

c) Identificáronse os elementos que constitúen unha programación de referencia dunha actividade de descubrimento de mergullo deportivo.

d) Describíronse os factores que determinan o grao de satisfacción que a práctica do mergullo deportivo pode producir no/a deportista.

e) Describíronse os requisitos que deben cumprir os medios materiais, as instalacións e as zonas de inmersión na realización de actividades de descubrimento do mergullo deportivo.

f) Elixíronse as accións necesarias nunha actividade de descubrimento, nun suposto de programación de referencia, co número de participantes, medios e lugares.

g) Demostrouse como planificar unha actividade de descubrimento aplicando unha programación de referencia.

h) Identificáronse as funcións que debe realizar todo o persoal técnico e persoal auxiliar participante nunha actividade de descubrimento do mergullo.

i) Describíronse as responsabilidades que ten a organización dunha actividade de descubrimento do mergullo deportivo.

j) Valorouse a importancia que teñen as actividades de descubrimento na promoción do mergullo deportivo.

2. Organiza a un grupo de mergulladores/as que van realizar unha inmersión, analizando as características dos tipos de itinerario e dos/as mergulladores/as.

a) Describíronse as atribucións das diferentes acreditacións de mergullador/a deportivo/a, nacionais e internacionais.

b) Identificouse a documentación do/a mergullador/a que se debe examinar para comprobar que cumpre todos os requisitos legais e de saúde para practicar o mergullo.

c) Describíronse os procedementos de localización do lugar de inmersión dunha actividade de mergullo deportivo.

d) Aplicáronse as técnicas de determinación da posición nun caso práctico do punto de inmersión dunha actividade de mergullo deportivo.

e) Describíronse as diferentes formas de acceso a un punto de inmersión.

f) Enumeráronse e describíronse as características dos tipos de itinerarios subacuáticos sinalando os seus puntos conflitivos e de interese.

g) Describiuse a formación e experiencia do/a mergullador/a, necesaria en relación coa forma de acceso ao lugar de inmersión e o tipo de itinerario subacuático.

h) Valorouse a comodidade e seguridade dos/as mergulladores/as por encima de calquera outra motivación na elección do lugar de fondeo ou da praia desde onde se vai a iniciar a inmersión.

i) Describiuse a información sobre traslado, estibación dos equipos e duración prevista, que se debe transmitir aos/ás mergulladores/as.

j) Aplicáronse os criterios de formación de equipos e designación de xefes/as nun caso práctico no que se coñecen as características do itinerario e as características e aspiracións dun grupo de mergulladores/as.

k) Describíronse as condicións de seguridade e as alteracións na comodidade dos/as mergulladores/as que obrigan a suspender unha inmersión.

l) Describíronse os procedementos de valoración do grao de satisfacción e a sensación de seguridade que mantiveron os/as mergulladores/as no desenvolvemento dunha actividade de descubrimento ou condución.

3. Interpreta a lexislación vixente relacionada coa práctica do mergullo, identificando a normativa sobre seguros, patrimonio histórico mergullado, normas de seguridade, carga e manipulación de recipientes a presión.

a) Identificáronse as normas relacionadas coa práctica do mergullo deportivo dentro da lexislación sobre espazos naturais subacuáticos.

b) Identificáronse as normas relacionadas coa práctica do mergullo deportivo dentro da lexislación sobre a protección do patrimonio histórico mergullado.

c) Describiuse a normativa de seguridade aplicable ás actividades do mergullo deportivo, tanto autonómica como nacional.

d) Identificáronse as normas relacionadas co transporte de mergulladores/as deportivos/as dentro da lexislación sobre actividades náuticas.

e) Identificáronse as normas e protocolos de actuación nas operacións de carga dos equipos autónomos no mergullo deportivo, dentro da lexislación sobre os aparellos de presión, instalacións de carga, inspección de botellas e composición das mesturas respirables.

f) Describíronse as características que deben ter as pólizas de seguros que a legalidade vixente esixe nas operacións de mergullo deportivo.

g) Interiorizouse a responsabilidade que ten o persoal técnico no cumprimento das normas relacionadas coa práctica do mergullo deportivo.

4. Selecciona e supervisa o funcionamento dos recursos materiais e instalacións necesarios nunha actividade de descubrimento ou condución de mergullo deportivo, describindo as características dos mesmos, e aplicando os protocolos establecidos.

a) Describíronse as características que deben reunir o almacén de equipos, piscinas, locais de reunión, vestiarios, servizos, e embarcacións, a súa funcionalidade e a súa relación cos aspectos de seguridade que interveñen nunha operación de mergullo deportivo.

b) Identificáronse os recursos materiais necesarios para o balizamento, sinalización e resolución de urxencias nunha operación de mergullo deportivo.

c) Describiuse o significado e alcance dos distintos tipos de sinalización nunha operación de mergullo deportivo.

d) Aplicáronse os criterios de selección na confección dunha lista dos/as compoñentes dos equipos de mergullo persoais e complementarios que son necesarios nun suposto práctico de operación de mergullo deportivo.

e) Enumeráronse todas as comprobacións sobre a disposición e funcionamento dos equipos persoais, de seguridade e comunicación que deben realizarse.

f) Aplicáronse os procedementos de revisión do equipo que utiliza o/a mergullador/a baixo a auga nun suposto práctico para establecer a súa idoneidade e funcionalidade.

g) Identificáronse as barreiras arquitectónicas más comúns nunha actividade de mergullo deportivo.

h) Demostrouse como realizar as operacións de limpeza, eliminación do sal, e secado do material despois dunha inmersión.

i) Xustificouse a supervisión dos medios materiais que se van a utilizar nunha inmersión de mergullo deportivo, ata dos equipos persoais dos/as mergulladores/as, como unha garantía para cumprir o programa.

5. Realiza actividades de carga de botellas e comprobación da presión e composición da mestura respiratoria, describindo as características das estacións de carga e aplicando os protocolos de vixilancia establecidos.

a) Describíronse as características que deben reunir as estacións de carga das botellas dos equipos autónomos.

b) Valorouse a importancia da responsabilidade do persoal que realiza a carga e manipulación das botellas dos equipos autónomos.

c) Comprobouse mediante a observación do estado e as marcas identificativas das botellas dos equipos autónomos de mergullo e a súa idoneidade para a carga.

d) Describíronse as revisións que se deben realizar nas botellas e a súa periodicidade.

e) Aplicouse o procedemento de carga utilizando un compresor ou unha

batería de botellas indicando as normas de seguridade que se deben cumprir.

f) Aplicáronse os procedementos de comprobación do estado das botellas dos equipos autónomos.

g) Describíronse os procedementos de medida e análises das mesturas respiratorias das botellas dos equipos autónomos.

h) Realizáronse os cálculos para realizar as mesturas mediante as técnicas de transvase e carga para a obtención do aire enriquecido nitrox (AEN).

6. Coordina a intervención en situacións de urxencia en operacións de mergullo, interpretando os plans de evacuación, demostrando as secuencias de actuación e as técnicas específicas que se empregan, e definindo a información a transmitir.

a) Describíronse os elementos que compoñen os protocolos de urxencias e o plan de evacuación nunha operación de mergullo, en relación coa normativa vixente.

b) Describíronse as situacións que nunha operación de mergullo deportivo obrigan a aplicar os protocolos de urxencia e/ou o plan de evacuación fóra da auga.

c) Describiuse a secuencia de actuación segundo o protocolo establecido en cada unha das situacións de urxencia fóra da auga.

d) Demostrouse cal debe ser a secuencia de actuación apropiada a unha situación de urxencia simulada fóra da auga.

e) Valórase a importancia de reaccionar rapidamente pero sen precipitación nunha urxencia de mergullo fóra da auga.

f) Detallouse a información que debe ser transmitida aos equipos de rescate e de asistencia en situacións de urxencia simuladas fóra da auga.

g) Elixiuse a información que sobre o seu comportamento debe ser transmitida aos/ás mergulladores/as e persoal de apoio en situacións de urxencia simuladas fóra da auga.

h) Demostrouse como e cando debe establecerse a comunicación cos equipos de rescate nunha situación de urxencia simulada fóra da auga.

i) Empregáronse técnicas de busca dun/dunha mergullador/a desaparecido/a, en situacións simuladas.

j) Describíronse as situacións que esixen a administración de osíxeno normobárico a un/unha mergullador/a e os beneficios que da súa administración se derivan.

k) Aplicáronse as técnicas para a administración de osíxeno normobárico a un/unha mergullador/a consciente e inconsciente que o necesita.

l) Valorouse a importancia dunha administración de osíxeno normobárico nalgunhas urxencias de mergullo.

**Contidos básicos:**

1. Intervén na organización de actividades de descubrimento do mergullo deportivo, interpretando a demanda que existe de actividades de mergullo, aplicando unha programación de referencia e describindo os medios materiais e humanos necesarios.

- Expectativas que crea o mergullo como actividade de lecer e recreo.
- Elementos dunha programación dunha actividade de descubrimento.
- Os medios materiais, instalacións e zonas de inmersión que se utilizan nunha actividade de descubrimento.
- Pasos para planificar unha actividade de descubrimento.
- Funcións e responsabilidades dos participantes nunha actividade de descubrimento.
- As actividades de descubrimento e a promoción do mergullo.

2. Organiza a un grupo de mergulladores/as que van realizar unha inmersión de mergullo analizando as características dos tipos de itinerario e dos/as mergulladores/as.

- Atribucións dos títulos de mergullo.
- Declaracións de saúde e certificados médicos.
- Documentación do/a mergullador/a.
- Localización de lugares de inmersión: cartas náuticas, GPS, enfilacións e marcacións.
- O acceso ao lugar de inmersión.
- Itinerarios subacuáticos: clases, características e requisitos dos/as mergulladores/as.
- A información aos/ás mergulladores/as.
- Motivos para suspender unha inmersión.
- O equipo de mergulladores/as, composición e características do/a xefe/a de equipo.
- Percepción da satisfacción e seguridade do/a mergullador/a. Procedementos de valoración.

3. Interpreta a lexislación vixente relacionada coas titulacións de mergullo, seguros, patrimonio histórico mergullado, normas de seguridade, carga e manipulación de recipientes a presión.

- Lexislación sobre espazos naturais.
- Lexislación sobre o patrimonio histórico.
- Lexislación sobre normas de seguridade e centros de mergullo.

- Lexislación sobre os aparellos de presión, as instalacións de carga, a inspección de botellas e a composición das mesturas respirables.
- Lexislación sobre actividades náuticas.
- Lexislación sobre seguros, os seus tipos e características.

4. Selecciona e supervisa o funcionamento dos recursos materiais e instalacións necesarios para a realización dunha actividade de descubrimento ou condución de mergullo deportivo.

- Características que deben reunir os almacéns de equipos, piscinas, locais de reunión, vestiarios e servizos.
- Características das embarcacións de transporte de mergulladores/as.
- Materiais para o balizamento, sinalización e resolución de urxencias.
- Elementos que compoñen os equipos persoais e complementarios nunha operación de mergullo.
- Criterios para a revisión dos equipos.
- Comprobacións antes da partida.
- Barreiras arquitectónicas específicas das actividades de mergullo.
- Coidados cos equipos despois da inmersión.

5. Realiza actividades de carga de botellas comprobando a presión e composición da mestura respiratoria e seguindo os protocolos de vixilancia establecidos.

- As estacións de carga.
- As botellas, revisións e marcas.
- Compresores, tipos, funcionamento e protocolos de vixilancia durante a carga.
- Medida das presións e análises de mesturas.
- Obtención de mesturas polos procedementos más comúns.
- Cálculo das composicións das mesturas resultantes.

6. Coordina a intervención en situacións de urxencia en operacións de mergullo, interpretando os plans de evacuación, demostrando as secuencias de actuación e as técnicas específicas que se empregan, e definindo a información a transmitir.

- Protocolos de urxencia e plans de evacuación nunha inmersión.
  - Situacións de urxencia fóra da auga, forma de recoñecelas e características.
  - Secuencia de actuación nunha urxencia fóra da auga.
  - Os servizos de rescate: tipos e características.

- Información aos servizos de rescate.
- A disposición e información ao resto dos/as mergulladores/as nunha situación de urxencia.
- Técnicas de busca baixo a auga.
- Beneficios da administración de osíxeno nalgúns accidentes de mergullo.
- Equipos para a administración de osíxeno normobárico. Funcionamento e precaucións.
- Técnicas de administración de osíxeno normobárico.

**Módulo específico de ensinanza deportiva: Condución subacuática**

**Código: MED-ASBD104**

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Dirixe e controla a mergulladores/as en actividades de condución e descubrimento, identificando e aplicando as técnicas e protocolos establecidos.

a) Describíronse as posibles limitacións físicas e sensoriais na realización de actividades de mergullo.

b) Explicáronse os criterios de agrupación dos/as mergulladores/as nunha actividade de condución, en función das características dos/as mergulladores/as e da actividade.

c) Elixíronse o momento, o lugar e a información sobre a actividade a transmitir antes da entrada na auga a un equipo de mergulladores/as nunha actividade de condución nun suposto de inmersión.

d) Aplicáronse técnicas de dirección e de agrupación dun equipo de mergulladores/as nunha actividade de condución nun suposto práctico de inmersión.

e) Demostrouse como deben ser os prolegómenos do bautismo: o equipamento do/a deportista e as indicacións que se lle deben dar.

f) Demostrouse a secuencia de actuación do persoal técnico nun suposto práctico de bautismo de mergullo, en función das características dos/as mergulladores/as e dos medios dispoñibles.

g) Describiuse e demostrouse a aplicación dos protocolos de control da seguridade dos/as mergulladores/as nunha actividade de descubrimento do mergullo.

h) Valorouse a importancia de que as actividades de descubrimento supoñan unha experiencia satisfactoria para os/as participantes.

2. Transmite tranquilidade e goce durante as actividades de condución e descubrimento do mergullo, identificando os efectos das condicións ambientais, e aplicando as estratexias de apoio e corrección de condutas inadecuadas.

a) Describíronse as técnicas de apoio que se deben empregar para tranquilizar nas fases previas e durante a inmersión a un/unha mergullador/a deportivo/a, relacionándoas cos signos de preocupación ou medo que se recoñezan.

b) Describiuse a influencia que as condicións ambientais (ondada, temperatura da auga, correntes e visibilidade, entre outras) teñen no ánimo e a satisfacción dun/dunha cliente ou usuario/a que participa nunha actividade de descubrimento do mergullo.

c) Demostráronse estratexias psicolóxicas para tranquilizar ao/á deportista e aumentar a súa autoestima.

d) Describíronse as actitudes e condutas temerarias, ilegais ou patolóxicas nunha actividade de mergullo relacionándoas cos procedementos de corrección.

e) Valorouse a importancia de estimular a comodidade e satisfacción do/a deportista.

f) Valorouse a importancia de transmitir seguridade e confianza aos/ás mergulladores/as que forman parte do seu equipo.

3. Segue programas de mantemento físico e técnico do/a guía subacuático/a, identificando os obxectivos e condicións de realización dos mesmos.

a) Identificáronse as características/requisitos que debe ter un programa de mantemento da condición física do/a mergullador/a.

b) Detalláronse os obxectivos técnicos que contemplará un programa de mantemento para un/unha guía subacuático/a.

c) Executáronse programas e actividades de mantemento técnico do/a guía subacuático/a, practicando as tarefas básicas e máis usuais.

d) Detalláronse os obxectivos físicos relativos á resistencia e forza-resistencia que contemplará un programa de mantemento para un/unha guía subacuático/a.

e) Executáronse programas e actividades de mantemento físico do/a guía subacuático/a, practicando as tarefas básicas e máis usuais.

f) Valorouse a importancia do mantemento físico e técnico na seguridade das actividades de mergullo.

4. Auxilia a un/unha mergullador/a en dificultades no fondo ou na superficie da auga aplicando as técnicas e protocolos establecidos.

a) Identificáronse os signos que evidencian a dificultade ou impedimento dun/dunha mergullador/a para ascender, manterse a flote ou saír da auga polos seus propios medios.

b) Enunciouse e xustificouse o protocolo de actuación que se debe seguir ante un/unha compañeiro/a con dificultades para ascender polos seus propios medios á superficie, manterse a flote ou saír da auga.

c) Demostrouse como se debe realizar o contacto co/coa accidentado/a tranquilizándoo/a, conseguindo a súa colaboración e mantendo a propia seguridade.

d) Demostrouse como se debe realizar o ascenso cun/cunha mergullador/a accidentado/a, o seu remolque en superficie e a súa extracción da auga, en función das súas características, as da contorna e as da inmersión realizada e evitando que se produzan outras lesións.

e) Elixíronse as actuacións necesarias nun suposto práctico de mergullador/a á deriva na superficie da auga.

f) Describiuse a información que se debe transmitir na petición de axuda segundo o tipo de accidente que sofre un/unha mergullador/a, indicando cando, como e a quen pedila.

g) Demostrouse como elaborar un informe sobre accidente, recollendo todos os datos da inmersión e a relación obxectiva dos feitos que o desencadearon.

h) Valorouse a importancia de actuar sen precipitación e seguindo os protocolos de urxencias con decisión.

i) Valorouse a importancia de manter unha actitude responsable vixiando o propio estado de saúde e as condicións físicas e psíquicas previas á inmersión.

j) Valorouse a importancia de manter a distancia apropiada e a comunicación durante todo o desenvolvemento dunha inmersión co/coa compañeiro/a de mergullo como factor de prevención.

**Contidos básicos:**

1. Dirixe e controla a mergulladores/as en actividades de condución e descubrimento, identificando e aplicando as técnicas e protocolos establecidos.

- Limitacións físicas e sensoriais para a práctica do mergullo, axudas necesarias.
- Criterios para formar as parellas de seguridade.
- A información aos/ás mergulladores/as no momento de entrar á auga.
- Técnicas de dirección dun equipo de mergulladores/as, os controis que hai que realizar.
- Os prolegómenos da actividade de descubrimento.
- Actuación do persoal técnico nas diferentes etapas dunha actividade de descubrimento.
- Controis durante a actividade de descubrimento.

2. Transmite tranquilidade e goce durante as actividades de condución e descubrimento do mergullo, identificando os efectos das condicións ambientais, e aplicando as estratexias de apoio e corrección de condutas inadecuadas.

- A angustia, o estrés e o pánico no mergullo.
- Técnicas de apoio psicolóxico ao/á mergullador/a.
- As condicións ambientais e o confort do/a mergullador/a.
- Como tranquilizar a un/unha mergullador/a, antes e durante a inmersión.
- Actitudes temerarias, ilegais e patolóxicas no mergullo.

3. Segue programas de mantemento físico e técnico do/a guía subacuático/a, identificando os obxectivos e condicións de realización dos mesmos.

- Obxectivos físicos de resistencia e forza-resistencia do programa de mantemento dun/dunha guía subacuático/a.
- Obxectivos técnicos do programa de mantemento dun/dunha guía subacuático/a.
- Programas de mantemento da condición física dun/dunha guía subacuático/a.
- Sistemas de adestramento das capacidades básicas de resistencia e forza-resistencia.
- Programas de mantemento da técnica de mergullo dun/dunha guía subacuático/a.

4. Auxilia a un/unha mergullador/a en dificultades no fondo ou na superficie da auga aplicando as técnicas e protocolos establecidos.

- Identificación e tipos de situacións que fan que un/unha mergullador/a necesite auxilio.
- Procedementos específicos de actuación nesas situacións.
- Secuenciación das actuacións.
- Pautas de comportamento cando se está á deriva. Actitude do persoal técnico.
- Técnicas de control e izado á superficie dun/dunha mergullador/a que necesita auxilio.
- Técnicas de traslado pola superficie dun/dunha mergullador/a que necesita auxilio.
- Técnicas de izado dun/dunha mergullador/a que necesita auxilio a unha embarcación ou plataforma.
- Petición de auxilio.
- Informes sobre accidentes.

**Módulo específico de ensinanza deportiva: Formación práctica**

**Código: MED-ASB105**

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

XUNTA DE GALICIA

1. Identifica a estrutura organizativa e o funcionamento do club, centro de mergullo ou entidade deportiva relacionándoa coa oferta de actividades de descubrimento ou condución de mergullo autónomo.

a) Identificouse a estrutura da organización deportiva local e autonómica e as súas relacións co club, centro de mergullo ou entidade deportiva.

b) Identificouse a estrutura organizativa e o funcionamento das distintas áreas do club, centro de mergullo ou entidade deportiva.

c) Recoñeceuse o tipo empresa ou de asociación deportiva do club, centro de mergullo ou entidade deportiva de prácticas.

d) Identificáronse as relacións xerárquicas existentes dentro do club, centro de mergullo ou entidade deportiva.

e) Identificouse a oferta de actividades vinculadas ás actividades de descubrimento ou condución de mergullo autónomo.

f) Identificáronse as vías de apoio institucional (local e autonómico) utilizadas polo club, centro de mergullo ou entidade deportiva.

g) Recoñecéronse os valores presentes nas actividades de mergullo autónomo do club ou entidade deportiva.

2. Actúa con autonomía, iniciativa e responsabilidade no posto de traballo, demostrando comportamento ético, habilidades persoais de comunicación, traballo en equipo, respecto polo medio, e aplicando os procedementos establecidos pola empresa.

a) Identificáronse os requirimentos actitudinais do posto de traballo.

b) Interpretáronse e cumpríronse as instrucións recibidas e responsabilizáronse do traballo asignado.

c) Demostrouse compromiso co traballo ben feito e a calidade do servizo, así como respecto aos procedementos e principios propios do club ou entidade deportiva.

d) Demostrouse capacidade de traballo en equipo e respecto á xerarquía establecida no club ou entidade deportiva.

e) Estableceuse unha comunicación e relación eficaz co persoal técnico responsable da actividade e os membros do equipo, mantendo un trato fluído e correcto.

f) Coordinouse co resto do equipo, informando de calquera cambio, necesidade relevante ou imprevisto que se presente na actividade.

g) Mantívose unha actitude clara de respecto ao medio nas actividades desenvolvidas e aplicáronse as normas internas e externas vinculadas á mesma.

h) Utilizáronse os equipos de prevención de riscos laborais propios da actividade de carga de botellas e condución de mergulladores/as.

i) Aplicáronse os aspectos fundamentais da Lei de prevención de riscos

laborais, relacionados coas actividades, de descubrimento e condución dentro do mergullo autónomo.

3. Organiza actividades de descubrimento e condución de mergullo autónomo, identificando e utilizando medios, interpretando programacións de referencia e executando procedementos de acordo coa norma establecida e instrucións recibidas.

a) Identificáronse e interpretado as instrucións recibidas e/ou documentación asociada á organización e xestión de actividades de descubrimento e condución de mergullo autónomo deportivo.

b) Xestionáronse os permisos necesarios para a realización de actividades de descubrimento e condución de mergullo autónomo deportivo.

c) Recolleuse a documentación de inscrición dos/as participantes en actividades de descubrimento e condución de mergullo autónomo deportivo.

d) Revisouse e mantívose a confidencialidade da documentación necesaria para a inscrición.

e) Preparouse e comprobado o material de comunicación utilizado nas actividades de descubrimento e condución de mergullo autónomo.

f) Realizouse a comunicación a través dos medios existentes, aplicando as técnicas e procedementos adecuados.

g) Establecéronse os equipos e parellas de mergulladores/as que van realizar unha inmersión de mergullo considerando as características dos tipos de itinerario e dos/as mergulladores/as.

h) Mantívose unha actitude de cumprimento e respecto das normas de seguridade nas actividades de descubrimento e condución.

4. Realiza operacións de preparación e mantemento dos equipos de inmersión, sinalización, seguridade e carga de botellas necesarias para as actividades de descubrimento e condución de mergullo autónomo interpretando instrucións ou normas establecidas e executando procedementos e técnicas propias das operacións.

a) Supervisouse o estado e funcionamento dos equipos de inmersión, sinalización e seguridade necesarios para a realización dunha actividade de descubrimento ou condución de mergullo deportivo seguindo os protocolos de verificación, control do seu estado e funcionamento.

b) Recoñecéronse e determináronse as necesidades e lugares idóneos para o almacenamento e conservación dos equipos de inmersión, sinalización e seguridade, tendo en conta os protocolos establecidos.

c) Realizáronse operacións de mantemento dos equipos de inmersión, sinalización e seguridade tendo en conta os procedementos, normas ou instrucións establecidos e respectando a normativa medioambiental.

d) Realizáronse operacións de reparación básica dos equipos de inmersión e sinalización, tendo en conta os procedementos, normas ou instrucións

establecidos e respectando a normativa medioambiental.

e) Realizáronse operacións de carga de botellas comprobando a presión e composición da mestura respiratoria e seguindo os protocolos de vixilancia establecidos.

f) Mostrouse unha actitude de respecto e cumprimento das normas e instrucións de seguridade na carga e manipulación dos equipos de alta presión.

5. Coordina a intervención en urxencias en operacións de mergullo, interpretando os plans de evacuación, seguindo as secuencias de actuación e decidindo sobre a información a transmitir.

a) Realizáronse operacións de rescate simulado en inmersións de actividades de descubrimento e condución de mergullo autónomo aplicando técnicas e procedementos específicos.

b) Controlouse ao grupo durante as situacións de risco ou perigo, aplicando os protocolos de acordo coas instrucións e normas recibidas.

c) Efectuáronse os protocolos de comunicación da situación de risco ou perigo, de acordo coas normas e procedementos establecidos.

d) Púxose en marcha o plan de evacuación adecuado a unha situación de urxencia seguindo as secuencias de actuación establecidas.

e) Mantívose unha actitude de tranquilidade e responsabilidade durante a intervención nas operacións de rescate.

f) Mostrouse un interese positivo cara á formación continua en técnicas e procedementos de rescate en situacións de risco ou perigo.

6. Realiza a condución de mergulladores/as por itinerarios subacuáticos e en actividades de descubrimento executando técnicas de condución, controlando o comportamento dos/as mergulladores/as, transmitíndolles tranquilidade, e adecuando o itinerario aos intereses e experiencia dos/as mesmos/as.

a) Seleccionáronse os medios e recursos necesarios para o desenvolvemento da actividade de condución en mergullo autónomo deportivo.

b) Concretouse o momento da inmersión indicando o grao de dificultade da actividade de descubrimento ou condución.

c) Recibiuse e despediuse ao/á deportista seguindo o protocolo establecido, informando das características da actividade, identificando as súas demandas e necesidades, e motivándoo/a cara á repetición da actividade.

d) Valorouse o estado inicial dos/as participantes, o grao de consecución dos obxectivos propostos e os erros cometidos.

e) Establecéronse as condicións de seguridade necesarias no desenvolvemento da actividade de condución de mergulladores/as por itinerarios subacuáticos.

f) Adaptouse o material e equipamento dos/as participantes na actividade,

tendo en conta as características dos itinerarios e os protocolos establecidos.

g) Orientouse no fondo de acordo coas condicións da contorna e o compás subacuático localizando os puntos de interese e de ascenso previstos nun itinerario subacuático.

h) Conduciuse a mergulladores/as por itinerarios subacuáticos aplicando as técnicas e procedementos establecidos, e solucionando as continxencias existentes, dentro das normas medio ambientais e os marxes de seguridade requiridos.

i) Tutelouse a deportistas durante a súa participación nunha actividade de descubrimento do mergullo deportivo inculcando tranquilidade e logrando a súa satisfacción.

j) Controláronse o comportamento dos/as mergulladores/as durante un percorrido dun itinerario subacuático e o posible impacto que sobre o medio pode producir unha actividade sistemática de mergullo.

k) Aplicáronse estratexias de dinamización comunicación e control de continxencias, servíndose das dinámicas de grupo más adecuadas en cada caso.

l) Demostrouse interese pola transmisión de valores de respecto ao medio e á contorna arqueolóxica.

7. Realiza operacións de prestación dos primeiros auxilios, interpretando as normas e protocolos e aplicando técnicas e procedementos de acordo a instrucións ou normas establecidas.

a) Desenvolvéronse operacións de valoración inicial ao/á accidentado/a, de acordo cos protocolos e instrucións recibidos.

b) Estableceuse a secuencia de actuación de acordo co protocolo establecido polo ILCOR (Comité de Coordinación Internacional sobre a Resucitación).

c) Establecéronse medidas de seguridade e autoprotección persoal nas situacións de prestación dos primeiros auxilios, de acordo cos protocolos e as instrucións recibidos.

d) Aplicáronse técnicas e procedementos de prestación de primeiros auxilios en lesións, segundo os protocolos e a normativa establecidos.

e) Aplicáronse técnicas de soporte vital, seguindo os protocolos e instrucións establecidos.

f) Efectuáronse operacións de desfibrilación externa semiautomática, seguindo os protocolos e instrucións establecidos.

g) Mantívose o autocontrol en situacións de prestación dos primeiros auxilios ao/á accidentado/a tendo en conta os protocolos e instrucións establecidos.

h) Aplicáronse técnicas de apoio psicolóxico ao/á accidentado/a e acompañante, tendo en conta os protocolos e instrucións establecidos.

i) Utilizouse a terminoloxía médico sanitaria elemental relacionada cos primeiros auxilios.

j) Demostrouse unha actitude positiva cara ao reciclaxe e actualización persoal en novos protocolos e instrumentos relacionados cos primeiros auxilios.

## Anexo III

## Obxectivos xerais e módulos de ensinanza deportiva do ciclo final de grao medio en mergullo deportivo con escafandro autónomo

### Obxectivos xerais

a) Identificar e detectar as características técnicas, físicas e psicolóxicas dos/as alumnos/as que van participar nun curso, aplicando procedementos establecidos, para avaliar se cumpre os requisitos para inicialo.

b) Analizar e interpretar a programación xeral de referencia dun curso de mergullo deportivo, aplicando métodos establecidos para concretar o seu programa operativo.

c) Elixir e xustificar os procedementos de determinación dos obxectivos, contidos, metodoloxía e actividades das sesións teóricas e prácticas dun curso de mergullo deportivo e a temporalización das actividades, axustándose o programa operativo, utilizando os datos do grupo de alumnos/as e a súa evolución e identificando os principios da aprendizaxe aplicables, para programar a corto prazo unha sesión teórica ou práctica.

d) Expoñer e demostrar os coñecementos e técnicas de mergullo que se imparten nos cursos de iniciación, consolidación e especialización de mergullo, xustificando a súa importancia, analizando as estratexias de aprendizaxe e os argumentos precisos.

e) Identificar as características organizativas dunha actividade de descubrimento e dun curso de mergullo deportivo, enumerando os requisitos administrativos, as instalacións, e medios de transporte necesarios, e aplicando as medidas de seguridade e conservación do medio, para organizar e colaborar a súa xestión.

f) Analizar os recursos humanos e materias propios dun curso de mergullo deportivo, identificando as súas características, aplicando os procedementos e normativa establecidos para facilitar a súa dispoñibilidade.

g) Identificar e analizar as funcións que outros/as guías ou instrutores/as teñen nun curso de mergullo deportivo, aplicando procedementos establecidos de xestión e comunicación para coordinar ao resto do persoal técnico.

h) Analizar as condicións de seguridade das instalacións e zonas de inmersión onde se desenvolven as sesións teóricas e prácticas dos cursos de mergullo deportivo, aplicando a normativa sobre seguridade vixente e clasificando as posibles emerxencias para establecer os protocolos de actuación e o plan de evacuación.

i) Aplicar as técnicas de avaliación dos niveis finais do/a alumno/a, seguindo os criterios establecidos na programación xeral de referencia, para determinar se é apto/a ou non apto/a no curso.

j) Identificar e analizar as variables que interveñen no desenvolvemento dun curso de mergullo deportivo, aplicando procedementos de recollida e valoración da información, e axuste de programas para valorar o desenvolvemento dos cursos.

k) Identificar e describir as características do proceso de adquisición de valores e actitudes, sendo consciente e argumentando os efectos que provocan nos/as deportistas, para transmitir valores propios do mergullo deportivo a través do comportamento ético persoal.

l) Recoñecer, promover e xustificar os valores de compromiso, traballo ben feito e aprendizaxe constante, describindo os aspectos observables da conduta que reflictan estes valores, para manter o espírito de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no desempeño do seu labor como persoal técnico.

m) Describir, elixir e demostrar as técnicas e estratexias de relación cos/coas alumnos/as dun curso de mergullo deportivo, aplicando procedementos de observación, dinámica e control, resolvendo supostos, para crear un ambiente que favoreza a súa aprendizaxe.

n) Describir e aplicar os programas de cursos de mergullo e os procedementos de adaptación para persoas con minusvalidez, clasificando as características das minusvalideces, para fomentar a igualdade de oportunidades.

**Módulo común de ensino deportivo: Bases da aprendizaxe deportiva**

**Código: MED-C201**

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Identifica as características do/a deportista de tecnificación deportiva (TD), relacionándoas coa etapa da adolescencia e analizando as variables psicolóxicas implicadas no rendemento deportivo.

a) Describíronse as características psicolóxicas propias da adolescencia.

b) Aplicáronse métodos de valoración das características psicolóxicas da etapa de TD.

c) Enumeráronse os trazos sociais máis frecuentes dos/as adolescentes.

d) Determináronse os elementos que forman parte da contorna familiar, social e deportiva do/a deportista da etapa de TD.

e) Aplicáronse procedementos de avaliación dos trazos sociais máis frecuentes no/a adolescente.

f) Describíronse os factores psicolóxicos que facilitan a aprendizaxe na etapa de TD: a motivación, a concentración, o control de pensamentos e o control das emocións.

g) Describíronse as características e tipos de motivación no deporte.

h) Argumentouse a contribución da motivación no fomento da TD.

i) Analizáronse os procedementos do mantemento da motivación durante a etapa de TD.

j) Aplicáronse estratexias psicolóxicas para o mantemento da concentración e o control de pensamentos e emocións en adestramentos e competicións propios da etapa de TD.

k) Valorouse a necesidade de integrar os aspectos psico-sociais na preparación deportiva na etapa de TD.

2. Valora o proceso de perfeccionamento técnico-táctico do/a deportista, analizando as características da aprendizaxe motora e os factores que interveñen.

a) Describíronse as diferentes teorías da aprendizaxe motora.

b) Analizáronse o proceso da aprendizaxe en base aos mecanismos de percepción, decisión e execución de accións motoras, e os seus mecanismos de regulación.

c) Valorouse a importancia de estimular os mecanismos de percepción e decisión (aspectos tácticos e estratéxicos) como construtor previo aos mecanismos de execución (aspectos técnicos).

d) Comparáronse as fases do proceso da aprendizaxe na adquisición de habilidades motoras.

e) Analizouse a tarefa, identificando os factores que determinan a súa complexidade a partir dos mecanismos de percepción, decisión e execución.

f) Analizáronse os factores que inflúen na aprendizaxe dependente do alumnado, da habilidade e/ou do proceso de ensino-aprendizaxe.

g) Identificouse a importancia da memoria nos procesos da aprendizaxe.

h) Identificouse a transferencia como elemento importante a ter en conta na aprendizaxe.

i) Aplicáronse os principios da aprendizaxe motora; exercicio, reforzo, retención e transferencia.

j) Definíronse o concepto, as características e os tipos de avaliación.

k) Elaboráronse procedementos e instrumentos de avaliación axeitados para a valoración do proceso de perfeccionamento técnico-táctico do/a deportista.

l) Valorouse a necesidade de adecuar as tarefas ao nivel de desenvolvemento técnico-táctico do/a deportista, garantindo a súa significatividade e a motivación do alumnado.

3. Aplica as técnicas de dirección, organización e dinamización de actividades de adestramento básico e perfeccionamento técnico analizando a metodoloxía e os procedementos de control e dinamización axeitados.

a) Definíronse as diferentes técnicas de dirección, organización e dinamización

de actividades de adestramento básico e perfeccionamento técnico.

b) Describíronse as diferentes estratexias metodolóxicas que se poden aplicar atendendo ás características do grupo.

c) Describíronse e aplicáronse os diferentes estilos de ensino en función das características do grupo e dos contidos a impartir.

d) Valora o tempo de práctica individual como criterio de calidade nas sesións de adestramento básico (EB) e perfeccionamento técnico (PT).

e) Valorouse a importancia da organización do espazo e do material como factor de mellora da participación do alumnado e de redución de condutas non desexadas en tarefas e sesións de EB e PT.

f) Detectáronse os efectos da posición e desprazamento do persoal técnico como factor de control e dinamización das tarefas.

g) Valorouse a importancia da actitude do persoal técnico como factor de motivación e activación nas tarefas e sesións de EB e PT.

h) Aplicáronse diferentes tipos de feedback desde o punto de vista da eficacia do mesmo (coñecemento de resultados e coñecemento do rendemento).

i) Identificáronse as variables a ter en conta na administración do feedback: momento de aplicación, frecuencia na administración, e a cantidade.

j) Identificáronse e aplicáronse as diferentes formas de distribución da práctica como un dos factores que inflúen na aprendizaxe, ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

k) Describíronse e argumentáronse as características e posibles causas dos comportamentos non desexados nas tarefas e sesións de EB e PT.

l) Analizáronse e aplicáronse as medidas de intervención do persoal técnico ante posibles condutas non desexadas en tarefas e sesións de EB e PT.

4. Interpreta a programación do ensino deportivo analizando os seus compoñentes e deseñando actividades en función da etapa da aprendizaxe do/a deportista.

a) Describíronse os tipos de programación de tecnificación deportiva, os seus principios e diferentes fases.

b) Identificáronse os obxectivos, contidos, medios, métodos e instrumentos de avaliación dun programa de ensino deportivo.

c) Valorouse a importancia da programación como elemento de control da evolución das aprendizaxes deportivas.

d) Describíronse as consideracións básicas no deseño de programas de iniciación deportiva.

e) Analizáronse as características e estrutura da sesión da aprendizaxe como unidade básica de programación deportiva.

f) Aplicáronse criterios de modificación de tarefas a partir da programación de

referencia segundo a etapa da aprendizaxe deportiva.

g) Identificáronse os elementos de complexidade da tarefa e o seu axuste en relación aos mecanismos de regulación da mesma.

h) Describíronse os conceptos de progresión, interferencia contextual e significatividade das tarefas na aprendizaxe deportiva.

i) Valorouse a importancia da progresión e a interferencia contextual no deseño e modificación de tarefas como factor de mellora na aprendizaxe deportiva.

j) Destacouse a importancia da motivación do/a deportista cara á tarefa como elemento clave na súa mellora e a súa adherencia á práctica.

5. Coordina a intervención do persoal técnico ao seu cargo, aplicando técnicas de xestión de recursos humanos.

a) Diferenciáronse as funcións do persoal técnico coordinado polo/a adestrador/a.

b) Definíronse as técnicas de comunicación máis eficaces na coordinación do traballo do persoal técnico ao seu cargo.

c) Describíronse os diferentes estilos de condución do grupo, en función das situacións e das características do persoal técnico a dirixir.

d) Elaboráronse dinámicas de grupo que potencian a capacidade de escoita e de traballo en equipo.

e) Valorouse a necesidade de cooperar para optimizar o rendemento do equipo de traballo.

6. Tutela aos/ás deportistas durante a súa participación en adestramentos e competicións, identificando e inculcando actitudes e valores persoais e sociais.

a) Identificáronse os principais problemas éticos propios da etapa de TD.

b) Valorouse a importancia de aplicar principios éticos durante a participación en competicións deportivas.

c) Identificáronse as principais formas de actuación do persoal técnico deportivo para inculcar actitudes e valores de respecto, xogo limpo e traballo en equipo, nas competicións deportivas.

d) Valorouse a importancia de desenvolver unha actitude responsable e asertiva que favoreza a transmisión de valores persoais e sociais a través do deporte.

e) Aplicáronse procedementos para a resolución de problemas e conflitos éticos que poden xurdir durante a competición deportiva.

f) Identificáronse os principais elementos do contexto que inflúen nas condutas éticas e inmorais durante a práctica deportiva.

g) Describíronse os principios deontolóxicos profesionais do persoal técnico deportivo.

h) Describíronse e aplicáronse mecanismos de adaptación da competición para favorecer unha práctica inclusiva na etapa de tecnificación deportiva.

i) Valorouse a importancia de fomentar o desenvolvemento integral do/a deportista e non só o aspecto técnico-deportivo.

j) Describíronse e aplicáronse técnicas e instrumentos de avaliación e medida de actitudes e valores no deporte.

**Contidos básicos:**

1. Identifica as características do/a deportista de tecnificación deportiva (TD), relacionándoas coa etapa da adolescencia e analizando as variables psicolóxicas implicadas no rendemento deportivo.

- Análise das características psico-sociais dos/as deportistas na etapa de tecnificación deportiva:
  - Características psicolóxicas da adolescencia.
  - Trazos sociais dos/as adolescentes.
  - Diferenzas entre mozos e mozas na adolescencia.
  - Elementos da contorna familiar, social e deportiva na TD.
  - Aplicación de métodos para avaliar as características psico-sociais dos/as deportistas na etapa de TD e da súa contorna familiar, social e deportiva.
  - Valoración da necesidade de integrar os aspectos psico-sociais da adolescencia na preparación deportiva da etapa de TD.
- Identificación e control dos factores psicolóxicos máis relevantes na etapa de tecnificación deportiva:
  - A motivación:
    - Características e tipos.
    - Procedementos para o mantemento da motivación durante a etapa de TD.
    - Valoración do papel destacado da motivación no fomento da TD.
  - A concentración:
    - Características psicolóxicas.
    - Aplicación de recursos para facilitar o mantemento da concentración en adestramentos e competicións.
  - Control de pensamentos e emocións:
    - Características psicolóxicas.
    - Medo ao fracaso e ansiedade precompetitiva.

        - Burnout (Síndrome do queimado) en mozos/as deportistas.
        - Aplicación de recursos para facilitar o control de pensamentos e emocións en adestramentos e competicións.

2. Valora o proceso de perfeccionamento técnico-táctico do/a deportista, analizando as características da aprendizaxe motora e os factores que interveñen.

- Análise das características da aprendizaxe motora e os factores que interveñen:
    - Teorías da aprendizaxe motora.
    - Mecanismos da aprendizaxe: a percepción, a decisión, a execución e os seus mecanismos de regulación.
    - Fases da aprendizaxe deportiva:
        - Cognitiva (iniciación).
        - Asociativa (perfeccionamento).
        - Automática (dominio).
    - A importancia da aprendizaxe en base aos mecanismos de percepción e decisión, sobre os aspectos de execución.
    - Factores dos que depende a aprendizaxe:
        - Identificación dos factores que inflúen na aprendizaxe, dependentes do alumnado: idade, sexo, coñecementos previos, coeficiente intelectual, motivación.
        - Identificación dos factores que inflúen na aprendizaxe, dependentes da habilidade: atendendo ao mecanismo implicado e á complexidade da tarefa.
        - Identificación dos factores que inflúen na aprendizaxe, dependentes do proceso de ensino-aprendizaxe: transmisión de información, progresión, distribución da práctica.
        - Valoración da importancia de adaptar as tarefas ás necesidades do alumnado.
    - Principios da aprendizaxe motora:
        - Aplicación dos principios da aprendizaxe motora:
        - Exercicio, reforzo, retención e transferencia.
        - A transferencia: tipos e aplicacións á aprendizaxe.
        - A memoria.
        - Importancia da transferencia do aprendido a outros contextos.
- O proceso de perfeccionamento técnico-táctico do/a deportista:
    - Identificación das características técnico-tácticas propias da etapa

    - de perfeccionamento.

- A avaliación: concepto, características e tipos.
    - Deseño e aplicación de procedementos e instrumentos de avaliación do proceso de perfeccionamento técnico-táctico do/a deportista: obxectivos/subxectivos, cualitativos/cuantitativos.
    - Valoración da importancia da avaliación para valorar a adquisición de novas aprendizaxes e a estabilidade dos xa aprendidos.

3. Aplica as técnicas de dirección, organización e dinamización de actividades de adestramento básico e perfeccionamento técnico analizando a metodoloxía e os procedementos de control e dinamización axeitados.

- Análise da metodoloxía e os procedementos de control e dinamización de actividades de adestramento básico e perfeccionamento técnico.
    - Técnicas de dirección, organización e dinamización de actividades.
    - Os estilos de adestrador/a na dirección de grupos.
    - Estratexias metodolóxicas e estilos de ensino en función das características do grupo e a actividade. Valoración do tempo de práctica do alumnado.
    - Técnicas de xestión das actividades para optimizar os tempos de práctica e o control do grupo.
    - Importancia da posición estratéxica do persoal técnico na actividade.
    - Implicación activa do persoal técnico nas tarefas para involucrar e motivar ao alumnado.
    - Diferentes tipos de feedback, variables e tipos desde o punto de vista da eficacia do mesmo (coñecemento de resultados e coñecemento do rendemento).
    - Identificación da práctica concentrada ou distribuída en función do tipo de actividade e características do grupo.
    - As condutas disruptivas e situacións de conflito nas actividades.
    - Xestión de recursos fronte ás condutas non desexadas.

4. Interpreta a programación do ensino deportivo analizando os seus compoñentes e deseñando actividades en función da etapa da aprendizaxe do/a deportista.

- Interpretación e deseño de programacións:
    - Tipos, principios e fases da programación deportiva.
    - Elementos da programación das aprendizaxes deportivas: obxectivos, contidos, medios, métodos e instrumentos de avaliación.
    - Interpretación da programación do ensino deportivo.

- Elaboración e aplicación de programas de iniciación deportiva.
- Deseño de sesións da aprendizaxe na iniciación deportiva.
- Elaboración de secuencias da aprendizaxe, aplicación de criterios para a modificación de tarefas da aprendizaxe deportiva.
- A programación como elemento de avaliación das aprendizaxes deportivas.

* Elección e deseño de tarefas motoras:
  - A tarefa motora: complexidade e dificultade, factores dos que depende.
  - A progresión, significatividade e interferencia contextual nas tarefas durante as secuencias da aprendizaxe.
  - Valoración da progresión das aprendizaxes como elemento fundamental no deseño e modificación/manipulación de tarefas.
  - Valoración da importancia de adecuar as tarefas ás características e intereses dos e das deportistas.

5. Coordina a intervención do persoal técnico ao seu cargo, aplicando técnicas de xestión de recursos humanos.

* Dirección e coordinación de grupos de traballo:
  - Dinámica e características de grupos de traballo non xerarquizados.
  - Asignación de roles: claridade, aceptación e cumprimento das funcións do persoal técnico.
  - Valoración da necesidade de cooperar.
* Aplicacións técnicas de comunicación e condución de grupos:
  - Técnicas de comunicación para a coordinación de grupos non xerarquizados.
  - Adecuación dos estilos de condución ás necesidades da situación e das persoas.
  - Dinámicas de grupo que potencian o traballo en equipo e a capacidade de escoita.

6. Tutela aos/ás deportistas durante a súa participación en adestramentos e competicións, identificando e inculcando actitudes e valores persoais e sociais.

* Identificación de actitudes e valores persoais e sociais en relación coa práctica deportiva e a competición:
  - Principais problemas éticos na etapa de TD: abandono, exclusión da práctica, procura de resultados.
  - O contexto da práctica deportiva (clubs, asociacións, organizadores deportivos, árbitros, medios de comunicación, etc.) na promoción e

desenvolvemento de valores no deporte.

- ○ Avaliación e medida de actitudes e valores no deporte: técnicas e instrumentos de medida dos valores no deporte (diario de sesións, test sociométrico, cuestionarios, perfil de polaridade, etc.).

- Transmisión de actitudes e valores persoais e sociais en relación coa práctica deportiva e a competición:
  - ○ Características do persoal técnico deportivo para favorecer a transmisión de valores persoais e sociais a través do deporte:
    - ➢ Empatía, asertividade, sensibilidade moral, capacidade de liderado, fomento do traballo en equipo, etc.
  - ○ Necesidade de desenvolvemento da responsabilidade persoal e a asertividade na transmisión de valores persoais e sociais a través do deporte.
  - ○ Estratexias para resolución de conflitos que poidan xurdir durante a participación en eventos deportivos e competicións (role-playing; banco de reflexión; dilemas morais, etc.).
  - ○ Principios deontolóxicos do persoal técnico deportivo.
  - ○ Adaptación das estruturas competitivas ao desenvolvemento de valores persoais e sociais (mantemento do carácter lúdico e de participación de todos e todas, cambios regulamentarios).

**Módulo común de ensino deportivo: Bases do adestramento deportivo**

**Código: MED-C202**

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Identifica as características físicas de homes e mulleres, analizando as funcións anatómico-fisiolóxicas do organismo en relación co exercicio físico.

a) Describiuse a estrutura e organización do organismo en función das súas unidades estruturais (células, tecidos e sistemas).

b) Diferenciáronse as distintas posibilidades de movemento do corpo humano, usando a terminoloxía correcta para a descrición de posicións e direccións, en función dos eixes e planos anatómicos.

c) Analizouse e describiuse a estrutura e funcionamento do aparello locomotor (ósos, articulacións e músculos).

d) Analizouse e describiuse a estrutura e funcionamento do sistema nervioso en relación ao exercicio, atendendo á estrutura e función da neurona, e ao proceso de sinapse nerviosa.

e) Analizouse e describiuse a estrutura e funcionamento do aparello cardiocirculatorio en relación co exercicio, atendendo á estrutura e dinámica do sangue, o corazón e os vasos sanguíneos.

f) Analizouse e describiuse a estrutura e funcionamento do aparello

respiratorio en relación co exercicio físico.

g) Analizouse e describiuse a estrutura e funcionamento do sistema endocrino, en relación ás hormonas e glándulas endocrinas determinantes no desenvolvemento e ao exercicio físico.

h) Analizouse e describiuse o ciclo menstrual feminino en relación co adestramento deportivo.

i) Analizouse e describiuse a estrutura e funcionamento do sistema dixestivo.

j) Describíronse as diferentes fontes enerxéticas no organismo, relacionando a súa implicación no exercicio físico.

k) Describíronse as principais adaptacións do organismo ao exercicio físico.

l) Valorouse a importancia das funcións anatómico-fisiolóxicas como base do adestramento deportivo.

2. Promove prácticas deportivas saudables, identificando as pautas hixiénicas máis axeitadas nas etapas de iniciación e tecnificación deportiva.

a) Analizáronse as repercusións positivas máis relevantes da práctica deportiva sobre o organismo humano.

b) Analizáronse as consecuencias negativas que pode levar consigo unha práctica deportiva inadecuada.

c) Identificáronse as contraindicacións (patolóxicas) xerais máis importantes á práctica de exercicio físico.

d) Analizáronse os beneficios dunha axeitada hixiene deportiva.

e) Respectáronse unhas pautas básicas en canto ao equipamento e os coidados hixiénico-corporais básicos na práctica deportiva.

f) Desenvolvéronse actividades de quecemento xeral e arrefriado do/a deportista.

g) Aplicáronse os principios da hixiene postural na práctica de exercicios de acondicionamento físico xeral.

h) Identificáronse hábitos posturais axeitados na práctica de actividades cotiás.

i) Describíronse as bases para unha alimentación e hidratación axeitadas antes, durante e despois do exercicio.

j) Analizáronse hábitos insalubres contraproducentes para o desenvolvemento físico das persoas e especialmente en relación a deportistas novos/as.

k) Describíronse as consecuencias do adestramento deportivo sobre a saúde das deportistas.

l) Valorouse a importancia de prever as consecuencias negativas dunha mala práctica deportiva.

3. Valora a condición motriz xeral de homes e mulleres aplicando as técnicas e metodoloxía de avaliación axeitada distinguindo as diferentes capacidades físicas

básicas.

a) Describiuse o concepto de capacidade motriz da persoa.

b) Identificáronse as capacidades coordinativas e condicionais como constitutivas da capacidade motriz da persoa.

c) Describíronse as características das capacidades condicionais da persoa.

d) Describíronse as características das capacidades coordinativas da persoa.

e) Clasificáronse os instrumentos e medios máis importantes para a valoración das capacidades condicionais.

f) Clasificáronse os instrumentos e medios máis importantes para a valoración das capacidades coordinativas.

g) Describiuse a evolución da capacidade motriz da persoa durante a adolescencia.

h) Valorouse a importancia da obxectividade, fiabilidade e validez dos métodos de medición das capacidades condicionais.

i) Valorouse a importancia da obxectividade, fiabilidade e validez dos métodos de medición das capacidades coordinativas.

4. Interpreta a programación describindo os principios e os elementos básicos do adestramento deportivo.

a) Describíronse e analizáronse os principais compoñentes das cargas de adestramento en relación a unha programación establecida.

b) Describíronse os principais conceptos de programación en adestramento deportivo.

c) Analizáronse, interpretáronse e comparáronse os elementos básicos da programación deportiva.

d) Analizáronse os diferentes mesociclos de toda programación deportiva.

e) Analizáronse os diferentes microciclos de toda programación deportiva.

f) Analizáronse os diferentes tipos e características da sesión de adestramento.

g) Analizáronse e interpretáronse programacións deportivas na etapa de tecnificación deportiva.

h) Identificáronse e analizáronse os procedementos de rexistro de toda programación deportiva.

i) Analizáronse os principios do adestramento deportivo e a súa relación coa programación deportiva.

j) Analizáronse e interpretáronse as principais leis que rexen o adestramento deportivo.

k) Valorouse a importancia da programación no proceso de adestramento.

5. Desenvolve a condición motriz xeral de homes e mulleres, analizando os

principios metodolóxicos do adestramento das capacidades e os medios utilizados.

a) Analizáronse e aplicáronse os principios de incremento da carga de adestramento.

b) Analizáronse e aplicáronse os principios metodolóxicos do adestramento da forza.

c) Analizáronse e aplicáronse os principios metodolóxicos do adestramento da resistencia.

d) Analizáronse e aplicáronse os principios metodolóxicos do adestramento da velocidade.

e) Analizáronse e aplicáronse os principios metodolóxicos do adestramento da flexibilidade.

f) Analizáronse e aplicáronse os principios metodolóxicos do adestramento das capacidades coordinativas.

g) Analizáronse os principais medios do adestramento da forza.

h) Analizáronse os principais medios do adestramento da resistencia.

i) Analizáronse os principais medios do adestramento da velocidade.

j) Analizáronse os principais medios do adestramento da flexibilidade.

k) Analizáronse os principais medios do adestramento das capacidades coordinativas.

l) Valorouse a importancia dos principios metodolóxicos e medios de adestramento das capacidades para o correcto desenvolvemento da condición motriz xeral das persoas.

**Contidos básicos:**

1. Identifica as características físicas de homes e mulleres, analizando as funcións anatómico-fisiolóxicas do organismo en relación co exercicio físico.

- Células, tecidos e sistemas no organismo: estrutura e organización xeral.
- Descrición espacial do movemento: posición anatómica, eixes e planos anatómicos; Terminoloxía de posición e dirección.
- Aparello locomotor: principais ósos, articulacións e músculos. Estrutura e mobilidade das principais rexións anatómicas.
- Sistema nervioso: neurona, sinapse e transmisión do impulso nervioso.
- Aparello cardiocirculatorio: o corazón, resposta circulatoria ao exercicio, conceptos relacionados. Frecuencia cardíaca e volume sistólico.
- Aparello respiratorio: estrutura anatómica, capacidades e volumes pulmonares; resposta ventilatoria ao exercicio.
- Sistema endocrino: principais hormonas e glándulas endocrinas. Resposta hormonal ao exercicio.

- Ciclo menstrual: características, influencia na práctica da actividade físico deportiva, menarquia, amenorrea primaria e secundaria.
- Sistema dixestivo: anatomía e fisioloxía básica.
- Metabolismo enerxético: ATP e principais vías metabólicas.
- Adaptacións dos diferentes sistemas implicados no exercicio físico.

2. Promove prácticas deportivas saudables, identificando as pautas hixiénicas máis axeitadas nas etapas de iniciación e tecnificación deportiva.

- Deporte-saúde: concepto, relación con outros ámbitos deportivos.
- Beneficios da práctica físico-deportiva sobre o organismo: repercusións físicas, psico-emocionais e psico-sociais.
- Riscos propios dunha práctica deportiva inadecuada: repercusións físicas, psico-emocionais e psico-sociais.
- Contraindicacións xerais máis importantes á práctica de exercicio físico: contraindicacións absolutas e relativas; precaucións.
- Hixiene deportiva: pautas xerais, hábitos e coidados hixiénico-corporais, equipamento deportivo.
- Efectos do adestramento deportivo na saúde específica das deportistas: beneficios (incremento capital óseo, entre outros) e riscos dunha práctica inadecuada (triada, entre outros).
- Hixiene postural na práctica de exercicios de acondicionamento físico: pautas básicas de corrección postural, exercicios desaconsellados.
- Hixiene postural na práctica de actividades cotiás.
- O quecemento e a volta á calma na sesión deportiva.
- A alimentación e a hidratación vinculadas ao exercicio (antes, durante e despois do exercicio físico).
- Hábitos insalubres contraproducentes para a práctica deportiva: alcol, tabaco e outras drogas. “Comida lixo”. Trastornos alimentarios.

3. Valora a condición motriz xeral de homes e mulleres aplicando as técnicas e metodoloxía de avaliación axeitada distinguindo as diferentes capacidades físicas básicas.

- Capacidades motrices: xeneralidades.
- Capacidades coordinativas: xeneralidades.
- Capacidades condicionais: xeneralidades.
- A resistencia.
- A velocidade.
- A forza.

- ADM.
- A axilidade.
- A coordinación.
- O equilibrio.
- Control do adestramento: instrumentos e valoración das capacidades condicionais e as capacidades coordinativas.

4. Interpreta a programación describindo os principios e os elementos básicos do adestramento deportivo.

- O adestramento deportivo: concepto, obxectivos e características. Elementos configurativos.
- A carga de adestramento: conceptos, características, elementos básicos, medios e métodos de aplicación, control e incremento da carga: volume, intensidade, recuperación, densidade.
- Principios básicos do adestramento deportivo.
- Leis básicas do adestramento deportivo: Síndrome xeral de adaptación, sobrecompensación, recuperación.
- Factores de rendemento.
- Períodos e ciclos de adestramento:
- Programación do adestramento e a competición: obxectivos, contidos, periodización.

5. Desenvolve a condición motriz xeral de homes e mulleres, analizando os principios metodolóxicos do adestramento das capacidades e os medios utilizados.

- Adestramento xeral e específico.
- A resistencia: principios metodolóxicos e medios de adestramento.
- A velocidade: principios metodolóxicos e medios de adestramento.
- A forza: principios metodolóxicos e medios de adestramento.
- ADM: principios metodolóxicos e medios de adestramento.
- Capacidades coordinativas: principios metodolóxicos e medios de adestramento.

**Módulo común de ensino deportivo: Deporte adaptado e minusvalidez**

**Código: MED-C203**

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Organiza sesións de iniciación deportiva analizando as necesidades das persoas con minusvalidez.

a) Describíronse os principais tipos de minusvalidez atendendo ao mecanismo funcional afectado e as súas consecuencias a nivel perceptivo motor.

b) Recoñecéronse pautas de traballo específicas na iniciación deportiva segundo os diferentes tipos de minusvalidez.

c) Aplicáronse procedementos básicos de recollida de información do comportamento motor da persoa con minusvalidez, (especialmente en relación ao transporte, o control de obxectos e as súas habilidades motrices básicas).

d) Determináronse medidas de seguridade específicas na iniciación deportiva segundo os diferentes tipos de minusvalidez.

e) Determináronse as principais orientacións metodolóxicas a empregar segundo o tipo de minusvalidez, especialmente en relación á comunicación e a participación na tarefa.

f) Argumentouse a importancia de identificar, previamente á práctica, as características propias e individuais de todo/a practicante con algunha minusvalidez.

2. Aplica recursos que fomentan a participación de persoas con minusvalidez en actividades físico deportivas analizando as características da tarefa e identificando as limitacións para a práctica deportiva orixinadas polo contexto.

a) Valorouse a importancia de maximizar as oportunidades de participación das persoas con minusvalidez nas tarefas, xogos e deportes.

b) Analizáronse as principais vías de incorporación á práctica deportiva de persoas con minusvalidez.

c) Describíronse os mecanismos de adaptación de tarefas para as persoas con minusvalidez que compensan os déficits que se presentan.

d) Aplicáronse procedementos de modificación das tarefas, xogos e deportes para favorecer a participación, o goce e as posibilidades de éxito de persoas con minusvalidez na práctica.

e) Valorouse a importancia do fomento da participación activa de persoas con minusvalidez en situacións inclusivas de práctica.

f) Identificáronse as principais limitacións cara á práctica provocadas pola falta de accesibilidade nas instalacións e espazos deportivos.

g) Examináronse as limitacións orixinadas pola falta de acceso á información da oferta deportiva e a difusión da práctica.

h) Valorouse a importancia dunha actitude positiva cara á inclusión por parte de compañeiros/as, persoal técnico, as propias familias e as institucións cara á práctica deportiva de persoas con minusvalidez.

i) Describíronse as posibilidades do material deportivo adaptado específico dos diferentes xogos e deportes adaptados.

j) Enunciáronse as posibilidades das axudas técnicas atendendo ao tipo de minusvalidez e práctica deportiva que realicen as persoas.

3. Organiza aos/ás deportistas con minusvalidez interpretando as principais

clasificacións funcionais do deporte adaptado e as características dos deportes adaptados.

a) Describiuse o concepto de clasificación funcional deportiva e o concepto de minusvalidez mínima.

b) Enunciáronse as clasificacións funcionais deportivas segundo o tipo de minusvalidez.

c) Xustificouse a importancia das clasificacións funcionais para a homoxeneización dos procesos competitivos no deporte adaptado argumentando as diferenzas entre as mesmas.

d) Aplicáronse criterios de adaptación da clasificación para fomentar a participación de mulleres con minusvalidez, grandes discapacitados e, mesmo, persoas sen minusvalidez.

e) Identificáronse os xogos e deportes adaptados específicos para persoas con minusvalidez, incluíndo as características daqueles que son específicos.

f) Recoñeceuse a importancia de vivenciar algúns deportes adaptados practicados por persoas con minusvalidez a través de situacións simuladas.

g) Seleccionouse o deporte adaptado máis axeitado atendendo ao tipo de mecanismo funcional afectado e a clasificación funcional deportiva.

h) Valorouse a importancia da participación de persoas con minusvalidez no deporte como peza clave da súa integración social.

4. Orienta ás persoas con minusvalidez cara á práctica deportiva recoñecendo a estrutura do deporte adaptado e as fontes de información dispoñibles.

a) Relacionouse a orixe do deporte para persoas con minusvalidez coa estrutura actual do deporte adaptado.

b) Identificáronse os organismos reguladores do deporte adaptado a nivel internacional, nacional e rexional.

c) Diferenciáronse as estruturas deportivas paralímpicas das que non o son.

d) Valorouse o papel das institucións (federacións deportivas, asociacións, clubs, etc.) na organización e fomento da competición, a recreación e a práctica saudable.

e) Diferenciáronse as orixes da práctica deportiva dunha persoa con minusvalidez (hospitalaria, asociativa, etc.), e as diferentes finalidades (rehabilitadora, terapéutica, recreativa, deportiva, etc.) da práctica.

f) Describíronse os diferentes programas de deporte adaptado que existen.

g) Describíronse os principais programas de difusión da práctica e desenvolvemento do deporte adaptado como exemplos de boa práctica.

h) Utilizáronse as fontes de información dispoñibles en deporte adaptado como recurso básico para orientar aos/ás deportistas con minusvalidez.

i) Valorouse a importancia da promoción do deporte adaptado como xerador

de valores persoais e sociais e vehículo de integración social.

**Contidos básicos:**

1. Organiza sesións de iniciación deportiva analizando as necesidades das persoas con minusvalidez.

- Descrición das minusvalideces:
  - Minusvalidez sensorial: visual e auditiva.
  - Minusvalidez intelectual: atraso mental e síndrome de Down.
  - Minusvalidez física: lesión medular, parálise cerebral e amputacións.
- Tipo de minusvalidez e a súa relación co mecanismo perceptivo motor.
- Valoración inicial das características específicas das persoas con minusvalidez.
- Utilización de ferramentas básicas para a recollida de información da competencia motriz en persoas con minusvalidez.
- Aplicación das orientacións metodolóxicas oportunas en función do tipo de minusvalidez.
- Aplicación de restricións e condicións básicas de seguridade na práctica deportiva segundo minusvalidez.
- A importancia das adaptacións metodolóxicas e a seguridade na iniciación deportiva de persoas con minusvalidez.

2. Aplica recursos que fomentan a participación de persoas con minusvalidez en actividades físico deportivas analizando as características da tarefa e identificando as limitacións para a práctica deportiva orixinadas polo contexto.

- Xustificación da práctica deportiva das persoas con minusvalidez como factor clave do seu benestar e calidade de vida.
- As vías de incorporación á práctica de persoas con minusvalidez.
- Identificación das principais restricións na participación cara á práctica deportiva provocadas polo contexto.
- Identificación das actitudes na contorna das persoas con minusvalidez.
- Barreiras arquitectónicas nas instalacións deportivas.
- Integración e inclusión a través dos xogos e os deportes.
- Identificación e utilización dos mecanismos de adaptación das tarefas, xogos e deportes.
- Aplicación do xogo e as súas diferentes orientacións como elemento de atención á diversidade.
- Características do material deportivo adaptado.
- As axudas técnicas para a práctica deportiva.

- Valoración do papel da integración-inclusión das persoas con minusvalidez en xogos e deportes.
- Vivenciación de situacións de práctica inclusiva para o fomento da participación de persoas con minusvalidez.

3. Organiza aos/ás deportistas con minusvalidez interpretando as principais clasificacións funcionais do deporte adaptado e as características dos deportes adaptados.

- Tipo de deporte adaptado en función do mecanismo funcional afectado.
- As principais clasificacións funcionais deportivas segundo o tipo de minusvalidez. O concepto de «mínima minusvalidez».
- As clasificacións funcionais como proceso de homoxeneización para a participación.
- Análise da participación das persoas con minusvalidez, en función da afectación e do sexo para unha participación igualitaria.
- A práctica deportiva con persoas con minusvalidez en condicións de igualdade como factor de integración e participación.
- Características do deporte adaptado.
- Os deportes adaptados específicos.
- A participación de persoas sen minusvalidez na práctica de deportes adaptados («Integración á inversa»).
- Participación e vivenciación dos principais deportes adaptados.

4. Orienta ás persoas con minusvalidez cara á práctica deportiva recoñecendo a estrutura do deporte adaptado e as fontes de información dispoñibles.

- Orixe e historia do deporte adaptado.
- Estrutura do deporte adaptado.
- O Comité Paralímpico Internacional e o Comité Paralímpico Español.
- As orixes da práctica deportiva dunha persoa con minusvalidez e finalidades da mesma.
- Os programas de difusión e desenvolvemento do deporte adaptado.
- O papel do tecido asociativo de persoas con minusvalidez na difusión da práctica deportiva.
- As principais fontes de información sobre o deporte adaptado.
- O deporte adaptado como promotor de valores e vehículo de integración social.

XUNTA DE GALICIA

**Módulo común de ensino deportivo: Organización e lexislación deportiva**

**Código: MED-C204**

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Interpreta a normativa de competición relacionándoa coa organización deportiva nacional e a súa estrutura administrativa e o réxime disciplinario deportivo.

a) Describíronse os organismos deportivos de ámbito nacional máis importantes e as súas funcións.

b) Relacionouse a lexislación deportiva de ámbito nacional, coa súa estrutura administrativa.

c) Identificáronse as características do réxime disciplinario deportivo e as súas funcións.

d) Describiuse o réxime disciplinario deportivo aplicado á competición.

e) Expuxéronse as infraccións e sancións máis importantes relacionadas coa dopaxe, a violencia e a disciplina deportiva xeral.

f) Explicáronse os procedementos de comunicación das sancións deportivas.

g) Identificáronse as funcións dos diferentes órganos disciplinarios (clubs, federacións, Comité Español de Disciplina Deportiva).

h) Identificáronse os órganos responsables da aplicación da normativa sobre a dopaxe.

2. Selecciona e prepara recursos materiais e instalacións necesarias analizando as súas condicións de seguridade e relacionándoa coa normativa vixente.

a) Describíronse as características das instalacións deportivas, a súa funcionalidade e a súa relación cos aspectos de seguridade, e de protección do medio.

b) Describíronse os criterios de seguridade que deben cumprir os equipamentos necesarios para a práctica deportiva.

c) Identificouse a normativa de aplicación en relación coa seguridade nas instalacións deportivas.

d) Analizouse o significado e alcance dos distintos tipos de sinalización de seguridade nunha instalación deportiva.

e) Analizáronse os requisitos básicos de seguridade que deben cumprir as instalacións e equipamento deportivo para todas as persoas que sexan usuarias ou persoal laboral, segundo a normativa vixente.

f) Analizáronse, nun suposto práctico, as características dos plans de emerxencia e evacuación dunha instalación deportiva.

g) Describíronse as medidas de protección contra actos antisociais e de violencia no deporte, nunha instalación deportiva.

h) Valorouse a importancia de establecer os plans de emerxencia e evacuación nunha instalación deportiva.

3. Prepara o desprazamento da persoa ou grupo, aplicando os procedementos establecidos e a normativa vixente.

a) Interpretouse e cubriuse a documentación e permisos necesarios para a xestión da viaxe.

b) Identificouse a normativa referente aos seguros de accidente e actividade.

c) Comparáronse diferentes tipos de seguros de accidente coas necesidades dun suposto de desprazamento.

d) Valorouse a responsabilidade que ten o persoal técnico sobre o control do grupo nos desprazamentos.

e) Interpretouse a normativa referente á responsabilidade do persoal técnico no desprazamento dos grupos.

f) Deseñouse o plan de viaxe nun suposto práctico de desprazamento dun grupo de deportistas.

4. Dirixe e acompaña a deportistas en competicións de nivel de iniciación e tecnificación deportiva analizando as características de organización das competicións.

a) Cubriuse a documentación relativa á inscrición en competicións.

b) Valorouse a importancia da responsabilidade do persoal técnico durante a competición.

c) Identificáronse as fases na organización dunha competición de iniciación ou tecnificación deportiva.

d) Describíronse as funcións máis relevantes na organización dunha competición deportiva.

e) Xustificouse a importancia da cobertura legal: licenza federativa e seguro deportivo, do/a deportista durante a competición.

5. Realiza actividades de xestión dun club deportivo aplicando os procedementos axeitados para a súa constitución e posta en marcha.

a) Identificouse a normativa que regula a constitución e funcionamento dun club deportivo en función do seu ámbito de actuación.

b) Identificáronse os trámites necesarios para a creación dun club deportivo en función do seu ámbito de actuación.

c) Analizáronse as posibles vías de financiamento económico existentes para a creación e xestión dun club deportivo segundo as características do mesmo.

d) Describíronse as características organizativas básicas dun club deportivo relacionándoas co obxecto da súa actividade.

e) Valorouse a importancia do club deportivo como elemento favorecedor da práctica deportiva.

f) Identificáronse os elementos necesarios no establecemento de convenios coas Administracións públicas, así como outras asociacións de carácter privado.

**Contidos básicos:**

1. Interpreta a normativa de competición relacionándoa coa organización deportiva nacional e a súa estrutura administrativa.

- Lexislación deportiva estatal e normativa relacionada: obxecto e rango e ámbito de aplicación.
- O Consello Superior de Deportes. Estrutura básica e funcións.
- Entidades deportivas españolas: Comité Olímpico Español, Comité Paralímpico Español. Estrutura básica e funcionamento.
- Entidades deportivas españolas: federacións españolas deportivas. Estrutura básica e funcionamento.
- Réxime disciplinario deportivo e procedementos sancionadores. Natureza, competencias dos órganos disciplinarios: Axencia Estatal Antidopaxe, Comité Español de Disciplina Deportiva, Comisión Nacional contra a Violencia nos espectáculos deportivos.

2. Selecciona e prepara recursos materiais e instalacións necesarias analizando as súas condicións de seguridade e relacionándoa coa normativa vixente.

- Instalacións deportivas: concepto e características funcionais.
- Medidas de protección do medio nas instalacións deportivas:
    - Aforro e uso eficiente da auga e a enerxía.
    - As afeccións na contorna física. Redución de residuos, apoio á reciclaxe e reutilización.
- Normativa sobre seguridade nas instalacións deportivas. Medidas de protección para usuarios/as e traballadores/as.
- Protección contra actos antisociais e violencia no deporte.
- Análise e aplicación dos plans de emerxencia e evacuación.
- A información sobre seguridade nas instalacións deportivas. Interpretación da sinalización de seguridade.
- Procedementos de revisión dos equipamentos deportivos.

3. Prepara o desprazamento da persoa ou grupo de iniciación e tecnificación deportiva aplicando os procedementos establecidos e a normativa vixente.

- A organización do desprazamento dos grupos deportivos:
    - Características, cumprimentación e tipo de documentación e permisos de desprazamento dos/as deportistas, normativa de aplicación.

- A elección dos seguros de accidentes e de actividade. Tipos e características. Normativa de aplicación.
- Responsabilidade civil do persoal técnico deportivo:
  - Características e normativa vixente. O acompañamento ou tutela de menores durante o desprazamento.
- Asunción de normas e responsabilidades do persoal técnico deportivo nas viaxes dos grupos deportivos.

4. Dirixe e acompaña a deportistas en competicións de nivel de iniciación e tecnificación deportiva analizando as características de organización das competicións.

- Análise dos requisitos básicos para a participación en competicións de tecnificación deportiva:
  - Proceso de inscrición, documentación e prazos.
  - Tramitación e características da licenza federativa: autonómica e nacional.
  - A tramitación do seguro obrigatorio deportivo.
- Análise das funcións e responsabilidade do persoal técnico deportivo durante a competición.
- Organización e estrutura básica das competicións deportivas, as fases máis relevantes. Funcións da organización.

5. Xestiona un club deportivo aplicando os procedementos axeitados para a súa constitución e posta en marcha.

- O club deportivo. Tipos, características e estrutura básica.
- Normativa de constitución e funcionamento dun club deportivo.
- Procedemento de constitución e inscrición dos clubs deportivos.
- Vías de financiamento dos clubs deportivos: ingresos propios, ingresos indirectos, subvencións de institucións públicas.
  - Tipos e modalidades das axudas e subvencións aos clubs. Procedemento de tramitación.
  - Convenios de colaboración coa Administración: protocolos, cláusulas, anexos.
  - O patrocinio deportivo. Tipos e normativa relacionada.

**Módulo común de ensino deportivo: Xénero e deporte**

**Código: MED-C205**

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Identifica a realidade do deporte feminino, analizando os elementos sociais

que o caracterizan.

a) Identifícase a terminoloxía específica na temática de xénero.

b) Valorouse a importancia da autoavaliación permanente sobre os prexuízos e estereotipos persoais en relación ao xénero.

c) Describíronse os prexuízos e estereotipos persoais e sociais, específicos en relación ao xénero e á práctica da actividade físico-deportiva.

d) Identificouse a evolución do deporte feminino e os aspectos que resultaron determinantes na devandita evolución.

e) Identificáronse e categorizáronse as diferenzas do deporte feminino en relación co masculino.

f) Describíronse os índices de práctica deportiva feminina nos diferentes ámbitos (deporte escolar, deporte federado, etc.).

g) Describiuse e analizouse o abandono feminino e as súas causas.

h) Analizouse a situación das mulleres como persoal técnico, corpo arbitral e adestradoras, así como en diferentes ámbitos da xestión deportiva.

2. Promove a incorporación da muller ao ámbito deportivo analizando as súas peculiaridades específicas, as do seu contexto e aplicando diferentes estratexias de intervención.

a) Describíronse os intereses e as motivacións particulares das mulleres ante a práctica deportiva.

b) Describíronse as principais barreiras que atopan as mulleres no desenvolvemento da práctica deportiva.

c) Valorouse a importancia de potenciar unha imaxe corporal saudable para o benestar da muller deportista.

d) Valorouse a importancia de considerar as características biolóxicas específicas da muller deportista como parte da súa vivencia persoal.

e) Valorouse a importancia de maximizar as oportunidades de participación das mulleres na actividade físico-deportiva.

f) Analizáronse as principais vías de incorporación das mulleres á práctica deportiva.

g) Valorouse a importancia de desenvolver prácticas inclusivas no fomento da participación activa das mulleres no deporte.

h) Aplicáronse estratexias metodolóxicas para favorecer a participación, e as posibilidades de éxito das deportistas.

i) Valorouse a importancia dunha actitude positiva dos/as compañeiros/as, persoal técnico, familias e as institucións cara á práctica deportiva das mulleres.

j) Identificáronse os usos sexistas da linguaxe e as formas básicas para facer un uso do mesmo que visibilice ás mulleres deportistas.

3. Apoia a incorporación da muller ao deporte, identificando o papel das institucións e as liñas de apoio ao deporte feminino.

a) Identificáronse as institucións e organismos vinculados, co deporte feminino a nivel nacional, autonómico e local.

b) Valorouse a importancia da coordinación e colaboración interinstitucional no fomento de hábitos de práctica físico-deportiva nas mulleres.

c) Valorouse o papel das institucións (federacións deportivas, asociacións, clubs, etc.) na organización e o fomento da competición, a recreación e a práctica da actividade física saudable das mulleres.

d) Describíronse as principais características dos programas de promoción da práctica físico-deportiva nas mulleres.

e) Valoráronse os principais programas de promoción e desenvolvemento da práctica deportiva feminina como exemplos de boas prácticas.

f) Valorouse a importancia da promoción do deporte feminino como xerador de valores persoais, sociais e como vehículo de integración social.

**Contidos básicos:**

1. Identifica a realidade do deporte feminino, analizando os elementos sociais que o caracterizan.

- Terminoloxía específica:
  - Sexo-xénero.
  - Prexuízo/estereotipo de xénero.
  - Igualdade de acceso/igualdade de oportunidades.
  - Modelos androcéntricos.
  - Expectativas sociais.
- Prexuízos e estereotipos persoais e sociais en relación ao xénero e á práctica de actividade físico-deportiva.
- Evolución da práctica de actividade físico-deportiva das mulleres e factores determinantes.
- Modalidades deportivas con características diferenciais entre homes e mulleres.
- Índices de práctica físico-deportiva feminina nos diferentes ámbitos:
  - Ámbito escolar.
  - Ámbito federado.
  - Ámbito universitario.
  - Ámbito recreativo.
- Índices de abandono nos diferentes ámbitos (escolar, federado,

universitario, recreativo, etc.).

- Causas do abandono da práctica físico-deportiva feminina.
- As mulleres como persoal técnico, adestradoras, corpo arbitral e xestoras deportivas.

2. Promove a incorporación da muller ao ámbito deportivo analizando as peculiaridades específicas da muller deportista e o seu contexto e aplicando diferentes estratexias de intervención.

- Intereses e motivacións específicas da muller ante a práctica físico-deportiva.
- Barreiras para o desenvolvemento da práctica deportiva.
- Imaxe corporal na muller deportista:
    - Trazos característicos dunha imaxe corporal positiva e imaxe corporal negativa.
    - Estratexias para fomentar unha imaxe corporal positiva na muller deportista.
- Influencia das características biolóxicas femininas no desenvolvemento psico-social da deportista (menarquia, amenorrea, ciclo menstrual, temporalidade da madureza física).
- Estratexias de intervención para a plena incorporación das mulleres á práctica físico-deportiva.
    - Oportunidades de participación.
    - Vías de incorporación.
    - Prácticas inclusivas.
    - Estratexias metodolóxicas.
    - Fomento de actitudes positivas nos diferentes axentes sociais (compañeiros/as, persoal técnico, as propias familias, etc.).
- A linguaxe.
    - Uso non sexista da linguaxe.
    - Linguaxe inclusivo.
    - Estratexias básicas.

3. Apoia a incorporación da muller ao deporte, identificando o papel das institucións e as liñas de apoio ao deporte feminino.

- Órganos responsables do deporte feminino dentro das institucións e organismos:
    - Ámbito nacional.
    - Ámbito autonómico.

XUNTA DE GALICIA

    - Ámbito local.
- Coordinación e colaboración institucional no fomento de hábitos de práctica físico-deportiva nas mulleres.
- Programas de promoción e desenvolvemento do deporte feminino.
    - Características principais.
    - Exemplos de boas prácticas.
- A actividade físico-deportiva como xeradora de valores na poboación feminina:
    - Valores persoais.
    - Valores sociais.

**Módulo específico de ensino deportivo: Escola de mergullo deportivo**

**Código: MED-ASBD201**

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Xestiona e organiza cursos de nivel básico, avanzado e de especialización de mergullo deportivo, analizando as características e requisitos materiais e humanos de acordo coas características técnicas dos cursos.

a) Caracterizouse a información que deben recibir os/as interesados/as contendo: o programa, os requisitos e o material que debe achegar o/a alumno/a, e a forma de inscrición nun suposto práctico de curso de mergullo deportivo.

b) Analizáronse as comprobacións que se deben realizar sobre a documentación presentada polos/as alumnos/as: títulos de mergullo, seguros e certificados médicos.

c) Caracterizáronse os medios de transporte e as instalacións como piscinas, vestiarios, aulas e centros de carga entre outras, que se van a utilizar para implementar o programa dun curso de mergullo.

d) Describíronse as características dos medios didácticos de apoio á instrución que se van a necesitar para implementar o programa dun curso de mergullo.

e) Describíronse as características dos materiais e equipos de mergullo de uso persoal que van necesitar os/as alumnos/as e o resto do persoal para implementar o programa dun curso de mergullo.

f) Detalláronse os criterios de supervisión das operacións de mantemento, conservación e reparacións básicas que se deben realizar cos equipos que se utilizan nos cursos de mergullo deportivo.

g) Describíronse as características dos medios de comunicación, primeiros auxilios específicos e outros que se necesiten para solucionar situacións de urxencia.

h) Detalláronse o número de instrutores/as, guías e mergulladores/as de

seguridade que se necesitan para implementar o programa dun curso de mergullo.

i) Analizáronse as características dunha zona de inmersión nun suposto de sesión práctica dun curso de mergullo para implementar o programa dun curso de mergullo deportivo.

j) Detalláronse as xestións de obtención dos permisos e de contratación dos servizos para implementar o programa dun curso de mergullo deportivo.

k) Describíronse os procedementos administrativos de rexistro dos títulos de mergullador deportivo segundo a entidade organizadora e a lexislación vixente.

l) Valorouse a importancia dunha actividade preventiva en todos os ámbitos de xestión das actividades dunha escola de mergullo.

2. Elabora e xestiona o orzamento das actividades dunha escola de mergullo, recoñecendo os tipos de orzamentos e interpretando balances finais sinxelos.

a) Definíronse apuntes contables básicos que reflicten a actividade económica dunha escola de mergullo.

b) Describíronse os elementos a ter en conta no orzamento das actividades dunha escola de mergullo.

c) Elaborouse o orzamento dunha actividade organizada nunha escola de mergullo a partir dun suposto práctico cos datos de número de participantes, material alugado ou amortizado e persoal que se necesita.

d) Interpretouse o balance final dunha actividade organizada nunha escola de mergullo analizando as desviacións sobre o orzamento.

e) Valorouse a importancia de realizar un orzamento que se axuste ás necesidades obxectivas dunha actividade dunha escola de mergullo.

3. Coordina a actividade doutro persoal técnico deportivo nos cursos de mergullo deportivo, analizando as súas funcións e discriminando a estrutura dunha escola de mergullo deportivo.

a) Describiuse a estrutura, compoñentes e obxectivos dunha escola de mergullo deportivo.

b) Analizáronse as funcións de coordinación/dirección de cursos e actividades de descubrimento do mergullo deportivo.

c) Describíronse as distintas tarefas que debe realizar o persoal técnico en cursos e actividades de descubrimento do mergullo deportivo.

d) Seleccionáronse os criterios de distribución de tarefas entre o equipo de persoal técnico nas distintas modalidades de cursos e actividades de descubrimento do mergullo deportivo.

e) Concretáronse e aplicáronse nun suposto práctico os procedementos de coordinación e comunicación co persoal técnico responsable dos cursos e actividades de descubrimento do mergullo deportivo.

XUNTA DE GALICIA

f) Interiorizouse a necesidade de coordinación dos equipos de persoal técnico como medio eficaz e eficiente na posta en práctica dos cursos e actividades de descubrimento do mergullo deportivo.

4. Organiza actividades de descubrimento, condución e cursos de mergullo deportivo analizando as necesidades específicas das persoas con minusvalidez.

a) Describíronse as necesidades propias de cada minusvalidez atendendo ao mecanismo funcional afectado e as súas consecuencias a nivel perceptivo motor na práctica do mergullo autónomo adaptado.

b) Describíronse as pautas de traballo específicas nos cursos de mergullo autónomo adaptado segundo os diferentes tipos de minusvalidez.

c) Aplicáronse procedementos específicos de recolleita de información do comportamento motor da persoa con minusvalidez: especialmente en relación ao transporte, autonomía no medio subacuático, e as súas habilidades motrices específicas para a práctica do mergullo autónomo adaptado.

d) Aplicáronse procedementos específicos de recolleita de información do comportamento sensorial e intelectual da persoa con minusvalidez: especialmente en relación á comunicación e orientación específicas para a aprendizaxe e a práctica do mergullo autónomo adaptado.

e) Determináronse medidas de seguridade específicas nas actividades de descubrimento, condución e cursos de mergullo autónomo adaptado segundo os diferentes tipos de minusvalidez.

f) Aplicáronse as adaptacións metodolóxicas específicas a empregar segundo o tipo de minusvalidez nas sesións de descubrimento e aprendizaxe do mergullo autónomo adaptado.

g) Valorouse a importancia de adaptación das actividades de descubrimento, condución e cursos de mergullo como xeradora de valores persoais e sociais e vehículo de integración.

5. Aplica recursos que fomentan a participación de persoas con minusvalidez en actividades de descubrimento e condución, e nos cursos de mergullo deportivo analizando as características da tarefa e dos materiais, e identificando as limitacións para a práctica do mergullo orixinadas polo contexto.

a) Analizáronse as principais vías de incorporación á práctica do mergullo autónomo de persoas con minusvalidez.

b) Describíronse os mecanismos de adaptación de tarefas para a práctica do mergullo autónomo de persoas con minusvalidez.

c) Aplicáronse procedementos de modificación das tarefas e actividades para favorecer a participación, o goce e as posibilidades de éxito de persoas con minusvalidez na práctica do mergullo autónomo.

d) Valorouse a importancia do fomento da participación activa de persoas con minusvalidez na práctica do mergullo autónomo.

e) Identificáronse as principais limitacións cara á práctica do mergullo autónomo pola falta de accesibilidade en piscinas, embarcacións e espazos naturais.

f) Valorouse a importancia dunha actitude positiva cara á inclusión por parte de compañeiros/as, persoal técnico, as propias familias e as institucións cara á práctica do mergullo autónomo das persoas con minusvalidez.

g) Describíronse as adaptacións e características especiais do material de mergullo atendendo ao tipo de minusvalidez e á actividade de mergullo que se vaia a realizar.

h) Enunciáronse as posibilidades das axudas técnicas específicas atendendo ao tipo de minusvalidez e características da actividade de mergullo que realicen os/as suxeitos.

i) Realizouse nun suposto práctico, a adaptación do material tendo en conta as características específicas.

j) Valorouse a importancia de fomentar a participación de persoas con minusvalidez no mergullo autónomo como elemento da súa integración social.

**Contidos básicos:**

1. Xestiona e organiza cursos de nivel básico, avanzado e de especialización de mergullo deportivo, analizando as características e requisitos materiais e humanos de acordo coas características técnicas dos cursos.

- A información sobre un curso de mergullo deportivo.
- Documentación presentada polos/as alumnos/as.
- Validacións e equivalencias de títulos de mergullo deportivo, profesional e militar.
- Medios de transporte e instalacións nos cursos de mergullo.
- Medios didácticos de apoio nos cursos de mergullo.
- Materiais e equipos de mergullo de uso persoal nos cursos de mergullo.
- Medios de comunicación e primeiros auxilios específicos nos cursos de mergullo.
- Ratios alumno/a-instrutor/a e alumno/a-mergullador/a de seguridade nas sesións teóricas e prácticas dos cursos de mergullo deportivo.
- Características das zonas de inmersión para a realización das prácticas dos cursos de mergullo.
- Permisos e formas de contratación dos servizos nos cursos de mergullo deportivo.
- Tramitación de títulos de mergullador deportivo.

2. Elabora e xestiona o orzamento das actividades dunha escola de mergullo, recoñecendo os tipos de orzamentos e interpretando balances finais sinxelos.

- Introdución aos aspectos contables básicos.
- Os orzamentos, tipos.
- Factores a ter en conta ao realizar un orzamento das actividades dunha escola de mergullo.
- Interpretación dun balance.
- A análise das desviacións.

3. Coordina a actividade doutro persoal técnico deportivo nos cursos de mergullo deportivo, analizando as súas funcións e discriminando a estrutura dunha escola de mergullo deportivo.

- Funcións e tarefas do/a director/a-coordinador/a de curso, antes do inicio da actividade, durante e despois do curso.
- Funcións e tarefas do persoal técnico, antes do inicio da actividade, durante e despois do curso.
- Coordinación de reunións.
- Distribución de tarefas entre o persoal técnico de mergullo autónomo.
- Funcións de coordinación en cursos e actividades de descubrimento.
- Procedementos de coordinación e comunicación.
- Obxectivos, estrutura e recursos materiais e humanos dunha escola de mergullo deportivo.
- Parámetros humanos, materiais e técnicos que determinan a calidade dunha escola de mergullo deportivo.

4. Organiza actividades de descubrimento, condución e cursos de mergullo deportivo analizando as necesidades específicas das persoas con minusvalidez.

- Descrición das necesidades propias de cada minusvalidez para a práctica do mergullo autónomo.
- Características específicas.
- Contraindicacións, precaucións a ter en conta.
- Tipo de minusvalidez e a súa relación co mecanismo perceptivo motor que ocasiona dificultades na práctica do mergullo autónomo.
- Valoración inicial das características específicas das persoas con minusvalidez na práctica do mergullo autónomo.
- Utilización de ferramentas básicas para a recolleita de información da competencia motriz en persoas con minusvalidez aplicables á práctica do mergullo autónomo.

- Adaptacións metodolóxicas nas sesións de descubrimento e aprendizaxe do mergullo autónomo adaptado en función do tipo de minusvalidez.
- Aplicación de restricións e condicións básicas de seguridade na práctica do mergullo autónomo segundo minusvalidez.
- A importancia das adaptacións metodolóxicas e a seguridade nas actividades de descubrimento, condución e cursos de mergullo adaptado.

5. Aplica recursos que fomentan a participación de persoas con minusvalidez en actividades de descubrimento e condución e nos cursos de mergullo deportivo analizando as características da tarefa, e dos materiais, e identificando as limitacións para a práctica do mergullo orixinadas polo contexto.

- Xustificación da práctica do mergullo autónomo por persoas con minusvalidez como factor clave do seu benestar e calidade de vida.
- As vías específicas de incorporación á práctica do mergullo autónomo de persoas con minusvalidez.
- Identificación das actitudes na contorna das persoas con minusvalidez cara á práctica do mergullo autónomo.
- Integración e inclusión a través de xogos, tarefas e actividades do mergullo autónomo.
- Identificación e utilización dos mecanismos de adaptación das tarefas, xogos e actividades do mergullo autónomo, ao tipo de minusvalidez.
- Vivenciación de situacións de práctica inclusiva para o fomento da participación de persoas con minusvalidez nas actividades do mergullo autónomo.
- Características do material de mergullo adaptado.
- As axudas técnicas para a práctica do mergullo autónomo.
- Valoración do papel da integración-inclusión das persoas con minusvalidez en xogos e actividades do mergullo autónomo.

**Módulo específico de ensino deportivo: Programación da formación de mergullo deportivo**

**Código: MED-ASBD202**

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Concreta a programación dun curso de nivel básico, avanzado ou de especialización de mergullo analizando os contidos da programación xeral de referencia e as posibles adaptacións.

a) Seleccionáronse os obxectivos xerais e as atribucións que adquirirán os/as alumnos/as ao finalizar a actividade a partir dun suposto de programación xeral de referencia.

b) Identificáronse os coñecementos, habilidades, procedementos e actitudes que conseguirán os/as alumnos/as, cumprindo os obxectivos xerais a partir dun suposto de programación xeral de referencia.

c) Identificáronse os datos, elementos e a información que se necesitan na concreción da programación dun curso tendo en conta o número de alumnos/as, idade e as características dos medios de que se dispón.

d) Detallouse a secuenciación dos obxectivos específicos nun curso de mergullo a partir dun suposto de programación xeral de referencia.

e) Distribuíronse cronoloxicamente as unidades didácticas aplicando a secuenciación de obxectivos establecida nun suposto práctico de curso de nivel básico, avanzado ou de especialización de mergullo.

f) Establecéronse: o número de sesións teóricas e prácticas, o lugar de realización e os horarios previstos para impartir as unidades didácticas dun suposto práctico de curso de nivel básico, avanzado ou de especialización de mergullo.

g) Detalláronse os parámetros que definen a calidade da programación de curso de nivel básico, avanzado ou de especialización de mergullo deportivo.

h) Asumiuse a importancia que ten realizar unha programación detallada como elemento de calidade na implementación do programa.

2. Concreta unha unidade didáctica dun curso de nivel básico, avanzado ou de especialización de mergullo, analizando as características das unidades didácticas, as actividades e medios de apoio, e caracterizando as clases teóricas e as prácticas.

a) Seleccionáronse os obxectivos específicos dunha unidade didáctica a partir da programación xeral do curso de mergullo deportivo.

b) Xustificáronse os criterios de elección dos tipos de actividades que se poden programar nas sesións teóricas dos cursos de nivel básico, avanzado e especialización analizando as súas consecuencias metodolóxicas.

c) Xustificáronse os criterios de elección dos tipos de actividades que se poden programar nas sesións prácticas dos cursos de nivel básico, avanzado e de especialización analizando as súas consecuencias metodolóxicas.

d) Seleccionáronse as actividades coas que alcanzar os obxectivos específicos e impartir os contidos nunha suposta unidade didáctica dun curso de mergullo deportivo.

e) Seleccionáronse os medios de apoio á docencia das actividades programadas nun suposto práctico de unidade didáctica analizando como se deben utilizar e as súas vantaxes e inconvenientes.

f) Detalláronse os apartados que teñen que incluír un guión de clase das sesións teóricas e prácticas dun curso de mergullo deportivo.

g) Describíronse as características diferenciais dos guións de clase das sesións teóricas e prácticas que inician ou terminan unha unidade didáctica

XUNTA DE GALICIA

do curso de mergullo deportivo.

h) Interiorizouse a importancia de desenvolver as sesións teóricas ou prácticas dun curso de mergullo seguindo un guión de clase.

i) Elaborouse a ficha do guión de clase dunha sesión teórica ou práctica contendo os obxectivos da sesión, distribución temporal das actividades seguindo o esquema de presentación-desenvolvemento-conclusión, relación de medios de apoio, probas de avaliación e recuperación se as houbese, a partir dunha suposta programación de unidade didáctica de curso de mergullo deportivo.

3. Concreta a avaliación das unidades didácticas dun curso de nivel básico, avanzado ou de especialización de mergullo, analizando as características dos criterios de cualificación e os procedementos de recuperación, e clasificando os tipos de avaliación en relación a toma de decisións.

a) Caracterizáronse os tipos de probas formais e informais de avaliación dos obxectivos específicos dunha unidade didáctica dun curso de mergullo deportivo.

b) Analizáronse as decisións que se poden deducir das avaliacións segundo o momento en que se realicen.

c) Analizáronse os criterios de cualificación dunha proba tipo en relación aos obxectivos mínimos establecidos na programación de referencia.

d) Caracterizáronse os procedementos de recuperación dos/as alumnos/as que non cumpriron os obxectivos dunha unidade didáctica teórica ou práctica dun curso de nivel básico, avanzado ou de especialización de mergullo.

e) Interiorizouse a importancia de que os/as alumnos/as dun curso de mergullo coñezan con antelación os criterios e o tipo de proba cos que van ser avaliados/as.

4. Valora o desenvolvemento e os resultados finais do curso de mergullo aplicando técnicas específicas e procedementos de recolleita de información.

a) Caracterizáronse as técnicas de avaliación que permiten comprobar o cumprimento dos obxectivos establecidos nas programacións xerais de referencia dos cursos de mergullo deportivo.

b) Aplicáronse as técnicas de avaliación dun/dunha alumno/a nun suposto dun curso de mergullo deportivo.

c) Identificáronse os procedementos para recoller información durante e ao final do curso sobre o grao de satisfacción do/a alumno/a.

d) Analizáronse os factores que inflúen na satisfacción dos/as alumnos/as nun curso de mergullo deportivo, elaborando os criterios de avaliación que os reflictan.

e) Valorouse nun suposto práctico de curso de mergullo:

- A idoneidade do programa.

- A calidade e adecuación dos medios materiais e humanos.
- Cumprimento dos horarios e a optimización do tempo.
- Os resultados globais do grupo de alumnos/as.

f) Analizáronse os criterios de valoración dos resultados dun curso de mergullo en relación coas expectativas da entidade organizadora.

**Contidos básicos:**

1. Elabora o programa dun curso de nivel básico, avanzado ou de especialización de mergullo analizando os contidos da programación xeral de referencia e as posibles adaptacións.

- Programación xeral.
- Obxectivos xerais e atribucións nos cursos de mergullo deportivo.
- Unidades didácticas teóricas e prácticas.
- Secuenciación de obxectivos nos cursos de mergullo, a orde de consecución.
- Información necesaria para concretar a programación.
- Contidos da programación.
- Parámetros para avaliar a calidade da programación.

2. Programa unha unidade didáctica dun curso de iniciación, consolidación ou especialización de mergullo, elixindo as actividades, os medios de apoio e as probas de avaliación.

- Obxectivos específicos.
- Actividades nas clases teóricas dos cursos de mergullo deportivo.
- Actividades nas sesións prácticas dos cursos de mergullo deportivo.
- Vantaxes e limitacións do taboleiro, lectura, transparencias, diapositivas, presentacións por PC e vídeo como medios de apoio ao ensino nos cursos de mergullo.
- Guión de clase, contidos xerais e das sesións especiais.

3. Concreta probas de avaliación das unidades didácticas dun curso de nivel básico, avanzado ou de especialización de mergullo, establecendo os criterios de cualificación e os procedementos de recuperación.

- A avaliación.
- Tipos de probas formais e informais de avaliación.
- Tipos de avaliación segundo o momento en que se realiza.
- Probas de avaliación tipo nos cursos de mergullo deportivo.
- Procedementos de recuperación nos cursos de mergullo deportivo.

- Criterios de cualificación das probas de avaliación.
- Avaliación, formativa e sumativa do curso.

4. Valora o desenvolvemento e os resultados finais do curso de mergullo aplicando técnicas específicas e analizando as informacións recolleitas.

- Técnicas de avaliación global nos cursos de mergullo deportivo.
- Procedementos para avaliar o grao de satisfacción do/a alumno/a.
- Factores que inflúen na satisfacción do/a alumno/a.
- Expectativas das entidades organizadoras de cursos.
- Eficacia e rendibilidade dos programas e os medios materiais e humanos que se utilizan nun curso de mergullo deportivo.

**Módulo específico de ensino deportivo: Instrución no nivel básico do mergullo deportivo**

**Código: MED-ASBD203**

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Instrúe nun curso de nivel básico de mergullo deportivo sobre a prevención de situacións de hipotermia e hidrocución, analizando os efectos da temperatura da auga no organismo do/a mergullador/a e analizando os obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos utilizables no curso.

a) Clasificáronse os obxectivos do curso de nivel básico de mergullo deportivo relacionados coa prevención de situacións de hipotermia e hidrocución en inmersións con equipo autónomo.

b) Interpretáronse os criterios de avaliación utilizados no curso de nivel básico de mergullo deportivo, relacionados coa prevención de situacións de hipotermia e hidrocución en inmersións con equipo autónomo.

c) Explicáronse as diferenzas entre a transmisión da calor no auga e no aire utilizando as definicións das principais magnitudes termodinámicas e poñendo os exemplos e imaxes que o ilustren claramente.

d) Xustificáronse, ante grupos simulados, as causas e síntomas dunha hidrocución utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren claramente.

e) Relacionáronse as medidas preventivas da hidrocución ao entrar á auga nunha inmersión con exemplos de cada situación.

f) Explicouse ante grupos simulados, o que é unha hipotermia e os seus síntomas diferenciando os niveis de gravidade e utilizando os exemplos e utilizando as imaxes que o ilustren claramente.

g) Seleccionáronse as medidas preventivas da hipotermia durante unha inmersión utilizando exemplos de cada situación e utilizando imaxes que o ilustren claramente.

h) Describíronse as características dos diferentes tipos de traxe de protección

térmica en mergullo utilizando as imaxes que o ilustren claramente.

i) Relacionáronse as medidas de supervivencia na superficie da auga, cos accidentes que se poden producir poñendo os exemplos e utilizando imaxes que o ilustren claramente.

j) Clasificáronse as actuacións que se deben e non se deben realizar ante unha situación de hipotermia poñendo os exemplos e utilizando imaxes que o ilustren claramente.

k) Valorouse a importancia que ten para a comodidade e seguridade do/a alumno/a a elección da protección térmica apropiada.

2. Instrúe sobre os protocolos de comunicación e os cambios na visión e audición baixo a auga, nun curso de nivel básico de mergullo deportivo, caracterizando a transmisión da luz e o son na auga, utilizando acenos específicos e analizando os obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos utilizables.

a) Clasificáronse e especificáronse os obxectivos e os criterios de avaliación utilizados nun curso de nivel básico de mergullo deportivo relacionados coa visión, o son e a comunicación baixo a auga en inmersións con equipo autónomo.

b) Describíronse as propiedades da luz considerada como unha onda electromagnética poñendo os exemplos e utilizando imaxes que o ilustren claramente.

c) Detalláronse os cambios cualitativos e cuantitativos que sofre a luz que nos chega baixo a auga poñendo os exemplos e utilizando imaxes que o ilustren claramente.

d) Xustificouse a diferenza na percepción visual dos obxectos baixo da auga coa máscara e sen ela.

e) Describíronse as características, tipos e manobras de preparación das máscaras de mergullo deportivo utilizando as imaxes que o ilustren claramente.

f) Describíronse as consecuencias dunha mala visibilidade baixo a auga debida á presenza de partículas no medio.

g) Explicouse o efecto sobre a visión baixo a auga da lanterna, do flash e dos focos debaixo da auga.

h) Valorouse a importancia que ten a percepción visual baixo a auga en relación co grao de estrés do/a mergullador/a.

i) Explicouse cal debe ser a distancia ao/á compañeiro/a segundo o grao de visibilidade utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren claramente.

j) Diferenciouse a forma en que se recibe o son fóra e dentro da auga utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren claramente.

k) Describiuse o protocolo de comunicación mediante acenos baixo a auga utilizando as imaxes e facendo as demostracións que o ilustren claramente.

l) Utilizáronse os acenos en simulacións de comunicación baixo a auga.

m) Xustificouse a importancia que ten utilizar correctamente os protocolos de comunicación indicando as situacións de urxencia que os requiren.

n) Xustificouse a importancia que ten permanecer próximo ao/á compañeiro/a responsabilizándose da súa seguridade.

3. Instrúe sobre os factores que interveñen na flotabilidade e o desprazamento dun/dunha mergullador/a nun curso de nivel básico de mergullo deportivo analizando os cambios que sofre coa profundidade, caracterizando o comportamento do seu equipo e analizando os obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos utilizables.

a) Clasificáronse os obxectivos dun curso de nivel básico de mergullo deportivo relacionados co movemento do/a mergullador/a na auga en inmersións con equipo autónomo.

b) Interpretáronse os criterios de avaliación utilizados no curso de nivel básico de mergullo deportivo relacionados cos cambios no peso aparente do/a mergullador/a en inmersións con equipo autónomo.

c) Explicouse a causa do peso aparente dun corpo mergullado poñendo exemplos onde sexa o/a mergullador/a ese corpo e o seu equipo o motivo das variacións do peso aparente.

d) Clasificáronse os estados de flotabilidade que pode ter un/unha mergullador/a na auga, explicándoo como o resultado dunha situación de equilibrio poñendo os exemplos e utilizando imaxes que o ilustren convenientemente.

e) Demostrouse como se calcula o cambio do peso aparente dun corpo mergullado cando cambia o seu volume xustificando as fases da demostración e utilizando situacións reais que acheguen significatividade.

f) Explicouse como cambia o empuxe que sofre un/unha mergullador/a cando se ascende ou se descende describindo as manobras que o corrixen.

g) Describiuse as consecuencias que ten o comportamento da auga como un fluído no desprazamento do/a mergullador/a utilizando as imaxes que o ilustren claramente.

h) Relacionáronse as características e tipos das aletas co seu funcionamento e eficacia.

i) Describíronse as características e tipos do cinto de lastre indicando cales son os máis adecuados para o mergullo deportivo.

j) Describíronse as características e tipos de chaleco hidrostático indicando cales son os máis adecuados para o mergullo deportivo.

k) Tomouse conciencia da relación entre a comprensión do/a alumno/a sobre como afectan os cambios de profundidade á súa flotabilidade e o seu comportamento correcto durante a inmersión.

4. Instrúe sobre as consecuencias dos cambios de presión sobre o organismo e o equipo dun/dunha mergullador/a nun curso de nivel básico de mergullo deportivo, relacionando os seus efectos cos cambios de profundidade e analizando os obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos utilizables.

a) Clasificáronse os obxectivos dun curso de nivel básico de mergullo deportivo sobre a relación entre os cambios de volume e os de profundidade en inmersións con equipo autónomo.

b) Interpretáronse os criterios de avaliación utilizados no curso de nivel básico de mergullo deportivo relacionados cos efectos dos cambios de volume coa profundidade.

c) Demostrouse como realizar os cálculos da presión hidrostática e da absoluta en diferentes sistemas de unidades a partir do dato da profundidade.

d) Explicouse o comportamento dos gases, líquidos e sólidos cos cambios de presión e temperatura utilizando exemplos na práctica do mergullo deportivo.

e) Explicouse o efecto das variacións de presión sobre un recipiente de paredes elásticas que contén gas utilizando exemplos na práctica do mergullo deportivo.

f) Demostrouse a utilización das leis de Boyle-Mariotte e de Charles y Gay-Lussac no cálculo dos cambios de volume, presión e temperatura dun gas, utilizando exemplos na práctica do mergullo deportivo.

g) Relacionáronse a magnitude dos cambios de volume cos intervalos de profundidade.

h) Describíronse as cavidades do organismo con paredes elásticas que conteñen gas e os efectos nocivos que sobre elas poden producir os cambios de presión.

i) Relacionáronse as actuacións do/a mergullador/a no descenso e no ascenso coa prevención de lesións nas cavidades do organismo con paredes elásticas que conteñen gas.

j) Xustificáronse as consecuencias dos cambios de volume nalgún dos elementos que forman parte do equipo do/a mergullador/a utilizando os exemplos e as imaxes que o ilustren claramente.

k) Describíronse os tipos e características dos profundímetros e manómetros e demostrouse o seu funcionamento en inmersións de mergullo deportivo.

l) Tomouse conciencia da gravidade que teñen os accidentes producidos polos cambios de volume.

5. Instrúe nos cursos de nivel básico de mergullo deportivo sobre os procedementos para elaborar os plans de ascenso de inmersións nas que non se pasa a curva de seguridade, relacionando a sobresaturación dos tecidos co tempo e a profundidade da inmersión e analizando os obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos utilizables.

XUNTA DE GALICIA

a) Clasificáronse e interpretáronse os obxectivos e os criterios de avaliación utilizados nun curso de nivel básico de mergullo deportivo relacionados cos procedementos para elaborar os plans de ascenso e a sobresaturación dos tecidos.

b) Xustificáronse as características e funcionamento dos compoñentes do escafandro autónomo.

c) Describiuse a composición do aire inhalado e exhalado realizando unha exposición oral ante grupos simulados.

d) Enunciáronse e explicáronse as consecuencias da lei de Henry na práctica do mergullo deportivo utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren convenientemente.

e) Demostrouse como se expresa a concentración dunha disolución facendo os cálculos que permiten pasar dunhas formas de expresión a outras.

f) Explicouse o que é a sobresaturación dun tecido e as súas consecuencias durante o ascenso nunha inmersión de mergullo.

g) Analizáronse as causas e consecuencias dun accidente de descompresión.

h) Expúxose de xeito xustificado e mediante unha exposición oral ante un grupo simulado, a clasificación das inmersións segundo o intervalo de tempo existente entre elas e o tipo de plan de ascenso.

i) Analizáronse os catro tipos de perfís estándar de inmersión utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren convenientemente.

j) Definíronse os parámetros de inmersión: tempo no fondo, tempo límite, profundidade de inmersión e fronteira de seguridade.

k) Realizáronse os cálculos do ascenso dun caso práctico de inmersión sen descompresión de xeito xustificado e mediante unha exposición oral ante un grupo.

l) Valorouse a importancia de que o/a alumno/a relacione o comportamento dos gases respirados nos seus tecidos durante unha inmersión, coa planificación do ascenso e a redución do número de accidentes de descompresión.

6. Instrúe e valora as técnicas e habilidades de equipamento e entrada á auga nun curso de nivel básico de mergullo deportivo, analizando os obxectivos e os criterios de avaliación xustificando as técnicas específicas e identificando e corrixindo os erros na súa execución.

a) Analizáronse os obxectivos e os criterios de avaliación das técnicas e habilidades de equipamento e entrada na auga co equipo completo utilizadas no curso de nivel básico de mergullo deportivo.

b) Xustifícanse e demóstranse os procedementos de montaxe e colocación do equipo facendo fincapé na orde e a previsión.

c) Xustifícanse e demóstranse os procedementos de entrada e saída da auga facendo fincapé na seguridade da execución con todo o equipo ante un

grupo simulado de alumnos/as dun curso de nivel básico de mergullo deportivo.

d) Xustifícanse e demóstranse os procedementos de cálculo de forma empírica do lastre que necesita o/a mergullador/a nun suposto práctico de inmersión.

e) Xustifícanse e demóstranse as revisións que deben facerse do propio equipo e do/a compañeiro/a ante un grupo simulado de alumnos/as dun curso de nivel básico de mergullo deportivo.

f) Relacionáronse os erros na colocación e revisión do equipo e do lastre, coas causas dos mesmos, propoñendo tarefas de corrección.

g) Relacionáronse os erros na entrada e saída da auga co equipo completo, coas causas dos mesmos, propoñendo tarefas para a súa corrección.

h) Valorouse a importancia de inculcar a orde e a meticulosidade no equipamento e a entrada á auga como unha forma de previr incidentes.

7. Instrúe e valora as técnicas e habilidades de desprazamento e flotación na auga co equipo nun curso de nivel básico de mergullo deportivo, analizando os obxectivos e os criterios de avaliación, xustificando as técnicas específicas e identificando e corrixindo os erros no seu execución.

a) Analizáronse os obxectivos e os criterios de avaliación das técnicas e habilidades de desprazamento e flotación na auga co equipo completo utilizados nos cursos de nivel básico de mergullo deportivo.

b) Xustifícanse e demóstranse as técnicas de aleteo de desprazamento pola superficie e baixo a auga, adaptando a información ás características dun suposto práctico.

c) Relacionáronse os erros nas técnicas de aleteo co equipo completo, coas causas dos mesmos, propoñendo tarefas para a súa corrección.

d) Xustifícanse e demóstranse as técnicas de flotación na superficie e baixo a auga identificando os aspectos claves da súa aprendizaxe.

e) Relacionáronse os erros nas técnicas de flotación na superficie e baixo a auga co equipo completo, coas causas dos mesmos, propoñendo tarefas para a súa corrección.

f) Xustifícanse e demóstranse as técnicas de ascenso e descenso controlando a velocidade ante un grupo simulado de alumnos/as dun curso de nivel básico de mergullo deportivo.

g) Relacionáronse os erros nas técnicas para controlar a velocidade de ascenso e descenso, coas causas dos mesmos, propoñendo tarefas para a súa corrección.

h) Valorouse a importancia de transmitir como a aplicación das técnicas de desprazamento e flotación inflúen na comodidade, o consumo, e a conservación do medio.

8. Instrúe e valora as técnicas e habilidades de control da respiración en inmersión co equipo completo nun curso de nivel básico de mergullo deportivo,

analizando os obxectivos e os criterios de avaliación, xustificado as técnicas específicas e identificando e corrixindo os erros no seu execución.

a) Analizáronse os obxectivos e os criterios de avaliación das técnicas e habilidades de control da respiración en inmersión co equipo completo utilizados no curso de nivel básico de mergullo deportivo.

b) Xustifícanse e demóstranse as técnicas de respiración mantendo a ventilación adecuada, adaptando a información ás condicións existentes.

c) Xustifícanse e demóstranse as técnicas utilizadas no intercambio da boquilla dun regulador por outro realizando breves apneas nunha suposta sesión práctica de curso de nivel básico de mergullo deportivo.

d) Xustifícanse e demóstranse as técnicas de baleirado da máscara debaixo da auga, ante un grupo simulado de alumnos/as dun curso de nivel básico de mergullo deportivo recoñecendo os erros máis comúns na súa execución e propoñendo como resolvelos.

e) Xustifícanse e demóstranse as técnicas de respiración sen máscara baixo a auga.

f) Descríbense os recursos que facilitan a aprendizaxe da respiración sen máscara baixo a auga.

g) Valorouse a importancia de transmitir como o control da respiración en inmersión reduce o grao de estrés en determinadas situacións de urxencia.

**Contidos básicos:**

1. Instrúe nun curso de nivel básico de mergullo deportivo sobre a prevención de situacións de hipotermia e hidrocución, analizando os efectos da temperatura da auga no organismo do/a mergullador/a e analizando os obxectivos e recursos didácticos utilizables no curso.

- Temperatura e transmisión da calor.
- Causas e síntomas dunha hidrocución.
- Medidas para evitar unha hidrocución.
- Hipotermia.
- Clasificación e síntomas da hipotermia.
- Procedementos para evitar unha hipotermia durante unha inmersión.
- A supervivencia na superficie da auga.
- Traxes de protección térmica no mergullo.

2. Instrúe sobre os protocolos de comunicación e os cambios na visión e audición baixo a auga, nun curso de nivel básico de mergullo deportivo, caracterizando a transmisión da luz e o son na auga, utilizando acenos específicos e analizando os obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos utilizables.

- A luz. Características como onda electromagnética.

- Reflexión, refracción, dispersión, absorción e absorción selectiva da luz.
- A visión baixo a auga. Factores que a condicionan.
- Equipos de iluminación baixo a auga.
- A máscara de mergullo. Características, tipos e mantemento.
- O son como onda de presión, velocidade e recepción do son baixo a auga.
- A comunicación entre compañeiros/as baixo a auga.
- Protocolos de comunicación. Acenos obrigatorios e facultativos.

3. Instrúe sobre os factores que interveñen na flotabilidade e o desprazamento dun/dunha mergullador/a nun curso de nivel básico de mergullo deportivo analizando os cambios que sofre coa profundidade, caracterizando o comportamento do seu equipo e analizando os obxectivos e recursos didácticos utilizables.

- Masa, volume e densidade.
- Principio de Arquímedes.
- Flotabilidade.
- Desprazamento na auga.
- Cálculo do peso aparente.
- As aletas, tipos e rendemento.
- Equipo de flotabilidade: chaleco e lastre.

4. Instrúe sobre as consecuencias dos cambios de presión sobre o organismo e o equipo dun/dunha mergullador/a nun curso de nivel básico de mergullo deportivo, relacionándoas cos cambios de profundidade e analizando os obxectivos e recursos didácticos utilizables.

- Estados da materia, densidade, compresibilidade, viscosidade.
- Presión atmosférica, unidades.
- Presión hidrostática e absoluta no fondo.
- Tensión superficial.
- Leis dos gases ideais, Boyle-Mariotte e Gay-Lussac.
- O oído medio, os seos para-nasales, o sistema respiratorio e o dixestivo como cavidades que se ven afectadas polos cambios de presión.
- Barotraumatismos e sobrepresión pulmonar. Procedementos para evitalos.
- Variacións de volume do traxe e do chaleco hidrostático.
- Aparellos do control da inmersión: manómetros e profundímetros. Funcionamento, interpretación.

- Obxectivos e criterios de avaliación.

5. Instrúe nos cursos de nivel básico de mergullo deportivo sobre os procedementos para elaborar os plans de ascenso de inmersións nas que non se pasa a curva de seguridade, relacionando a sobresaturación dos tecidos co tempo e a profundidade da inmersión e analizando os obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos utilizables.

- O bloque do escafandro autónomo (a botella e a súa billa). Características, funcionamento e conservación.
- O regulador, características e funcionamento.
- Composición do aire inhalado e exhalado.
- Lei de Henry.
- Disolución dos gases na respiración; instauración, saturación e sobresaturación.
- Sobresaturación crítica.
- Enfermidade descompresiva, factores que inflúen, síntomas e tratamento.
- Clasificación das inmersións.
- Perfís estándar de inmersión.
- Tempo no fondo, tempo límite, profundidade de inmersión e fronteira de seguridade.
- Manexo de táboas.
- Obxectivos e criterios de avaliación.

6. Instrúe sobre os protocolos de comunicación e os cambios na visión e audición baixo a auga, nun curso de nivel básico de mergullo deportivo, caracterizando a transmisión da luz e o son na auga, utilizando acenos específicos e analizando os obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos utilizables.

- Técnicas e habilidades no equipamento e entrada á auga co equipo completo, do curso de iniciación ao mergullo.
- Procedementos para montar e colocarse o equipo.
- Procedementos para entrar e saír da auga con todo o equipo. Erros máis comúns.
- Procedementos para calcular de forma empírica o lastre que se necesita.
- Revisións que deben facerse do propio equipo e do/a compañeiro/a antes de mergullarse. Erros, as súas causas.

7. Instrúe e valora as técnicas e habilidades de desprazamento e flotación na auga co equipo nun curso de nivel básico de mergullo deportivo, analizando os

obxectivos e os criterios de avaliación, xustificando as técnicas específicas e identificando e corrixindo os erros na súa execución.

- Técnicas e habilidades de desprazamento e flotación na auga co equipo completo.
- Técnicas de aleteo para desprazarse pola superficie e baixo a auga. Erros e axudas.
- Técnicas para manter a flotabilidade na superficie e baixo a auga. Erros e axudas.
- Técnicas para ascender e descender controlando a velocidade. Erros e axudas.
- Mergullo sostible e desprazamento polo fondo.

8. Instrúe e valora as técnicas e habilidades de control da respiración en inmersión co equipo completo nun curso de nivel básico de mergullo deportivo, analizando os obxectivos e os criterios de avaliación, xustificado as técnicas específicas e identificando e corrixindo os erros na súa execución.

- Técnicas e habilidades de control da respiración en inmersión co equipo completo.
- Técnicas para respirar mantendo a ventilación adecuada.
- Técnicas para realizar breves apneas.
- Técnicas para baleirar mergullados/as a máscara de auga co aire insuflado. Erros e axudas.
- Técnicas e habilidades para manter a respiración sen máscara baixo a auga. Erros e axudas.

**Módulo específico de ensino deportivo: Instrución no nivel avanzado de mergullo deportivo**

**Código: MED-ASBD204**

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Instrúe sobre as intoxicacións producidas ao respirar aire hiperbárico, nos cursos de nivel avanzado do mergullo deportivo, identificando as causas, síntomas e medidas preventivas, analizando os obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos utilizables.

a) Clasificáronse e especificáronse os obxectivos e criterios de avaliación relacionados coas intoxicacións producidas en ambientes hiperbáricos, utilizados nos cursos de consolidación de mergullo.

b) Describíronse os síntomas da narcoses e a forma de recoñecelos relacionándoos con algúns comportamentos durante a inmersión.

c) Describíronse os factores que inflúen na narcoses poñendo exemplos de situacións onde poidan aparecer.

d) Explicouse como se regula a cantidade de CO2 no sangue e que significa que unha persoa é retedora de CO2.

e) Enumeráronse as causas da hipercapnia no mergullo autónomo.

f) Explicáronse as consecuencias e a forma de evitar a hipercapnia no mergullo autónomo poñendo exemplos de situacións onde poidan aparecer eses síntomas.

g) Describiuse o que é profundidade equivalente de nitróxeno realizando a simulación dunha exposición oral ante un grupo de alumnos/as.

h) Describíronse as principais consecuencias e causas da intoxicación por CO2 poñendo exemplos de situacións onde haxa que aplicalo.

i) Valorouse a importancia de persuadir do risco que existe da aparición de narcoses en inmersións a partir dos 30 metros.

j) Valorouse a importancia de respirar co escafandro autónomo mantendo unha boa ventilación dos pulmóns.

2. Instrúe sobre a utilización de mesturas respiratorias nitrox nos cursos de nivel avanzado e de especialización do mergullo deportivo, aplicando as técnicas de cálculo para establecer os seus límites de utilización, analizando os obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos utilizables.

a) Clasificáronse e especificáronse os obxectivos e criterios de avaliación relacionados coa utilización de mesturas nitrox, e utilizados nos cursos de nivel avanzado e de especialización de mergullo deportivo.

b) Demostrouse como aplicar a lei de Dalton no cálculo de presións parciais realizando a simulación dunha exposición oral ante un grupo de alumnos/as.

c) Resolvéronse problemas aplicando a lei de Dalton no cálculo da composición dunha mestura nitrox por adición de varios gases.

d) Definiuse e diferenciouse o que é hiperoxia crónica e aguda describindo con exemplos as situacións en que poden aparecer utilizando un equipo autónomo.

e) Demostrouse como calcular o límite de profundidade dunha mestura respiratoria para evitar a hiperoxia poñendo os exemplos que o ilustren convenientemente.

f) Calculouse a porcentaxe de tempo de exposición máxima ao osíxeno consumido e os OTUs aos que se expuxo un/unha mergullador/a en varios supostos de inmersións normais e sucesivas.

g) Explicáronse as vantaxes e inconvenientes da utilización das mesturas nitrox poñendo exemplos de situacións en que se manifesten.

h) Definiuse o significado de que un material “estea en servizo de osíxeno” realizando a simulación dunha exposición oral ante un grupo de alumnos/as.

i) Valorouse a importancia que ten para a súa seguridade que os/as alumnos/as dun curso de nivel avanzado ou de especialización de mergullo

deportivo utilicen materiais en servizo de osíxeno cando a mestura respiratoria conteña un 40 % ou máis de osíxeno.

j) Caracterizáronse os procedementos de carga das mesturas nitrox facendo fincapé nos seus niveis de seguridade.

k) Demostrouse o procedemento de análise da composición dunha mestura nitrox, e o de etiquetado da botella nun suposto práctico de botella cargada con nitrox.

l) Valorouse a importancia de conseguir unha actitude de respecto dos límites que se establecen ao utilizar mesturas nitrox.

3. Instrúe sobre a elaboración de plans de ascenso de inmersións con descompresión nas que se utiliza aire ou nitrox, nos cursos de nivel avanzado e de especialización de mergullo deportivo, analizando os modelos e táboas de descompresión, utilizando técnicas e instrumentos específicos, e analizando obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos utilizables.

a) Clasificáronse e especificáronse os obxectivos e os criterios de avaliación en relación cos procedementos de elaboración dos plans de ascenso das inmersións con descompresión, utilizados nos cursos de consolidación e especialización de mergullo.

b) Caracterizáronse os modelos de descompresión, as aproximacións que fan e as táboas que se basean neles facendo fincapé na inexactitude das aproximacións que se utilizan.

c) Xustificáronse as diferenzas dos resultados obtidos utilizando unhas táboas e un ordenador de mergullo realizando a simulación dunha exposición oral ante un grupo de alumnos/as.

d) Describíronse as características, tipos e funcionamento dos ordenadores de mergullo, resaltando só aqueles aspectos que teñen un interese práctico.

e) Explicouse como interpretar a información que dá un ordenador de mergullo nun suposto práctico de inmersión.

f) Demostrouse o procedemento de cálculo do ascenso nunha inmersión con descompresión no mar ou a máis de 300 m. de altitude, utilizando varios modelos de táboas diferentes e respirando aire ou nitrox.

g) Demostrouse o procedemento de cálculo dos consumos previstos ao longo dun suposto de inmersión en condicións normais e de urxencia e simulando unha exposición oral ante un grupo de alumnos/as.

h) Demostrouse como se planifica unha inmersión con descompresión e xestión de gases no fondo a partir dun suposto práctico.

i) Tomouse conciencia da imprecisión dos modelos de descompresión e a necesidade de adoptar unha actitude de prudencia á hora de utilizalos.

4. Instrúe e valora as técnicas e habilidades de orientación e dirección dun equipo de mergulladores/as nos cursos de nivel avanzado e especialización de mergullo deportivo, caracterizando o que é un equipo de mergulladores/as, o/a

seu/súa xefe/a e as súas funcións, demostrando técnicas específicas, analizando os obxectivos, os criterios de avaliación e identificando e corrixindo os erros na súa execución.

a) Analizáronse os obxectivos e os criterios de avaliación, en relación coas técnicas e habilidades de orientación e dirección dun equipo de mergulladores/as, utilizadas nos cursos de consolidación e especialización do mergullo.

b) Analizáronse as características e os criterios de formación do equipo de mergulladores/as.

c) Describíronse as funcións do/a xefe/a de equipo poñendo como exemplos situacións nas que se realicen.

d) Analizouse e xustificouse a información e decisións sobre o plan de inmersión que se deben compartir e tomar na posta en común do equipo antes de entrar á auga.

e) Aplicáronse os criterios de formación e dirección dun equipo de mergulladores/as antes, durante e logo da inmersión nun suposto práctico de inmersión.

f) Elixíronse e xustificáronse cando e onde se deben establecer os controis dos parámetros da inmersión e do equipo de mergulladores/as.

g) Aplicáronse os procedementos de control da inmersión en equipo nun suposto práctico de inmersión.

h) Explicouse de forma xustificada o funcionamento dun compás subacuático utilizando as imaxes que o ilustren claramente.

i) Xustifícanse e demóstranse as técnicas de orientación pola orografía do fondo e mediante un compás nunha suposta sesión práctica de curso de consolidación ou especialización do mergullo.

j) Xustifícanse e demóstranse as técnicas para situarse nun punto da superficie da auga utilizando enfilacións ou marcacións co compás nunha suposta sesión práctica de curso de consolidación ou especialización do mergullo.

k) Xustifícanse e demóstranse as técnicas de procura subacuática na localización dun obxecto abandonado no fondo.

l) Relacionáronse os erros nas técnicas de dirección dun equipo de mergulladores/as, coas causas dos mesmos, propoñendo tarefas para a súa corrección.

m) Valorouse a importancia de transmitir como a organización da inmersión en equipo xunto coa formación de parellas supón un incremento notable na seguridade dos seus/súas compoñentes.

5. Instrúe e valora as técnicas e habilidades de mergullo en inmersións especiais: nocturnas, con retorno obrigado, sen visibilidade ou con correntes, caracterizando as súas condicións e os materiais que se utilizan, aplicando técnicas específicas e

analizando os obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos dos cursos de especialización de mergullo onde se imparten.

a) Clasificáronse e especificáronse os obxectivos e os criterios de avaliación relacionados coas inmersións especiais e utilizados nos cursos de especialización de mergullo.

b) Explicáronse as características que distinguen ás inmersións especiais: nocturnas, con retorno obrigado, sen visibilidade ou con correntes poñendo os exemplos e imaxes que o ilustren convenientemente.

c) Analizáronse os procedementos de orientación baixo a auga nas inmersións especiais utilizando diferentes recursos didácticos identificando o seu grao de eficacia.

d) Demostráronse as técnicas de orientación baixo a auga nun suposto práctico de inmersión especial.

e) Analizáronse as características dos materiais propios das inmersións especiais utilizando mostras que se poidan manexar.

f) Relacionáronse os procedementos de comunicación coas condicións específicas das inmersións especiais.

g) Xustificouse e demostrouse a técnica de colocación dun cabo guía fixo ou non segundo as condicións que o requiran.

h) Seleccionáronse e demostráronse os procedementos de izado dunha boia en función das condicións existentes nunha simulación de sesión práctica dun curso de consolidación ou especialización.

i) Describíronse os principais erros que se cometen e as axudas que se poden prestar ao/á alumno/a na aplicación correcta das técnicas de izado dunha boia.

j) Relacionáronse e demostráronse as técnicas de izado e desprazamento dun obxecto pesado coas características do obxecto nunha simulación de sesión práctica dun curso de consolidación ou especialización.

k) Describíronse as axudas que se poden prestar ao/á alumno/a na aprendizaxe das técnicas de izado e desprazamento de pesos.

l) Valorouse a importancia de transmitir as limitacións que se establecen para o mergullo nas inmersións especiais malia ter a formación apropiada.

m) Describíronse os procedementos de desprazamento na auga con correntes utilizando diferentes recursos didácticos nunha exposición simulada.

**Contidos básicos:**

1. Instrúe sobre as intoxicacións producidas ao respirar aire hiperbárico, nos cursos de nivel avanzado do mergullo deportivo, identificando as causas, síntomas e medidas preventivas, analizando os obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos utilizables.

- Obxectivos e criterios de avaliación.

- Que é a narcose, causas, factores que inflúen e cando aparece.
- Como recoñecela, signos e síntomas.
- Medidas para reducir os seus efectos.
- Hipercapnia, causas.
- Medidas para evitar a hipercapnia.
- A retención de CO2.
- CO2 propiedades e acción tóxica.
- Causas da intoxicación por CO2.

2. Instrúe sobre a utilización de mesturas respiratorias nitrox nos cursos de nivel avanzado e de especialización do mergullo deportivo, aplicando as técnicas de cálculo para establecer os seus límites de utilización, analizando os obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos utilizables.

- Obxectivos e criterios de avaliación.
- Cálculo das presións parciais.
- Cálculo da composición de mesturas.
- Descrición da acción tóxica, hiperoxia crónica e aguda do osíxeno.
- Descrición das propiedades do osíxeno como comburente.
- Vantaxes e inconvenientes do nitrox.
- Equipos en servizo de osíxeno.
- Factores que inflúen na intoxicación.
- Profundidade límite (POM).
- Cálculo TME e dos OTUs dunha inmersión.
- Procedementos de carga.
- Analizador da mestura, tipos e funcionamento.
- Etiquetado de botellas.

3. Instrúe sobre a elaboración de plans de ascenso de inmersións con descompresión nas que se utiliza aire ou nitrox, nos cursos de nivel avanzado e de especialización de mergullo deportivo, analizando os modelos e táboas de descompresión, utilizando técnicas e instrumentos específicos, e analizando obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos utilizables.

- Obxectivos e criterios de avaliación.
- Modelos de perfusión, difusión, permeabilidade variable e dos gradientes.
- Diferenzas entre os cálculos coas táboas e co ordenador.

- Ordenadores de mergullo, tipos e funcionamento.
- Utilización dun ordenador para calcular o ascenso.
- Cálculo do ascenso nunha inmersión con descompresión con aire ou nitrox no mar ou a máis de 300 m. de altitude utilizando as táboas.
- Planificación dunha inmersión con descompresión e xestión de gases no fondo.

4. Instrúe e valora as técnicas e habilidades de orientación e dirección dun equipo de mergulladores/as nos cursos de nivel avanzado e especialización de mergullo deportivo, caracterizando o que é un equipo de mergulladores/as, o/a seu/súa xefe/a e as súas funcións, demostrando técnicas específicas, analizando os obxectivos, os criterios de avaliación e identificando e corrixindo os erros na súa execución.

- Obxectivos e os criterios de avaliación.
- Equipo de mergulladores/as, formación e reparto de tarefas.
- Control da inmersión e do equipo de mergulladores/as.
- Compás subacuático, características e funcionamento.
- Técnicas de orientación pola orografía do fondo. Erros máis comúns.
- Técnicas de orientación mediante un compás. Erros máis comúns.
- Orientación na superficie da auga utilizando enfilacións ou marcacións co compás. Erros máis comúns.
- Técnicas de procura subacuática.

5. Instrúe e valora as técnicas e habilidades de mergullo en inmersións especiais: nocturnas, con retorno obrigado, sen visibilidade ou con correntes, caracterizando as súas condicións e os materiais que se utilizan, aplicando técnicas específicas e analizando os obxectivos, criterios de avaliación e recursos didácticos dos cursos de especialización de mergullo onde se imparten.

- Obxectivos e criterios de avaliación.
- Características das inmersións especiais: nocturnas, con retorno obrigado, sen visibilidade ou con correntes.
- Técnicas especiais de orientación en inmersións especiais.
- Materiais especiais: carretes, boias, globos, sistemas de iluminación.
- Técnicas especiais de comunicación en inmersións especiais.
- Técnicas de manipulación de carretes e colocación cabo guía.
- Técnicas para lanzar unha boia desde o fondo. Erros máis comúns.
- Técnicas para mover pesos polo fondo utilizando globos.
- Desprazamento na auga con correntes.

**Módulo específico de ensino deportivo: Seguridade nos cursos de mergullo deportivo**

**Nivel: Ciclo final de ensino deportivo**

**Código: MED-ASBD205**

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Instrúe sobre a prevención de riscos no mergullo deportivo xustificando as normas de seguridade que deben cumprirse e aplicando técnicas de valoración das actitudes sobre seguridade.

a) Explicáronse e xustificáronse a importancia das normas xerais de seguridade que deben cumprirse en todas as inmersións aos/ás alumnos/as dun curso de nivel básico de mergullo deportivo utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren convenientemente.

b) Explicáronse e xustificáronse a importancia das normas de seguridade específicas que deben cumprirse nas inmersións con descompresión aos/ás alumnos/as dun curso de nivel avanzado de mergullo deportivo utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren convenientemente.

c) Explicáronse e xustificáronse a importancia das normas de seguridade específicas que deben cumprirse nas inmersións nocturnas aos/ás alumnos/as dun curso de especialización en mergullo nocturno utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren convenientemente.

d) Explicáronse e xustificáronse a importancia das normas de seguridade específicas que deben cumprirse nas inmersións en contornas confinadas aos/ás alumnos/as dun curso de especialización en contornas confinadas utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren convenientemente.

e) Explicáronse e xustificáronse a importancia das normas de seguridade específicas que deben cumprirse nas inmersións con mesturas respiratorias nitrox aos/ás alumnos/as dun curso de especialización de mergullo con nitrox utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren convenientemente.

f) Explicáronse e xustificáronse a importancia das normas de seguridade específicas que deben cumprirse permanecendo á deriva na superficie do auga aos/ás alumnos/as dun curso de nivel avanzado utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren convenientemente.

g) Detalláronse e aplicáronse as técnicas de identificación e valoración das actitudes dos/as alumnos/as dun curso de mergullo deportivo respecto da súa seguridade e a do/a seu/súa compañeiro/a.

h) Xustificouse a importancia de promover actitudes responsables do/a mergullador/a respecto da súa seguridade e a do/a seu/súa compañeiro/a, dentro das funcións do persoal técnico.

i) Valorouse a importancia de dar exemplo no cumprimento das normas de seguridade ao longo do desenvolvemento do curso.

j) Interiorizouse a importancia de persuadir aos/ás alumnos/as dun curso de

mergullo deportivo de que cumpran todas as normas de seguridade nas inmersións que realicen.

2. Instrúe no auxilio a un/unha compañeiro/a no fondo e na superficie durante a inmersión, nos cursos de nivel básico e avanzado de mergullo deportivo, analizando as posibles situacións de urxencia, e relacionándoas cos procedementos e secuencias de actuación, e analizando os obxectivos do curso e os recursos didácticos utilizables.

a) Clasificáronse os obxectivos dos cursos de nivel básico e avanzado de mergullo deportivo relacionados co auxilio ao/á compañeiro/a durante a inmersión, tanto no fondo como na superficie.

b) Describiuse e xustificouse cal será a resposta ante unha situación de urxencia en inmersión ou na superficie.

c) Clasificáronse e explicáronse as causas dos estados de estrés e angustia do/a mergullador/a utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren convenientemente.

d) Explicouse como actuar para que unha situación de estrés non se converta nun estado de pánico utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren convenientemente.

e) Explicouse o significado do termo autorrescate utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren convenientemente.

f) Describíronse os tipos de situacións de urxencia no fondo e na superficie nas que pode estar en perigo a vida do/a compañeiro/a de mergullo, establecendo a orde de prioridades e utilizando os exemplos e imaxes que o ilustren convenientemente.

g) Relacionáronse e xustificáronse a secuencia de actuación xeral e as actuacións particulares do/a mergullador/a con cada tipo de situación de urxencia en inmersión ou na superficie da auga.

h) Describíronse e xustificáronse as manipulacións que deben realizarse no equipo persoal de mergullo, propio e do/a accidentado/a, en función do tipo de situación de urxencia en inmersión ou na superficie do auga.

i) Demostráronse as técnicas de remolque ata a superficie e desprazamento por ela do/a compañeiro/a inconsciente nun suposto práctico de urxencia.

j) Relacionáronse os erros na técnica de remolque e desprazamento dun/dunha compañeiro/a inconsciente coas posibles causas, e as recomendacións e tarefas para evitalos.

k) Caracterizáronse as situacións de demostración e aprendizaxe das secuencias e técnicas de actuación do/a mergullador/a en situacións de urxencia tendo en conta as características dos cursos de mergullo.

l) Xustificouse a importancia de instruír sobre o rescate dun/dunha mergullador/a polo/a seu/súa compañeiro/a, dentro das funcións do persoal técnico.

3. Instrúe sobre primeiros auxilios específicos nun accidente de mergullo nos cursos de nivel básico, avanzado e de especialización de mergullo deportivo, explicando as medidas que deben tomar, as técnicas específicas de primeiros auxilios, e analizando os obxectivos dos cursos e os exemplos e imaxes que facilitan a súa aprendizaxe.

a) Clasificáronse os obxectivos dos cursos de iniciación e consolidación ao mergullo, relacionados coa administración dos primeiros auxilios específicos na superficie.

b) Explicouse como se concretan as medidas xerais de actuación nun accidente de mergullo deportivo considerando as condicións en que se produce mediante exemplos e imaxes.

c) Interiorizouse a importancia de persuadir aos/ás alumnos/as dun curso de mergullo para que ante un/unha accidentado/a reaccionen seguindo as medidas xerais de actuación.

d) Explicouse en que consiste a cadea de supervivencia utilizando exemplos e imaxes.

e) Explicouse a clasificación dos accidentes que poden ocorrer durante a práctica do mergullo deportivo en función das causas e do risco vital existente.

f) Caracterizáronse os accidentes de mergullo deportivo que requiren a administración de osíxeno normobárico.

g) Identificáronse os efectos da administración de osíxeno normobárico nos casos de afogamento, sobrepresión pulmonar e enfermidade descompresiva.

h) Demostrouse a forma de preparar e utilizar o equipo de administración de osíxeno normobárico nun suposto práctico caracterizado polo número de mergulladores/as afectados/as e o seu estado de consciencia.

i) Demostráronse as técnicas de subministración de osíxeno normobárico nun suposto práctico caracterizado polo número de mergulladores/as afectados/as e o seu estado de consciencia.

j) Identificáronse as precaucións que se deben seguir cando se manipulan os equipos de administración de osíxeno normobárico, identificando os erros máis habituais e as súas causas.

k) Caracterizáronse as simulacións nas que se aplican as técnicas de administración de osíxeno normobárico tendo en conta os obxectivos de aprendizaxe.

l) Detectáronse os erros na administración de osíxeno nun suposto práctico de simulación de accidente dun/dunha mergullador/a, e expuxéronse as recomendacións para evitalos.

m) Interiorizouse a importancia de transmitir aos/ás alumnos/as a necesidade da administración de osíxeno nos primeiros auxilios dun accidente de mergullo.

4. Elabora os protocolos de actuación e o plan de evacuación para as actividades dos cursos de nivel básico, avanzado e de especialización de mergullo deportivo analizando as súas características e aplicando a normativa sobre seguridade.

a) Valorouse a importancia que teñen as decisións e actuacións do/a director/a dun curso de mergullo deportivo en relación coa seguridade de todos/as os/as participantes.

b) Describíronse os tipos de situacións de urxencia que se poden producir unha vez que se atopa fóra da auga o/a accidentado/a durante o desenvolvemento dun curso de mergullo deportivo indicando as actuacións que se deben seguir en cada unha delas.

c) Identificouse a normativa vixente en materia de seguridade e prevención de riscos relacionada coas instalacións acuáticas, centros e embarcacións de mergullo.

d) Identificáronse as entidades e servizos que poden prestar auxilio en caso de accidente durante un curso de mergullo deportivo explicando como se pode contactar con elas e o tipo de auxilio que poden prestar.

e) Analizáronse as características dos protocolos de urxencia e plans de evacuación dos diferentes tipos de curso de mergullo.

f) Redactáronse os protocolos de urxencias e o plan de evacuación dun suposto práctico de curso de mergullo, tendo en conta as características do mesmo.

**Contidos básicos:**

1. Promove a seguridade dos/as mergulladores/as que superan os cursos de nivel básico, avanzado e de especialización, analizando as normas de seguridade que deben cumprirse, aplicando técnicas de valoración das actitudes e dos procedementos de previsión.

- Normas xerais de seguridade.
- Normas de seguridade específicas na planificación e realización de inmersións con descompresión.
- Normas de seguridade específicas na planificación e realización de inmersións con mesturas respiratorias nitrox.
- Normas de seguridade específicas nas inmersións nocturnas e con pouca visibilidade.
- Normas de seguridade específicas que deben cumprirse nas inmersións en contornas confinadas.
- Normas de seguridade específicas en situacións de deriva na superficie da auga.
- A seguridade baseada no sistema de compañeiros/as.
- Comportamento responsable.

2. Instrúe sobre como auxiliar a un/unha compañeiro/a no fondo e na superficie durante a inmersión, nos cursos de nivel básico e avanzado, analizando as posibles situacións de urxencia e relacionándoas cos procedementos e secuencias de actuación, e analizando os obxectivos do curso e os recursos didácticos utilizables.

- Obxectivos dos cursos de mergullo relacionados co auxilio a un/unha compañeiro/a.
- Estrés, angustia e pánico no mergullo.
- Actuacións para impedir o pánico.
- Autorrescate.
- Catálogo de situacións de urxencia no fondo e na superficie.
- Secuencia de actuación xeral para solucionar unha situación de urxencia.
- Respostas a cada de situación de urxencia do catálogo.
- Técnicas de rescate e remolque. Erros, causas e tarefas de aprendizaxe e corrección.
- Situacións simuladas de demostración e aprendizaxe das formas de actuación en situacións de urxencia.

3. Instrúe sobre primeiros auxilios específicos nun accidente de mergullo nos cursos de nivel básico, avanzado e de especialización aplicando os criterios de valoración do/a accidentado/a e as técnicas específicas de primeiros auxilios analizando os obxectivos dos cursos e os exemplos e imaxes que facilitan a súa aprendizaxe.

- Obxectivos dos cursos de mergullo, relacionados coa administración dos primeiros auxilios específicos na superficie.
- Medidas xerais de actuación.
- Cadea de supervivencia.
- Clasificación dos accidentes de mergullo. Características dos accidentes.
- Efectos da administración de osíxeno normobárico nos casos de afogamento, sobrepresión pulmonar e enfermidade descompresiva.
- Equipo de administración de osíxeno normobárico: botella, manoredutor, mascarillas e outros compoñentes.
- Técnicas e precaucións na subministración de osíxeno normobárico.
- Erros na subministración de osíxeno normobárico.
- Situacións simuladas de demostración e aprendizaxe da administración de osíxeno normobárico.

4. Elabora os protocolos de actuación e o plan de evacuación para as actividades dos cursos de nivel básico, avanzado e de especialización analizando as súas características e aplicando a normativa sobre seguridade.

- Situacións de urxencia fóra da auga que poden ocasionarse nun curso de mergullo, actuacións. Tipos, causas, medidas preventivas.
- Normativa en materia de seguridade e prevención de riscos relacionadas coas instalacións acuáticas, centros e embarcacións de mergullo.
- Entidades e servizos que poden prestar auxilio en caso de accidente durante un curso de mergullo deportivo.
- Contidos e estrutura dos protocolos de urxencias e o plan de evacuación.
- Repercusión das decisións correctas e incorrectas.
- Responsabilidade do/a director/a de curso. Normativa aplicable.

**Módulo específico de ensino deportivo: Preparación física do/a mergullador/a deportivo/a**

**Código: MED-ASBD206**

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Valora a condición física do/a mergullador/a deportivo/a, identificando as capacidades das que depende o seu rendemento, aplicando probas e test de campo, e analizando os seus resultados.

a) Identificáronse as capacidades condicionais das que depende a condición física específica do/a mergullador/a.

b) Describíronse as características das capacidades condicionais das que depende a condición física específica do/a mergullador/a.

c) Describíronse as características dos test e probas específicas de valoración das capacidades condicionais das que depende a condición física específica do/a mergullador/a.

d) Aplicáronse test ou probas específicas de valoración das capacidades condicionais das que depende a condición física específica do/a mergullador/a.

e) Describíronse as normas de seguridade que se deben observar durante a realización de test ou probas específicas de valoración das capacidades condicionais das que depende a condición física específica do/a mergullador/a.

f) Identificáronse signos indicadores de risco antes e durante a execución das probas ou test específicos de valoración das capacidades condicionais das que depende a condición física específica do/a mergullador/a.

g) Valoráronse, nun suposto práctico de secuencia de medición da condición

física específica dun/dunha mergullador/a, os cambios observados nas diferentes medicións xustificando as posibles relacións causa-efecto.

h) Elaboráronse instrumentos de recolleita da información sobre a condición física específica do/a mergullador/a durante a práctica deportiva.

i) Describíronse os conceptos estatísticos básicos necesarios para o tratamento da información obtida na valoración da condición física.

j) Aplicáronse as técnicas de tratamento e procesamento estatístico básico da información obtida.

k) Seleccionáronse as técnicas de tratamento estatístico adecuadas ao tipo de información obtida e á finalidade da valoración.

l) Interiorizouse a necesidade de transmitir a información sobre a valoración dos/as deportistas de forma eficaz, discreta e reforzando a súa autoestima.

2. Adapta e concreta ciclos e sesións de adestramento da condición física do/a mergullador/a, analizando a programación de referencia, a metodoloxía, os medios específicos de preparación e aplicando procedementos.

a) Describíronse os obxectivos de desenvolvemento da condición física do/a mergullador/a nas programacións de referencia de preparación física.

b) Identificáronse as funcións dos instrumentos e medios de control da condición física do/a mergullador/a dentro da programación de referencia.

c) Relacionáronse os medios específicos de mellora da condición física do/a mergullador/a cos obxectivos da programación de referencia.

d) Explicáronse as características dos métodos específicos de desenvolvemento das capacidades condicionais das que depende a condición física específica do/a mergullador/a.

e) Seleccionáronse as características específicas dunha sesión de desenvolvemento da condición física do/a mergullador/a.

f) Definíronse os exercicios cos parámetros de carga adaptados ás necesidades dun/dunha mergullador/a.

g) Elaborouse un ciclo de preparación física completa, a partir dunha programación de referencia, concretando: obxectivos, medios, métodos, instrumentos de control e dinámica da carga.

h) Relacionouse a evolución dun/dunha mergullador/a cos obxectivos previamente establecidos, verificando que o programa de adestramento se axusta aos mesmos.

i) Asumiuse a programación como factor de eficacia e calidade na planificación do adestramento da condición física do/a mergullador/a.

3. Dirixe sesións de desenvolvemento da condición física do/a mergullador/a aplicando técnicas de dirección, seguindo unha programación de referencia e aplicando técnicas de autoavaliación.

a) Analizáronse as diferentes técnicas específicas de organización das sesións

de desenvolvemento da condición física do/a mergullador/a con especial atención a: a disposición do persoal técnico en función do material, a optimización do espazo e do material e o mantemento do nivel de práctica programado.

b) Describíronse as características que debe cumprir a información, cando se utilizan métodos de desenvolvemento da condición física do/a mergullador/a.

c) Dirixiuse unha sesión simulada de desenvolvemento da condición física do/a mergullador/a, de acordo co previsto na programación.

d) Analizáronse as incidencias máis habituais nas sesións que desenvolven a condición física do/a mergullador/a, relacionándoas coas causas e posibles medidas para a súa solución.

e) Analizáronse as actitudes e accións de motivación máis adecuadas nas sesións que desenvolven a condición física do/a mergullador/a.

f) Identificáronse os criterios de calidade na organización e dirección de sesións que desenvolven a condición física do/a mergullador/a.

g) Analizouse o comportamento do persoal técnico deportivo na dirección de sesións de preparación física do/a mergullador/a, utilizando diferentes medios de rexistro da información e identificando os erros e propoñendo alternativas.

**Contidos básicos:**

1. Valora a condición física do/a mergullador/a, identificando as capacidades das que depende o seu rendemento, aplicando probas e tests de campo, e analizando os seus resultados.

- Factores condicionais que inciden na condición física e deportiva do/a mergullador/a.
- Características das capacidades condicionais en mergullo deportivo.
- Elaboración de instrumentos de recolleita de información: probas de nivel, test, cuestionarios, observación. Características e aplicación.
- Normas de seguridade; prevención de riscos na elaboración e aplicación dos test.
- Interpretación de resultados.
- Estatística básica: conceptos, análises e interpretación de datos.
- Evolución da forma deportiva.
- Información ao/á deportista.

2. Adapta e concreta sesións de adestramento da condición física do/a mergullador/a, analizando a programación de referencia, a metodoloxía, os medios específicos de preparación e aplicando procedementos.

- Obxectivos do desenvolvemento da condición física do/a mergullador/a.

- Medios específicos de adestramento en mergullo deportivo.
- Métodos específicos do adestramento do mergullo deportivo.
- Periodización da preparación física do/a mergullador/a.
- Sesión de adestramento.
- Cargas: Adaptacións ao/á mergullador/a.

3. Dirixe sesións de desenvolvemento da condición física do/a mergullador/a aplicando técnicas de dirección, seguindo unha programación de referencia e aplicando técnicas de autoavaliación.

- Técnicas de organización de sesións de preparación física.
- Información ao/á mergullador/a no desenvolvemento da sesión.
- A sesión de adestramento da preparación física; incidencias e solucións.
- Actitudes e accións motivadoras na sesión de adestramento no mergullo deportivo.
- Criterios de calidade na organización e dirección das sesións de adestramento en mergullo.
- Papel do persoal técnico no desenvolvemento da sesión de condición física: autoavaliación.

**Módulo específico de ensino deportivo: Formación práctica**

**Código: MED-ASBD207**

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Identifica a estrutura organizativa e o funcionamento do centro de prácticas de mergullo deportivo (club, federación, escola, centro de mergullo …) relacionándoa coa oferta de cursos de mergullo deportivo e as actividades de xestión do mesmo.

a) Identificáronse as relacións do centro de prácticas de mergullo deportivo coa federación española de actividades subacuáticas ou cos centros de formación autorizados para o ensino do mergullo deportivo.

b) Identificáronse as vías de apoio institucional (local e autonómico) utilizadas polo centro de prácticas de mergullo deportivo.

c) Identificouse a estrutura organizativa e o funcionamento das distintas áreas do centro deportivo de prácticas.

d) Identificáronse as relacións xerárquicas dentro do centro de prácticas de mergullo deportivo.

e) Identificouse a oferta de actividades vinculadas aos cursos de mergullo deportivo.

f) Identificáronse as vías de financiamento económico utilizadas polo centro de prácticas de mergullo deportivo.

g) Valorouse a importancia de coñecer o funcionamento do centro de prácticas

e as súas relacións con outros organismos.

2. Actúa con autonomía, iniciativa e responsabilidade no posto de traballo, demostrando comportamento ético, habilidades persoais de comunicación, traballo en equipo, respecto polo medio, e aplicando os procedementos establecidos polo centro de prácticas de mergullo deportivo.

a) Identificáronse os requirimentos actitudinais do posto de traballo.

b) Interpretáronse e cumpríronse as instrucións recibidas, e responsabilizouse do traballo asignado.

c) Demostrouse compromiso co traballo ben feito e a calidade do servizo, así como respecto aos procedementos e principios propios do centro de prácticas de mergullo deportivo.

d) Demostrouse capacidade de traballo en equipo e respecto á xerarquía establecida no centro de prácticas de mergullo deportivo.

e) Estableceuse unha relación eficaz co persoal do centro de prácticas, mantendo un trato fluído e correcto.

f) Coordinouse co resto do persoal técnico deportivo que participa na instrución dos/as mergulladores/as, informando de calquera cambio, necesidade relevante ou imprevisto que se presente na actividade.

g) Mantívose unha actitude clara de respecto ao medio nas actividades desenvolvidas e aplicáronse as normas internas e externas vinculadas á mesma.

3. Controla a seguridade nas actividades de instrución, descubrimento e condución do mergullo deportivo supervisando as instalacións e medios utilizados, interpretando a normativa e instrucións asociadas e aplicando os procedementos e protocolos de urxencias.

a) Aplicáronse normas de seguridade específicas das actividades subacuáticas nas actividades de instrución no centro de prácticas de mergullo deportivo.

b) Aplicáronse as normas de previsión de riscos das instalacións deportivas, embarcacións e lugares de inmersión do centro de prácticas de mergullo deportivo.

c) Sinalizáronse as zonas de prácticas garantindo a seguridade dos/as participantes.

d) Puxéronse en marcha e aplicáronse nunha situación de urxencia simulada os plans de urxencia e evacuación da instalación deportiva, dos lugares de inmersión do centro deportivo de prácticas de mergullo, seguindo as instrucións e normas establecidas.

e) Actuouse atendendo á seguridade persoal, do equipo de traballo e dos/as usuarios/as, cumprindo coa normativa vixente e cos protocolos establecidos no centro de prácticas.

f) Utilizáronse os equipos de prevención de riscos laborais propios do centro de prácticas de mergullo deportivo.

g) Seguíronse os procedementos de comprobación do estado e funcionamento dos equipos dos/as mergulladores/as aplicando os criterios establecidos e a normativa de aparellos a presión.

h) Identificáronse as condicións ambientais necesarias para determinar a viabilidade do desenvolvemento dunha sesión práctica de aprendizaxe nun curso de mergullo aplicando procedementos establecidos e a normativa de seguridade.

i) Identificáronse e aplicáronse as medidas de protección do medio do centro de prácticas de mergullo deportivo e a súa adecuación á normativa vixente.

j) Velouse pola protección das persoas e o medio nas actividades de instrución do mergullo deportivo.

4. Adapta e concreta os programas e instrúe en cursos de nivel básico, avanzado e de especialización de mergullo deportivo interpretando a información recibida, aplicando a metodoloxía e criterios de avaliación establecidos na programación xeral e certificando aos/ás alumnos/as que cubriron os obxectivos.

a) Elaborouse a programación dun curso completo de mergullo deportivo a partir da programación xeral de referencia do centro deportivo de prácticas, concretando:

- Obxectivos do curso.
- Medios materiais e de instalacións.
- Horarios e sesións de aprendizaxe.
- Instrumentos para a cualificación dos/as alumnos/as e adecuándose ás características dos/as alumnos/as e do centro deportivo de prácticas.

b) Identificáronse e seleccionáronse os obxectivos de aprendizaxe nunha sesión teórica ou práctica dos cursos de mergullo a partir da programación de referencia.

c) Concretouse o programa dunha sesión práctica ou teórica de aprendizaxe nos cursos de mergullo seguindo a programación de referencia, adaptándoa aos/ás alumnos/as e ás condicións materiais existentes.

d) Seleccionáronse os medios e recursos necesarios no desenvolvemento dunha sesión práctica ou teórica de aprendizaxe nun curso de mergullo.

e) Comportouse ante os/as alumnos/as con respecto e empatía, motivándoos e identificando as súas demandas e necesidades.

f) Valoráronse os coñecementos e o dominio técnico dos/as alumnos/as dos cursos de mergullo deportivo, identificando o seu estado inicial e os erros cometidos, e certificando o grao de consecución dos obxectivos propostos.

g) Instruíuse durante unha sesión teórica ou práctica dun curso de mergullo, solucionando as continxencias existentes, aplicando técnicas de comunicación, motivación e dinámica de grupos conseguindo a participación e o rendemento conforme aos obxectivos propostos.

h) Demostráronse as tarefas propostas, executándoas segundo as accións técnicas e os procedementos establecidos.

i) Demostrouse interese por promover a práctica do mergullo autónomo deportivo aos/ás alumnos/as dos cursos.

j) Demostrouse interese por transmitir o respecto á saúde persoal, aos demais e á contorna a través da práctica do mergullo deportivo.

k) Valorouse o desenvolvemento da sesión de aprendizaxe dun curso de mergullo aplicando procedementos de recolleita e procesamento de información, elaborando informes e propoñendo melloras.

5. Organiza actividades de descubrimento do mergullo autónomo para persoas con minusvalidez, aplicando recursos que fomenten a súa participación en función das súas limitacións.

a) Valorouse a importancia de atender ás características únicas da persoa con minusvalidez previamente á realización da práctica deportiva do mergullo autónomo.

b) Orientouse ás persoas con minusvalidez cara ás prácticas deportivas máis adecuadas en cada caso.

c) Determináronse as axudas técnicas e as medidas de seguridade específicas segundo os diferentes tipos de minusvalidez e as características da práctica deportiva do mergullo autónomo.

d) Establecéronse as principais orientacións metodolóxicas en relación á comunicación e a participación na tarefa das persoas con minusvalidez.

e) Aplicáronse procedementos de adaptación das tarefas e xogos favorecendo a participación, o goce e as posibilidades de éxito de persoas con minusvalidez na práctica deportiva do mergullo autónomo.

f) Identificáronse as principais limitacións cara á práctica provocadas pola falta de accesibilidade nas instalacións e espazos deportivos no centro deportivo de prácticas.

g) Examináronse as limitacións orixinadas pola falta de acceso á información da oferta deportiva do mergullo autónomo e a difusión da práctica no centro deportivo de prácticas.

h) Propiciouse unha actitude positiva cara á inclusión por parte de compañeiros/as, persoal técnico, as propias familias e as institucións cara á práctica deportiva de mergullo autónomo de persoas con minusvalidez.

6. Coordina e organiza os cursos de nivel básico, avanzado e de especialización de mergullo deportivo, de acordo coas características dos/as alumnos/as, a contorna e intereses do centro de prácticas.

a) Programáronse os cursos de nivel básico, avanzado e de especialización de mergullo deportivo de acordo coa programación xeral, as características dos/as alumnos/as, a contorna e os intereses do centro de prácticas.

b) Presupostáronse os cursos de nivel básico, avanzado e de especialización

XUNTA DE GALICIA

de mergullo deportivo de acordo coas características dos cursos e os medios existentes no centro de prácticas.

c) Seleccionáronse e supervisáronse a operatividade das instalacións, lugares de inmersión e medios materiais e humanos necesarios para levar a cabo a programación dos cursos do centro de prácticas.

d) Elaborouse a información que se debe transmitir aos/ás alumnos/as para inscribirse, saber o material que teñen que levar e permanecer orientados durante o desenvolvemento de cada curso.

e) Realizáronse as comprobacións e tramitacións da documentación dos/as alumnos/as dos cursos que se imparten no centro de prácticas.

f) Xestionáronse os permisos e a contratación de servizos necesarios para levar a cabo a programación dos cursos do centro de prácticas.

g) Velouse polo cumprimento dos programas, a limitación dos gastos e os compromisos cos/coas alumnos/as dos cursos do centro de prácticas.

h) Valorouse o desenvolvemento dun curso; o seu programa e os resultados finais aplicando técnicas de recolleita de información e elaboración de informes.

## Anexo IV

## Ratio profesorado/alumnado

| Bloque específico ciclo inicial | Ratio profesorado/alumnado |
|---|---|
| MED-ASBD102- Contorna natural do mergullo deportivo. | 1/30 |
| MED-ASBD103- Organización de actividades de descubrimento e condución de mergullo deportivo. | 1/15 |
| MED-ASBD104- Condución subacuática. | 1/10 |

| Bloque específico ciclo final | Ratio profesorado/alumnado |
|---|---|
| MED-ASBD201- Escola de mergullo deportivo. | 1/30 |
| MED-ASBD202- Programación da formación no mergullo deportivo. | 1/15 |
| MED-ASBD203- Instrución no nivel básico de mergullo deportivo. | 1/8 |
| MED-ASBD204- Instrución no nivel avanzado de mergullo deportivo. | 1/8 |
| MED-ASBD205- Seguridade nos cursos de mergullo deportivo. | 1/8 |

## Anexo V

## Acceso módulo formación práctica

| Acceso módulo formación práctica | Módulos a superar |
|---|---|
| Ciclo inicial<br>MED-ASBD105- Formación práctica. | Bloque común:<br>• MED-C101- Bases do comportamento deportivo.<br>• MED-C102- Primeiros auxilios.<br>Bloque específico:<br>• MED-ASBD102- Contorna natural do mergullo deportivo.<br>• MED-ASBD103- Organización de actividades de |

| | |
|---|---|
| | descubrimento e condución de mergullo deportivo.<br>• MED-ASBD104- Condución subacuática. |
| Ciclo final<br>MED-ASBD207- Formación práctica. | Bloque común:<br>• MED-C201- Bases da aprendizaxe deportiva.<br>• MED-C202- Bases do adestramento deportivo.<br>• MED-C203- Deporte adaptado e minusvalidez.<br>Bloque específico:<br>• MED-ASBD201- Escola de mergullo deportivo.<br>• MED-ASBD202- Programación da formación no mergullo deportivo.<br>• MED-ASBD203- Instrución no nivel básico de mergullo deportivo.<br>• MED-ASBD204- Instrución no nivel avanzado de mergullo deportivo.<br>• MED-ASBD205- Seguridade nos cursos de mergullo deportivo. |

## Anexo VI A

## Espazos e equipamentos mínimos do ciclo inicial

*Espazos: Ciclo inicial*

| Espazo formativo | Superficie – $m^2$ 30 alumnos/as | Superficie – $m^2$ 20 alumnos/as | Módulo de ensinanza deportiva |
|---|---|---|---|
| Aula polivalente | 60 | 40 | Módulos de ensinanza deportiva dos bloques común e específico do ciclo inicial. |
| Ximnasio | 120 | 90 | MED-C101- Bases do comportamento deportivo.<br>MED-C102- Primeiros auxilios.<br>MED-C103- Actividade física adaptada e minusvalidez. |
| Piscina | 300 | 200 | MED-ASBD102- Contorna natural do mergullo deportivo.<br>MED-ASBD103- Organización de actividades de descubrimento e condución de mergullo deportivo.<br>MED-ASBD104- Condución subacuática. |

| Espazo formativo | Módulo de ensinanza deportiva |
|---|---|
